

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 133

Sesión plenaria
5 de xullo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.4 54422 (11/PNP-004516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre acordos que se propoñen para a súa adopción por parte do Parlamento de Galicia ante a apertura de dilixencias no xulgado contra varios directivos da CRTVG por acoso moral e laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

4.5 54478 (11/PNP-004524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a materialización por parte do Goberno galego das promesas de axudas directas aos produtores da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega logo das súas mobilizacións do mes de abril de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

4.6 54496 (11/PNP-004526)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 5627 (11/INT-000381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

5.2 53835 (11/INT-002594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023



5.3 54463 (11/INT-002635)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 54825 (11/POPX-000113)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións estratéxicas do seu Goberno ata o final desta lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

6.2 54829 (11/POPX-000114)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a atención do Goberno galego aos retos que Galicia ten por diante

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 53546 (11/POP-008229)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre a situación administrativa dos axentes ambientais pertencentes ás consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

7.2 51347 (11/POP-007941)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis**

Sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

7.3 54347 (11/POP-008318)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a situación en que se atopan os servizos e as infraestruturas ferroviarias en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

7.4 54813 (11/PUP-000349)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a adxudicación de transporte escolar a Monbus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023



7.5 54241 (11/POP-008307)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis**

Sobre a xestión que o Goberno de España está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

7.6 54822 (11/PUP-000350)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre o cumprimento da lexislación vixente no caso da mina de San Finx en Lousame

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

7.7 52215 (11/POP-008067)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre o novo modelo de competencias profesionais docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

7.8 54629 (11/POP-008345)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaseis deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura dunha vacante no cadro de facultativos do Centro de Saúde de Lousame

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 510, do 21.06.2023

7.9 46095 (11/POP-006915)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2001, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións estratéxicas do seu goberno ata o final da lexislatura. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención do Goberno galego aos retos que Galicia ten por diante. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre acordos que se propoñen para a súa adopción por parte do Parlamento de Galicia ante a apertura de dilixencias no xulgado contra varios directivos da CRTVG por acoso moral e laboral. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 26.) e *Sra. Pomar Tojo (P).* (Páx. 29.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a materialización por parte do Goberno galego das promesas de axudas directas aos produtores da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega logo das súas mobilizacións do mes de abril de 2023. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 37.) e *Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 40.)

O señor Seco García (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 46)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Torrado Quintela (S)* (Páx. 50.) e *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 53.)

Nova intervención do señor Pazos Couñago (P). (Páx. 56.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación das rías galegas e do marisqueo: *rexeitada por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización de vivenda baleira: *rexeitada por 17 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España no que atinxe á planificación da rede de transporte eléctrico: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre acordos que se propoñen para a adopción por parte do Parlamento de Galicia ante a apertura de dilixencias no xulgado contra varios directivos da CRTVG por acoso moral e laboral: *rexeitada por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a materialización por parte do Goberno galego das promesas de axudas directas aos produtores da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega logo das súas mobilizacións do mes de abril de 2023: *rexeitada por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

A señora Prado Cores (BNG) solicita a votación por separado dos puntos 3 e 4 da proposición non de lei presentada polo G. P. Popular de Galicia que se vai votar a continuación. (Páx. 60.)

Votación dos puntos 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos dé-



ficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria: *aprobados po 41 votos a favor, 14 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación dos puntos 1, 2 e 5 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria: *aprobada por 58 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 61.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 65.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 69.)

Interpelación de D^a María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 71.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 74.)

Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 80.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 82.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 85.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 91.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación administrativa dos axentes ambientais pertencentes ás consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 95.)



Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 96.)

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 100.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopan os servizos e as infraestruturas ferroviarias en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 103.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a adxudicación de transporte escolar a Monbus. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a xestión que o Goberno de España está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Sanz Arias (P)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Sanz Arias (P)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 112.)



Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da lexislación vixente no caso da mina de San Fins, en Lousame. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 116.)

Pregunta de D^a María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o novo modelo de competencias profesionais docentes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 120.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaseis deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura dunha vacante no cadro de facultativos do Centro de Saúde de Lousame. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2001, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 128.)

Remata a sesión ás cinco e corenta e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto 6º, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións estratéxicas do seu goberno ata o final da lexislatura

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Quero saudar particularmente a señora Rivo e o señor Villares como novos conselleiros do Goberno de Galicia.

Señor Rueda, levamos case tres anos desta lexislatura, que foi un tempo máis que suficiente para que Galicia, para que as galegas e os galegos, visen un avance na mellora das súas condicións de vida. Pero foi un tempo no que o Goberno galego preferiu dedicarse a criticar e a votar en contra dos intereses de Galicia e a non facer, en realidade, nada verdadeiramente útil por esta comunidade autónoma.

Simplemente non están vostedes do lado correcto da historia, porque ao único que se dedicaron durante estes anos foi a confrontar directamente co Goberno central e a facer críticas absolutamente infundadas. Porque vostedes presumen de que defenden os intereses de Galicia e os intereses de España. Din que poñen en marcha actuacións estratéxicas e que defenden os pensionistas deste país, a sanidade pública, a igualdade, o emprego, a vivenda, a educación, a sanidade, que loitan contra o despoboamento do rural, que defenden a innovación e investigación, etcétera, etcétera. Pero iso, señor presidente, non se compadece directamente coa realidade.

Mire, Galicia conta cuns datos altamente preocupantes en canto a risco de pobreza, particularmente entre o segmento de poboación entre os 16 e 24 anos, e, ademais, sitúase á cabeza de España con máis xubilados en risco de penuria económica. Por se fose pouco, Galicia tamén conta cunha importante brecha de xénero, non só no emprego, senón tamén nas pensións, cunha diferenza media de 400 euros entre mulleres e homes.

En sanidade, ¿de que presumen vostedes, señor Rueda? Poden estar orgullosos de que a situación das listas de espera nos hospitais do Sergas sexa inadmisíble —así, inadmisíble—. Segundo o Consello Económico e Social, temos listas de espera de 75,4 días no ano 2022,



por non falar da perda de calidade en atención primaria, empeorando esa situación nas zonas rurais.

Tanto se preocupan polo emprego que nos anos de goberno do Partido Popular se perderon 40.000 empregos industriais. En educación, por primeira vez en anos, increméntase a taxa de abandono escolar. ¿E que dicir da situación moi precaria, literalmente, en canto ao gasto en I+D na Comunidade Autónoma, onde non só retrocedemos a nivel europeo, senón que tamén empeoramos na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal?

E, mentres tanto, vostedes votan en contra da subida das pensións mínimas non contributivas, de encher de novo a hucha das pensións e da revalorización das pensións co IPC; votan en contra da subida do salario mínimo interprofesional e da reforma laboral; votan en contra da redución da brecha de xénero; votan en contra da limitación da subida dos alugueiros; votan en contra da colaboración entre as administracións; votan en contra da subida das tarifas eléctricas... Tanto votan en contra que está o botón vermello desgastado.

Miren, esta é a nefasta situación que están a vivir as galegas e os galegos como consecuencia de case tres anos de mandato no que o seu goberno foi incapaz de elaborar políticas que favorecesen realmente a comunidade autónoma. Preocúpanse, sen fundamento, de atacar o Goberno do Estado, que conseguiu unha mellora substancial importantísima, nunhas condicións sen precedentes para toda España, tamén para Galicia.

E agora, por se fose pouco, queren unha España en retroceso, unha Galicia en retroceso, apoiando discursos en contra da igualdade, da liberdade e contribuíndo a discursos de odio. É realmente enternecedor que o seu partido vote a favor de impedir a exposición dunha película infantil porque dúas mulleres se dan un bico e teñen unha relación afectiva. Votan en contra de que se poñan bandeiras para defender o colectivo LGTBI e os seus dereitos. Queren unha España, unha sociedade, sen dereitos para eses colectivos, e con menos dereitos para unha sociedade en xeral. Onte mesmo votaron vostedes en contra de rexeitar posturas negacionistas da violencia machista e da promoción da igualdade neste Parlamento de Galicia.

Así que, en definitiva, señor Rueda, señor presidente, quixera saber cales van ser as actuacións estratéxicas —se é que as ten— do seu goberno ata o final de lexislatura; actuacións que corrixan os erros na orientación das políticas que teñen como resultado os datos aos que me acabo de referir e que limiten o impacto das políticas regresivas que o seu partido parece estar apoiando.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Álvarez, escoitándoo, un pensaría que vostedes estarían encantados de que Vox tivese presenza institucional en Galicia, (*Murmurios*.) pero non vai poder ser; síntoo moito, ¡non vai poder ser! Vostedes, aínda así, quéreno meter —a ver se son capaces— con calzador, para facer o de sempre, o que levan facendo moito tempo... Non vostedes, porque aquí, afortunadamente, non temos esa situación, pero si o seu partido, a ver se, a custa diso, poden medrar, poñendo de manifesto non sei que contradicións. Sabe de sobra que este partido non ten absolutamente ningunha dúbida na loita contra a violencia machista, que está a favor da igualdade... ¡Un pouco de seriedade, señor Álvarez!

Póñanse vostedes de acordo tamén. Pinta vostede un panorama horrible en Galicia. Oia, a semana pasada —que vostede non puido facer a pregunta— a súa viceportavoz dixo que Galicia ía ben. ¿Con cal das dúas versións quedo, señor Álvarez? Si, si. Dixo que Galicia ía ben; iso si, a pesar da Xunta, pero que Galicia vai ben. Entón, este panorama horrible non é moi fácil de entender.

Igual que, mire, non é fácil de entender, porque vostede me pregunta polas actuacións estratéxicas de aquí ao final da lexislatura, e nunha sesión anterior díxome que tiña que convocar eleccións canto antes. Entón, ¿que hai que facer?, ¿hai que acabar con isto canto antes ou hai que durar o máximo posible?

Non se poñen vostedes de acordo, señor Álvarez; teñen un caos no seu partido que lles impide, incluso, saber o que lles convén a vostedes, por suposto. Porque vostedes isto non o fan en interese de Galicia, fano, como o fai o señor Sánchez, o seu xefe, con óptica puramente partidista, electoral: cando teñen que ser as eleccións, canto ten que durar unha lexislatura, que se pode facer. Mire, se eu fose como o señor Sánchez, probablemente o que tería que ter feito é o que fixo el, convocar pensando no seu exclusivo interese persoal, nin sequera no do Partido Socialista, e moito menos no de España nin no de Galicia. Probablemente, á vista das enquisas, pois non nos tería ido nada mal. Pero, afortunadamente, non somos así. E mentres vostedes, e tamén o Bloque Nacionalista Galego —insisto e recordo—, están todo o día pedindo que haxa eleccións canto antes, nós o que facemos é reforzar o noso goberno, que foi o que fixemos agora.

Pregúntame cales son as actuacións prioritarias, os eixos estratéxicos. Mire, é moi fácil: todos aqueles que ten bloqueado o Goberno de Pedro Sánchez. Vostede sempre fai esa defensa preventiva, que supoño que lle mandarán facer, a vostede e a todos os grupos parlamentarios en todas as autonomías. Non, non... Dicar que o están facendo ben en cada sitio, e aquí, en Galicia, síntoo moito, señor Álvarez, pero eu sei e vostede sabe tamén que non é así, e todas as actuacións estratéxicas de verdade están paradas dende hai cinco anos, simplemente porque Galicia ao Partido Socialista en Madrid non lle interesa nada; e o último ano, especialmente, porque cren que, paralizando Galicia, paralizan algún tipo de expectativa electoral do futuro presidente do Goberno. Isto é así, señor Álvarez. Polo tanto, simplemente con dicirlle todas as que teñen paralizadas, coincidiría coas actuacións estratéxicas que queremos facer.

Na segunda parte intentarei detallar todo un pouco máis, pero mire, dígolle unha, porque estivo tan de moda como que onte mesmo vostedes non foron capaces de votar a favor dunha



lei estratéxica para Galicia, e na que tamén a evolución da súa actitude é unha boa mostra do desnorte que teñen, se me permite dicirullo.

Mire, primeiro dixeron —supoño que contendo un pouco a risa— que isto era como unha declaración de independencia, cando veu o señor Hugo Morán —que non volveu por aquí— e dixo que estabamos intentando unha declaración de independencia. Vostedes calaron, non dixeron nada; polo tanto, apoiárono. Despois, cando aprobamos a lei inicialmente, o seu secretario xeral saía dicindo que a ía apoiar porque era unha boa lei, que defendía os intereses galegos, e que os intereses de Galicia estaban por enriba dos intereses da Moncloa. Bueno, estou totalmente de acordo. E despois, demostrando ese desnorte que teñen, onte mesmo non tiveron a valentía de apoiar unha lei que dixeron —e sabían perfectamente— que era benéfica para Galicia, e aí arriba estaba o sector marisqueiro, a cadea mar-industria, alcaldes non só do Partido Popular, confraría...; en definitiva, todos os que pensan que estamos facendo ben as cousas. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señor Álvarez, na segunda parte da réplica intentarei falarlle algo máis dos obxectivos estratéxicos máis polo miúdo. En fin, é difícil contraponer. Aproveite para poñerse de acordo, insisto, coa súa portavoz. ¿Imos ben ou imos mal? Eu creo que imos ben, e que ten razón ela, aínda que vostede ten que dicir que imos mal. Pero, en todo caso, para ter un debate serio, vostedes, neste tipo de pensamentos, tamén deberían ser un pouco máis serios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente

Señor Rueda, mire, o debate do proxecto —xa lei— do litoral foi onte. Non temos tempo, evidentemente —non, non temos tempo, evidentemente—, para volver debatelos; estaría encantado.

Pero, mire, se vostede di que traemos debates que non teñen sentido en Galicia, ¿por que votaron onte en contra da moción que levou a señora Díaz para rexeitar ese tipo de planteamentos que vostedes apoian por España adiante? Votaron en contra. Polo tanto, con independencia de que Vox non teña representación nesta Cámara, si que están vostedes amparando eses pactos que se fan fóra de Galicia.

Mire, dicía vostede que non era como Sánchez. ¡Ogallá fose como Sánchez! ¡Ogallá fose como Sánchez, que mellor nos iría a todos en Galicia! (*Aplausos.*)

E con respecto á interpretación das palabras da señora Rodríguez Rumbo da semana pasada, creo que ten vostede un problema —e dígoallo desde o respecto persoal e institucional— severo de comprensión global. A ver se durante o verán fai algún tipo de actividades de recuperación para analizar globalmente o que se di e non quedar soamente cunha frase.



Pero resulta evidente que a vostedes non lles gusta oír as verdades, porque o que acabo de dicir non é un invento do Partido Socialista de Galicia, é algo que está na memoria sobre a situación económica e social de Galicia no ano 2022, do Consello Económico e Social, que preside o señor Agustín Hernández, ao que supoño que vostede coñece perfectamente. ¿Que pasaría se as afirmacións que se fan no documento de síntese dese informe as fixese o Partido Socialista de Galicia? Xa sei o que diría vostede, o que pasa é que, evidentemente, non o vai dicir. A vostedes non lles gusta escoitar as verdades.

Mire, señor Rueda, voulle poñer unhas evidencias do que é o Partido Popular, do que é o señor Núñez Feijóo e, por ende, do que vostede. Mire: *«Feijóo abraza ahora la reforma laboral que el PP estuvo a punto de tumbar; es substancialmente buena»*. ¿Sabe o que é bo? Este titular de Garamendi, que é o que lle marca a axenda ao Partido Popular cando di: *«Nosotros defenderemos la reforma laboral que hemos firmado»*. Todos recordamos a bronca durante a votación da reforma laboral, todos recordamos a señora Gamarra hiperventilando, e o último que temos estes días é a fábrica de *fake news* do Partido Popular dicindo que é substancialmente boa porque é a reforma de Fátima Báñez. ¡Carai!, se é a reforma de Fátima Báñez, ¿para que se opoñían vostedes a ela? (Aplausos.) ¿Que coherencia é esa, señor Rueda?

«El PP mantendrá el impuesto a la banca que tildó de ‘abominación ideológica’? ¿En que quedamos, señor Rueda? ¿A ou A prima? ¿Isto ou o contrario disto? «El Constitucional desestima el recurso del Partido Popular a la Ley Celaá». ¡Anda que non oín eu veces como voceiro de Educación ao anterior voceiro de Educación do Partido Popular dicir que era unha lei inconstitucional. Xa o afirmaba el, pero non parece estar moi de acordo o Tribunal Constitucional,

Unha aclaración simplemente, un titular como este: *«El PP apoya una ley de EH Bildu en el primer pleno del Parlamento Vasco tras las elecciones»*. Onte asistimos aquí a unha lección que equiparaba acordo a pacto. ¿Teñen vostedes un pacto con Bildu no País Vasco, señor Rueda? (Aplausos.) (Risos.) ¿Teñen vostedes un pacto con Bildu ou chegaron a un acordo? Porque cando o señor Sánchez chega a un acordo, para vostedes é un pacto; cando chegan vostedes, é un acordo puntual.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato, señor presidente.

Este é o señor expresidente da Xunta de Galicia, aspirante —espero que frustrado— á Presidencia do Goberno do Estado, Feijóo: *«No tengo intención de pactar con Vox, y no lo haré; es un partido que está en contra de Galicia»*. Onte: *«Feijóo dice que gobernará con Vox si necesita sus votos para la investidura»*. ¿En que quedamos, señor Rueda? Se é malo para Galicia, seguirá sendo malo para Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Déixeme soamente dez segundos.

¿Sabe cal é o problema? O seu «verán azul» está cheo de sombrillas e de toldos verdes, pero non dun verde que impida que nos queimemos debaixo da sombrilla, senón dun verde que



permea todo o peor da radiación solar; neste caso, da radiación social dun partido de ultradereita.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, é que aquí non hai verde, vólvolle dicir, por moito que lles pese, afortunadamente (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), e teñen que intentar metelo a toda custa. Pero, ¿dáse conta?

Por certo, encántame que dedique toda réplica a falar do que vai facer ou non vai facer o señor Feijóo cando sexa presidente do Goberno. (*Aplausos.*) ¡Perfecto, perfecto! Nós xa nos imos encargar de que faga o mellor para Galicia.

E iso de que ogallá nos pareceramos máis a Pedro Sánchez e ogallá Galicia tivese máis tempo de Pedro Sánchez non o cre ninguén, señor Álvarez, sinceramente. Espere dúas semanas, se non me cre, e xa verá. ¿Pero di en serio que cre que os galegos en xeral están convencidos de que Pedro Sánchez beneficiou a Galicia, incluso por enriba doutros territorios e que nos discriminou positivamente en algo, nalgunha cousa? ¿Créeo en serio, señor Álvarez? (*Murmurios.*) ¡É que de verdade!

Por certo, mire, ten sorte —non sorte, porque creo que é o normal— de que eu non teña esa pel fina, e comprendo que no debate parlamentario se din algunhas cousas que, se as dixera algún outro ou outra portavoz parlamentario, ¡a que tería que escoitar sobre esas recomendacións, sobre se eu non me entero de nada, sobre se teño que aproveitar o verán para non sei que! Ten sorte de que eu o debate parlamentario o entendo como o que é, señor Álvarez, e dinse cousas que o adversario ten que saber encaixar, sobre todo cando se pretenden tamén dicir cousas por parte dun.

Pero se o debate parlamentario ten que ser serio fóra disto, terá que responder as preguntas. Vostede xa se foi ás consignas nacionais, a falar do futuro dunha España presidida polo señor Feijóo e xa se esqueceu do que me preguntaba, que era polos obxectivos estratéxicos, e témolos, ¡témolos! Vostede non tivo tempo para falar deles, pero eu vouno intentar e, entón, voullos dicir. (*Risos.*)

Mire, o primeiro é permitir que Galicia empece a aproveitar todos eses miles de millóns de euros. Vanse vostedes do Goberno de España deixando embalsados, incapaces de mover, miles de millóns de euros, señor Álvarez, ata 30.000, e cinco, seis ou sete proxectos estratéxicos en Galicia que crearían miles de postos de traballo esperando a que vostedes se decidan. Tantas promesas, tantos circunloquios, para, ao final, non facer nada. Seguimos



esperando, igual que seguen esperando, por certo, todas as comunidades autónomas. Ese é un obxectivo estratéxico, no que eu insistirei moito co señor Feijóo cando sexa presidente do Goberno.

¿Quere máis obxectivos estratéxicos? Mire, seguir aproveitando o enorme tirón de Galicia. Galicia está de moda, pero está de moda, precisamente, non polo que vostedes queren, senón porque moita xente vén aquí e nos ve un territorio amable, con estabilidade, con seguridade, ao que se pode vir desfrutar. Estamos disparados en cifras turísticas, e, se sabemos facer as cousas con sentidiño, aínda nos irá moito mellor. E ese 12 ou 13 por cento do produto interior bruto vai ser moito máis. Ese tamén é outro obxectivo estratéxico.

¿Quere outro? Mire, algo ao que vostede non lle dá ningunha importancia, que é acompañar a oferta educativa coas necesidades do mercado de traballo, e seguir insistindo na FP, sobre todo na dual. Hoxe vimos tamén como as grandes empresas —Stellantis a última— se adecúan e colaboran coa Xunta para iso. E seguir fomentando os emprendedores, e seguir fomentando un servizo público de emprego, de calidade, que evite fraudes e que ao mesmo tempo axude realmente a quen está buscando traballo. Ese tamén é un obxectivo estratéxico para Galicia.

¿Quere máis? Seguir contendo o déficit público —é fundamental— para fortalecer os servizos, para que cada vez sexan mellores, para poder seguir baixando impostos, todo o contrario do que fan vostedes. Aí ten outro obxectivo estratéxico.

¿Quere un par deles máis —e vou rematando, señor presidente—? Mire, seguir aproveitando as enormes potencialidades que temos en enerxías renovables. Esa sociedade pública para xestionar proxectos enerxéticos que vostedes primeiro ignoraron e logo intentaron ninguñar cando a presentamos está dando os seus froitos, e esa oferta pública para achegar investimento privado acaba de rematar con 3 de cada 5 empresas galegas adheridas. Os 20 millóns de obxectivo inicial de aportación de capital privado están no día de hoxe amplamente superados. (Aplausos.) Polo tanto, o tecido social confía en nós.

E podería seguir con moito máis, señor Álvarez, pero, mire, a pesar de que, como digo, vostede non lle dedicou moita importancia e a pesar de que era o que preguntaba, aquí hai rumbo, hai estratexia, hai proxectos. Só falta un pouco de apoio dende o Goberno de España; que o Goberno de España se pareza, a partir de dentro de dúas semanas, un pouco máis ao Goberno de Galicia. Para iso vai ser necesario cambialo, e para iso dáme a impresión de que, afortunadamente, só faltan dúas semanas.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención do Goberno galego aos retos que Galicia ten por diante

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.



A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señorías.

Señor Rueda, Galiza ten por diante grandes retos que precisan moito máis que un goberno do Partido Popular submiso a Madrid, atado de pés e mans ao centralismo. Retos como a crise demográfica nunha Galiza que perdeu 94.000 habitantes, mentres o Estado gaña poboación; que está á cola en natalidade, mentres emigraron 375.000 persoas, a maioría xente moza. Retos como a converxencia con Europa, e aí está o dato: Galiza retrocedeu 13 puntos até situarse no 77 por cento do PIB europeo. Retos como a competitividade da nosa economía, porque en 2022 as e os expertos nos sitúan no posto noveno pola cola, destacando o mal posicionamento en infraestruturas básicas e a escasa dixitalización. Retos como a caída do peso da industria, que perdeu 21.500 postos de traballo, e cun índice de produción industrial que diminuíu catro veces máis que no conxunto do Estado. Retos como manter o Estado de benestar. Pero vemos que co Partido Popular os servizos públicos retroceden, iso si, mentres a débeda pública se triplicou co seu Goberno, señor Rueda. Retos como a emerxencia climática, a despoboación do medio rural, o modelo enerxético, e tantos outros nos que Galiza está quedando atrás.

E isto, señor Rueda, non é casualidade, nin é porque este país non teña recursos, potencial, capacidade e talento. É a consecuencia de catorce anos de submisión do Partido Popular, facendo o que lle mandan desde a rúa Génova e poñendo os intereses partidistas por riba de Galiza. E tanto é así que até utilizan Galiza para recolocar o candidato Feijóo, que cobra —ademais do sobresoldo do PP— un salario como senador por Galiza, pero que non presentou nin unha soa iniciativa, nin unha soa proposta, nin unha soa medida relacionada con este país. Iso si, un Feijóo que cobra por ser senador por Galiza e que segue sen xustificar neste Parlamento un incremento patrimonial de 800.000 euros en tres anos.

E agora estamos ante o Partido Popular máis submiso e máis ultra, que está disposto a gobernar con esa extrema dereita machista, racista e profundamente antigalega, Mire, señor Rueda, se hai algo peor que un Partido Popular submiso a Madrid, é un Partido Popular submiso a Madrid e que pacta con esa extrema dereita machista, racista e profundamente antigalega. (*Aplausos.*)

Con este Partido Popular é co que Galiza está quedando atrás, e por iso hoxe lle pregunto, señor Rueda: ¿que vai facer para que este país enfrente con garantía os grandes retos que temos por diante? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, mire, se o Partido Socialista en Galicia ten ganas de que houbese Vox aquí, vostedes teñen necesidade, eu creo; necesidade directamente, porque, aínda así, fala coma



se tivese unha presenza aquí, e precisamente por ter un Partido Popular integrado, centrado, amplo, aquí non sucede iso. Supoño que —supoño non, estou seguro— para moito pesar de vostedes, que, ademais, nos chaman submisos ao centralismo, precisamente o partido que apuntalou o Partido Socialista na Moncloa, que foron vostedes, señora Pontón, a cambio de nada, Iso si, ¿volverían facer? Por suposto, a cambio de nada outra vez.

Oia, o seu deputado, á parte de por non aplaudir a Zelenski e por ser un gran entusiasta das políticas de Putin, é coñecido por ser o único deputado nacionalista que non lle sacou absolutamente nada a ese apoio que lle deron. Ese centralismo é o que nunca vai ver no Partido Popular, señora Pontón. *(Aplausos.)*

E despois, mire, eu xa lle dixen moitas veces —e xa sei que non vale de nada repetilo, pero téñoallo que volver dicir— que é imposible debater con vostede en serio con eses datos. Fala da xente que marchou de Galicia. Por suposto, non pode dicir a xente que entrou, porque o saldo é positivo, señora Pontón. Non sei se non o sabe ou se o sabe e non o quere dicir. A estratexia de retorno está funcionando. Deille os datos xa noutras respostas parlamentarias, pero, claro, a vostede iso lle estropearía a súa argumentación. Co cal, imos falar da xente que sae, e non da xente que vén.

E, por certo, un pouco de seriedade, ¡que hoxe cite o índice de produción industrial como unha cifra desastrosa en Galicia...! Xa acaban de coñecer os datos: 0,6 media estatal, 5,6 en Galicia; case dez veces máis. Pero, ¿de que está falando, señora Pontón?, ¿de que está falando?! *(Aplausos.)*

Mire, que lle pasen ben os datos, ou que llos actualicen, se hai que falar en serio, que xa teño dúbidas; ao mellor, coñéceos e non os di, e cre que non vai pasar nada, que se pode ter un debate serio. Non se pode ter un debate serio así en ningún caso.

Mire, como no caso do señor Álvarez, volvo ao que vostede me pregunta, porque creo que é o meu deber. Vostede pregúntame se imos ser quen de facer fronte aos retos que ten Galicia por diante. Depende dos retos. Se o reto é o que fan vostedes: que aquí hai galegos bos e malos; que os que non son nacionalistas son galegos malos e, polo tanto, non hai nada que facer aquí; que hai que intentar que a situación sexa peor, porque canto peor lles vaia aos galegos, mellor deben pensar no Bloque que lles vai en expectativas electorais; polo tanto, que hai que falsear moito os datos; e pensar que toda a solución é o dogmatismo, a exclusión e o nacionalismo como receita para todo... Se eses son os retos, a nós, dende logo aí, señora Pontón, non nos vai atopar.

Ademais, é que as súas receitas non funcionan; é pintar un panorama desolador e despois intentar vir como salvadores da patria, que nunca salvan nada; é terlles envexa aos demais. Vostede dicía o outro día que hai que deixar de mirar con envexa aos demais. ¿Mirar con envexa a quen, señora Pontón? Farano vostedes. Aquí non hai ningún tipo de complexo. Intentamos facer as cousas e moi ben. Mire, a enorme diferenza entre vostedes e nós é que vostedes queren esa Galicia pequena, excluínate, do nacionalismo, que hai que impoñerlles a todos, e nós intentamos... *(Risos.)* —non, non, non ría, que é así— unha Galicia para todos, ¡para todos!, na que todo o mundo pode opinar, na que todo o mundo pode ter opcións de facer cousas.



E segue vostede co mesmo discurso de hai vinte anos, cando empezou como deputada, non variou nada. Imaxine: se xa era equivocado naquel momento, o que pode ser agora. E, xa lle digo, non lle vou discutir nin os datos, nin o diagnóstico...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...porque vostede sempre os terxiversa. Son datos equivocados.

Mire, é certo que vostede non tivo ocasión de saber se as súas receitas funcionaban, porque en máis de vinte anos de deputada nunca manexou un euro público, sempre estivo na posición do non. Pero eu dígolle que non funcionan, señora Pontón; non funcionan porque non acertan nos diagnósticos, non acertan no tratamento, nin moito menos acertan nas solucións. E eu creo que os galegos pensan o mesmo. Levan moitos anos dándonos a confianza, e a vostedes, por moito que se enfadan e por moito que lles riñan..., sempre os poñen na oposición. ¡Por algo será!

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, evidentemente, vostede non ten ningún respecto polo BNG, nin por min como o portavoz nacional do BNG, pero debería ter un pouco de respecto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, eu, señor presidente, escoitei con toda tranquilidade o presidente da Xunta. Pídolles aos deputados e deputadas do PP un pouco de respecto e educación, se é posible; só se é posible. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, pois, como lle dicía, vostede vén aquí dicirnos que manipulamos os datos sobre a evolución industrial. ¿É o CES quen manipula os datos da evolución industrial? (Aplausos.) Porque é quen llo está dicindo, señor Rueda; non llo está dicindo só o BNG, estallo tamén dicindo o CES, que creo que dirixe un antigo —non sei se segue sendo— militante do Partido Popular, exconselleiro da Xunta de Galiza.

E vén vostede aquí pois co de sempre, a verdade, a repetirnos esa mesma retahíla de descalificacións, o argumentario que lle mandan desde Génova... Pero é que si, si, fíxese, é que vostede é tan manso e tan submiso que nin tan sequera é capaz de pedirlle ao candidato Feijóo que cumpra a lei e que explique neste Parlamento un incremento do seu patrimonio en tres anos de 800.000 euros. ¡Nin sequera é capaz de pedirlle que cumpra a lei, señor Rueda! (Aplausos.)

Pero, claro, é que vostedes non actúan como un goberno de Galiza, vostedes actúan como un gabinete electoral do candidato Feijóo, e a mellor mostra, efectivamente, volvemos vela onte co paripé que fixeron neste Parlamento, e vímolos cando vostedes nos demostran como



conciben a política. Vostedes onte aprobaban a Lei do litoral, que é papel mollado se non se transfiren as competencias. Pero é que hai sete días —¡sete días!; non hai un ano nin tres, ¡sete días!— nesta mesma Cámara apertaban o botón de non reclamarlle ao Estado as competencias plenas en materia do litoral. (*Aplausos.*) Señor Rueda, son puro teatro e estanlles tomando o pelo aos galegos e ás galegas. Son, desde logo, o peor goberno da historia de Galiza, incapaz de resolver nin un só dos problemas deste país.

E así vemos como vostedes nos deixan unha Galiza cada vez máis pequena, señor Rueda. Porque, miren, ¿cantas competencias conseguiu o Partido Popular en catorce anos? Cero, señor Rueda, ¡cero! ¿Sabe cantas conseguiu Euskadi? Vinte e seis. Estannos deixando unha Galiza cada vez máis pequena tamén en materia demográfica, porque non puxeron en marcha nin unha soa medida eficaz para frear a crise demográfica neste país. Estannos deixando tamén unha Galiza máis pequena en materia de converxencia con Europa. Estamos retrocedendo, señor Rueda, como retrocedemos en ámbitos como o peso no noso PIB da industria, o propio peso da economía galega no Estado e en ámbitos que son fundamentais para o futuro. Pero vostede, feliz como unha perdiz, porque é o delegado electoral do candidato Feijóo en Galiza.

Pero hai unha cousa que é moi evidente, señor Rueda. Neste país cada vez son máis os galegos e galegas que confían no BNG porque saben que temos un proxecto de país para defendelos aquí e en Madrid. E, fíxese, unha mentira repetida mil veces, segue a ser unha mentira. Un deputado do BNG conseguiu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...unha rebaixa histórica nas peaxes. ¿Que conseguiron dez deputados do Partido Popular? (*Aplausos.*) Subirnos as peaxes e que teñamos unha concesión a 75 anos. Pero, ¿que conseguiron os deputados e deputadas do PP?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Calar sempre ante a discriminación con este país, porque son vostedes a submisión ao centralismo, obedientes co que lles mandan desde a rúa Génova e incapaces...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...de poñer por diante Galiza, porque para vostedes o primeiro sempre é o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e, por desgraza, este país estao pagando indo a menos en ámbitos que son fundamentais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, o señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, mire, o seu coas bonificacións da autopista... Recórdolle simplemente, por facer memoria, que no documento era a bonificación do cen por cento, autopistas gratis; agora xa é rebaixa histórica. É un pouco o do grupo, ían ter grupo propio, e agora xa están en grupo grande nas eleccións. Van rebaixando sempre e adecúanse á realidade.

Non conseguiron practicamente nada a cambio do que lles deron, señora Pontón, e xa llo lin moitas veces, pero é que non me dá tempo. É tan larga a lista de cousas que ían conseguir e que non conseguiron, que, claro, iso dá para unha comparecencia, no dá para unha pregunta. Pero isto é o que hai.

Mire, négome a, como fai vostede —sempre é o clásico na primeira parte da segunda réplica—, facerme o ofendido. Eu non perdo tempo niso. Nin tampouco vou facer o que está intentando vostede. Resulta que me pregunta polos retos que ten Galicia por diante, e o que lle preocupa é o patrimonio do señor Feijóo. Sexa un pouco seria, señora Pontón. É que xa se ven os intereses do Bloque, xa se ve exactamente.

Mire, ¿sabe cal é o principal reto que temos por diante? Está moi cercano, dentro de dúas semanas: acabar por fin co sanchismo, tamén en Galicia. (*Aplausos.*) Ese é o principal reto.

Está a tempo de sumarse, señora Pontón. Xa veu o resultado que lle deu facer o contrario. A vostede, que di que é tan democrática, eu dígolle unha cousa: imos circunscribir —e estou falando cunha nacionalista— os resultados das eleccións xerais ao que pase en Galicia. Se resulta que os galegos din maioritariamente, abrumadoramente, que apoian máis os candidatos do Partido Popular que os candidatos do Bloque, é dicir, que confían máis no señor Feijóo que nas súas supostas marabillas que vai conseguir con ese grupo propio —do que xa non fala—, se din maioritariamente que non queren sanchismo e que queren que haxa máis PP defendendo a Galicia en Madrid, vostede ¿que vai facer?, ¿vai seguir o sentir maioritario dos galegos ou vai facer o de sempre?, que é o que fixo sempre: o posible para que non governe o PP. E o resto a vostede dálle igual, señora Pontón, ¡dálle exactamente igual! (*Aplausos.*) E a súa solución máxica —e é bo que o saiban os galegos; quedan dúas semanas para votar e un día para que empece a campaña electoral—... Vostede, se pode, vai facer o mesmo que fixo agora: para intentar que non governe o PP —que estou seguro de que non vai ser capaz—, vai apoiar outra vez o Partido Socialista, que xa a enganou descaradamente esta vez, e volverá facelo; e vostede sábeo, pero dálle exactamente igual.

Mire, a súa vontade de non apoiar nunca o Goberno de Galicia nas súas reivindicacións é directamente proporcional ao desexo que ten de apoiar a Pedro Sánchez. Iso si que é ser manso, é ser dócil e, sobre todo, non servir para nada, dende o punto de vista político, señora Pontón. (*Aplausos.*) Isto é así, ¡é así!

Mire, ¿quere que falemos de retos?, ¿quere resultar útil? Se como eu espero —e como espera, creo, a maioría dos galegos—, hai un cambio de goberno dentro de dúas semanas, imos em-



pezar a ser moi reivindicativos e imos pedir... (*Risos.*) Si, si, non, reivindicativos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

(*Uns señores deputados: ¡Respectuosamente! ¡Respecte, respecte!*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Non, é que me faltou a segunda parte: reivindicativos e eficaces. Aí esta gran diferenza, señora Pontón, «e eficaces». (*Aplausos.*)

Mire, imos pedir máis investimento, para crear máis riqueza, e máis apoio aos emprendedores, e ás empresas, que vostedes demonizan. Seguen loitando para facer o posible... Vaia vostede a Pontevedra a dicirlles aos pontevedreses, unha vez máis... Xa ve o que pasou nas eleccións municipais. ¿Sabe cal foi o resultado? O PP gañou as eleccións e vostedes perdéronas. Vaia vostede a Pontevedra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si... Mire, ¿sabe a que me recorda isto? Aos datos que vostede di que son certos. Isto é o mesmo. É tan certo que o BNG gañou as eleccións municipais en Pontevedra como os datos que vostede dixo para a evolución industrial, exactamente igual. (*Aplausos.*)

Sexa valente, deixen de intentar que Pontevedra perda postos de traballo. Imos pedir máis apoio ás enerxías renovables —acabo de dicir, que a vostedes iso lles dá igual—, máis apoio tamén ás empresas —que está facendo a Xunta de Galicia—, máis recursos para que as familias poidan conciliar, máis estratexias para afrontar o reto demográfico. Vostedes moito falan, moita teoría, e nin unha soa solución; nunca, estilo nacionalista, señora Pontón, nun problema que ten Galicia. Tamén máis educación, máis sanidade —non teñen o monopolio de todo iso, nin moito menos—, máis forza e menos palabrería para defender os intereses de Galicia en España e en Europa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Iso é o que nos fai falta tamén, señora Pontón, e máis infraestruturas, máis I+D, máis apoio ao emprego e menos impostos. Todo iso é o que imos reclamar, espero que con moito máis éxito que ata o de agora, a partir de dentro de dúas semanas.

Mire, señora Pontón, os desafíos de Galicia son os desafíos non dunha Galicia pequena, acomplexada, que ten envexa, que é a Galicia que vostedes propugnan dende o nacionalismo, senón dunha Galicia aberta, plural, que quere crecer, a Galicia do «sentidiño»; esa Galicia que eu creo que é a que queren a maioría dos galegos. Espero que se vexa dentro de dúas semanas. Esa é a Galicia que a vostedes cada día lles custa máis entender. Así lles vai, e, sobre todo, así lles irá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día. Continuamos co punto 4º, proposicións non de lei.

Debátese agora unha do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Noelia Otero.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre acordos que se propoñen para a súa adopción por parte do Parlamento de Galicia ante a apertura de dilixencias no xulgado contra varios directivos da CRTVG por acoso moral e laboral

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

(Algúns señores deputados e algunhas señoras deputadas levántanse dos seus escanos e saen do hemicycle.)

Eu comezo.

Bos días a todas e a todos.

É unha pena que marchen e non escoiten esta lista —si, longa lista— de imputados, investigados, como o director xeral da CRTVG, por delitos pola vía penal de humillacións e de acoso a unha traballadora; unha longa lista que non se quere escoitar por parte do Goberno, pero na que nós insistimos.

Nós empregabamos hai unhas semanas neste Pleno, cando falabamos, non deste episodio, pero doutros episodios e desa longa lista, unha frase, un titular ou un lema para definir o que está acontecendo: «a deriva gravísima na CRTVG», dicíamos. Dá igual a sentenza firme que chegue, que constate un xuíz, unha maxistrada; dá igual que constate que existen en sentenzas firmes vulneración dos dereitos fundamentais, que existe censura, que existen represalias; dá igual o chamamento que faga o Colexio de Xornalistas de Galicia, a Federación de Xornalistas estatal, a Federación Europea de Xornalistas, a Federación Internacional de Xornalistas; dá igual que falemos dos cartos, de que as sentenzas, as indemnizacións ou as condenas á dirección da CRTVG teñen que sufragarse con cartos de todas as galegas e todos os galegos; dá igual que esa cantidade siga aumentando; dá igual a cantidade de xuízos que temos abertos neste momento por vulneración de dereitos fundamentais por castigos e represalias a traballadores, a profesionais da CRTVG. Empregamos unha frase, pero oian, aquí non pasa nada. Poden incumprir a lei, poden acumular condenas, poden, neste caso, ser investigados pola vía penal directamente, por vulnerar os dereitos fundamentais nunha querela que é absolutamente gravísima por parte dunha traballadora, que aquí, señorías do Partido Popular, non pasa nada. Ese é o titular que empregabamos e que, por desgraza, semella que nos vai servir durante moito tempo.

E, como dicíamos, hoxe traemos a situación novamente da CRTVG por parte do Grupo Socialista a este Parlamento arredor dun grave episodio, que, á falta do desenlace xudicial,



se temos en conta todos os informes periciais que acompañan esa querela e polo que a maxistrada dun xulgado en Santiago decidiu imputar —investigar, sexamos rigorosos— oito directivos e directivas da CRTVG, entre eles o propio director xeral, é un caso de enorme gravidade; como dicíamos, de vulneración dos dereitos máis básicos e que, ademais, non constitúe, á vista dos feitos, doutras sentenzas, doutras denuncias, insistimos, doutros xuízos abertos nestes momentos, un feito illado. E abonda con escoitar a postura do Goberno galego. Sen ir máis lonxe, a pasada semana preguntábaselle neste pleno ao vicepresidente, o señor Diego Calvo —tamén o facemos constantemente cada mes na Comisión de Control da CRTVG ao director xeral—, e comprobamos unha e outra vez, por grave que sexa o episodio, a sentenza, a condena, o desprestixio, as actitudes que vulneran —así acreditado nos tribunais— os dereitos máis elementais das e dos traballadores, e non pasa nada.

E este último episodio, esta querela presentada por unha traballadora, tras prestar declaración —dicíamos— ante a maxistrada do Xulgado de Instrución número 1 de Santiago, notificaba oito cargos da directiva da CRTVG para que designasen un avogado, porque ve indicios de presuntos delitos, e están investigados. Enfróntanse —como dicíamos— pola vía penal a varios delitos de acoso moral e contra os dereitos dos traballadores. Entre os investigados está o director Sánchez Izquierdo, e non pasa nada; ese que está no cargo, apoltronado, incumprindo o máis básico da Lei de medios públicos galegos.

O desamparo e a situación de acoso ou estrés que están a padecer as e os profesionais ares-tora provoca un elevado número de baixas por estrés e ansiedade, ademais dos citados procesos xudiciais, algúns xa con sentenzas firmes, como dicíamos, que constatan —non son presuntas, non son supostas, non son inventos da oposición e do PSdeG— en varias sentenzas —insistimos— esa vulneración pola que ninguén responde nin asume a máis mínima responsabilidade. Páganse as indemnizacións, as multas, as condenas, con cartos de todas e de todos, e falamos de centos, de centos de miles de euros por perseguir, ademais, as profesionais.

E miren, din vostedes, señorías do Partido Popular —de seguro que hoxe escoitamos esa teima—, que todo este escándalo é froito de intereses electorais, en campaña, da oposición, coma se non levásemos unha década denunciando o incumprimento da Lei de medios públicos, (*Aplausos.*) coma se non tivésemos sobre a mesa a sentenza sen precedentes, non por litixiosidade laboral, senón sentenzas firmes que acreditan —como no caso, hai un ano, de Carlos Jiménez— que existe censura, persecución e vulneración dos dereitos fundamentais dos traballadores que participan no movemento «Defende a Galega». Non son presuntas nin supostas, hai sentenzas firmes. A presunción e as suposicións, cando hai pronunciamentos por parte dos tribunais, saben que desaparecen.

Ben, os autos xudiciais acreditan esta existencia. Non son opinables, non son presuntos, como dicíamos, e ademais levamos máis xa —levan as e os traballadores— de cinco anos defendendo a súa pluralidade, a súa liberdade e os seus dereitos. ¡Máis de cinco anos!, pero din vostedes que isto é algo novo que de súpeto traemos aquí porque hai comicios, porque houbo unha campaña de eleccións municipais e agora unhas estatais. ¡Claro que si!, ¡claro que si!, ten todo o peso e toda a credibilidade.



Ben, a xuíza, neste caso, desta traballadora —atentas e atentos— ordena que, para evitar a súa vitimización secundaria polo estado —delicado estado— no que se atopa e a gravidade do relatado, esta profesional, a prexudicada, declare acompañada pola psicóloga da Oficina de Atención á Vítima por videoconferencia. Tamén pide a maxistrada informe ao Imelga (Instituto de Medicina Legal de Galicia) para que avalíe os danos psíquicos compatibles cos feitos denunciados. A grave situación de acoso, segundo relata a empregada, produciuse ao longo dos anos e despois de continuos traslados de quenda, de postos, de que se lle negasen días de asuntos propios, etc., ata o punto de recibir unha sanción no mes de febreiro por ter que trasladarse a outra localidade porque o seu pai —enfermo de máis de 90 anos— ingresaba nunha residencia. Á espera do xuízo, esta noticia e o relato espeluznante que fai esta traballadora e que non constitúe un feito illado —porque temos precedentes acreditados, insistimos, en sentenzas firmes, porque temos de hai poucas semanas denuncias de traballadores que levan décadas tamén castigados, movidos, da radio, da tele, a Internet, sen ningún tipo de formación— merecen un pouco de respecto e de seriedade e que se responda —como dicía o señor presidente da Xunta de Galicia e do Goberno hai uns intres— neste goberno ante esta situación: castigos, traslados forzosos de profesionais con acreditada experiencia.

Pero, miren, din que isto son manobras en campaña electoral. Atendan, o pasado día 7 de xuño o Xulgado Social número 3 de Santiago ditou sentenza firme tamén contra a CRTVG —outra, jeh!, outra— e a favor doutra traballadora que demandaba a empresa por vulnerar o seu dereito de conciliación persoal, familiar e laboral; condena que, por desgraza, conta con precedentes da vulneración dos dereitos doutras traballadoras na mesma liña: condenas por vulneración por razón de sexo dos dereitos fundamentais das traballadoras. Non había proceso electoral tampouco ás portas cando se pediron responsabilidades neste Pleno, neste Parlamento, na Comisión de Control da CRTVG, por unha das condenas e sentenzas máis graves do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Non pasa nada, señorías do Partido Popular, non pasou nada e segue sen pasar nada. Non había procesos electorais á vista cando chegou esa condena á dirección da CRTVG por vulnerar os dereitos fundamentais e castigar o profesional Carlos Jiménez.

Ese é o nivel para non dar a cara, para non asumir a máis mínima responsabilidade pola combinación destas condenas nos tribunais. Hai un ano xa desa sentenza firme, hai un ano, e agora estamos falando de que a situación continúa agravándose, ata o punto do caso do que estamos a falar, desta querela na que están investigados oito directivos da CRTVG pola vía penal. É unha situación, un clima absolutamente irrespirable, que afecta, como non, ademais de os dereitos das e dos profesionais da CRTVG, como é evidente, a calidade dos contidos.

Poderíamos facer novamente aquí un repaso sobre acontecementos de enorme gravidade ou sobre o tratamento da violencia machista ou da igualdade. Pero hoxe o que nos ocupa son os dereitos máis fundamentais das e dos traballadores. Pero non pasa nada, ¿verdade? Incumpren a Lei de medios públicos galegos, non hai estatuto profesional, non hai consellos de informativos... Por certo, a semana pasada preguntabamos en comisión sobre os incumprimentos da nova Lei audiovisual estatal, que entrou en vigor hai un ano, que tamén obriga a ter mecanismos de autorregulación, obriga a que todas as televisións —e máis unha canle



pública— cumpran os mínimos de accesibilidade. ¿Saben vostedes que os informativos non son accesibles para as persoas xordas, nin en subtítulos, nin en linguaxe signada, nin os programas en directo, a pesar de que están obrigados por lei a un mínimo de horas? Na CRTVG isto non é unha urxencia, nin preocupa, non é unha televisión pública sostida cos cartos de todas as galegas e todos os galegos, accesible para as persoas xordas; non ten un plan de igualdade; non se cumpre tampouco a Lei europea de liberdade dos medios, que marca a necesidade de regulamentos que protexan o pluralismo e a independencia editorial dos medios de comunicación europea.

A Federación —para rematar esta primeira quenda— de Asociacións de Xornalistas de España, na súa última asemblea anual en Lanzarote, acordaba dirixirse ao consello e á dirección da CRTVG para que cese este clima e para que cumpra os máis elementais e mínimos legais, porque non o fai. Debe ser que a Federación estatal de Xornalistas tamén ten intereses electorais, igual que a Federación Internacional de Xornalistas.

Así que nós agardamos que dunha vez por todas asuman responsabilidades, porque esta situación se produce e se agravou pola súa complicidade, porque, ao final, o que interesa é non cumprir a lei, perseguir os traballadores, para seguir empregando a CRTVG como o chiringuito de propaganda do Partido Popular, que é o que vén acontecendo nos últimos anos, pero a custa —xa estamos nese nivel— da saúde e da vulneración dos dereitos das e dos traballadores. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu pediríalles algo, que é que se imaxinen no seu posto de traballo —non aquí, no posto de traballo que teñan cada unha e cada un de vostedes— e que imaxinen que nese posto de traballo os seus xefes os deciden cambiar de responsabilidade; deciden cambialos un venres, avísanos a vostedes un venres —vostedes non tiñan nin idea— para que se incorporen ás novas responsabilidades o luns, nunha responsabilidade que vostedes non exerceron nunca, con tarefas completamente diferentes, con horarios totalmente distintos, para os que non se negociou absolutamente nada, nin con vostedes nin cos seus representantes sindicais. Vostedes denúnciano —é o que hai que facer, sindicarse e ir denunciar—, e a partir de aí os seus xefes comezan a crear contra vostedes un clima agresivo e de desconfianza; ese clima basicamente que lles denegan cada vez que solicitan, pois, por exemplo, días de asuntos propios ou cada vez que vostedes piden coller as vacacións nunhas datas, ao que os seus xefes tamén lles din que non. Pero só a vostedes; ao resto dos traballadores que fan parte do mesmo grupo de traballo ca vostedes si que se lles dan. Vostedes solicitan cambios de horario, é un dereito que teñen para conciliar, para coidar da súa nai ou do seu pai dependente de 94 anos, e tamén lles din que non; piden facer algún festivo porque hai un complemento salarial por iso, e tamén llelo denegan; pero só a vostedes. De todos os festivos, os seus com-



pañeiros van facendo todos, teñen o complemento salarial por iso, pero vostedes, non. Iso si, son a única persoa en toda a plantilla á que lle obrigan traballar o primeiro de xaneiro e o 8 de marzo. Vostedes queren asistir á folga feminista convocada polas organizacións sindicais, son unha muller, e son a única muller de toda a plantilla á que lle fan cubrir os servizos mínimos, ¡que casualidade!

Imaxinen que con esa situación vostedes entran nun cadro de ansiedade, e que no proceso xudicial, despois de que vostedes denuncian o que están a vivir, esa situación de acoso na que viven, durante o proceso xudicial, tanto o informe do perito xudicial, da médica da propia empresa, do psiquiatra do Sergas e dunha médica dunha clínica privada, din literalmente que vostedes están sometidos a un proceso grave de acoso laboral por parte dos seus superiores, que basean as súas estratexias no entorpecemento do seu progreso profesional e no desprestixio laboral. Froito desa situación de hostigamiento, vostedes atópanse en tratamento por parte de especialistas en saúde mental, excedendo as situacións de acoso e as súas consecuencias, polo tanto, as meras relacións laborais, afectándolle de maneira significativa o seu contorno familiar e social, tal e como diagnostican os informes médicos que se adxuntan.

Iso é polo que están sendo imputadas ou investigadas as oito persoas que fan parte da dirección da cúpula da Corporación da Radio e Televisión Pública de Galiza. Agora imaxinen que son vostedes, que son traballadoras dunha empresa pública, que ademais pagamos todos, con máis de cen millóns de euros ao ano, que aínda lles estás pagando cos teus impostos aos teus xefes para que hostinguen o teu posto de traballo, para que te acosen laboralmente e para que che creen un clima laboral insostible.

Ese é o caso desta traballadora da que hoxe se fala nesta iniciativa, pero ese é un caso de tantos, de tantos que acaban nos xulgados e que resultan en dezaioito condenas firmes nun só ano —¡dezaioito condenas firmes nun só ano!— por vulnerar os dereitos laborais e fundamentais das traballadoras e dos traballadores da Radio e Televisión Públicas de Galiza. ¡Catrocentas en catorce anos, que logo se di! Nós non somos xuízas, nin xuíces, pero tam pouco somos idiotas. ¡Non somos xuízas, pero non somos imbéciles!

E nós imos apoiar esta iniciativa por tres razóns fundamentalmente.

A primeira, apoiamos este cesamento, como tantas veces temos solicitado desde o BNG, porque esa dirección da CRTVG que vostedes puxeron a dedo está á marxe da lei que vostedes mesmos aprobaron; desde o ano 2011 a obriga da escolla da dirección xeral da CRTVG por maioría cualificada desta Cámara. Puxérono a dedo no ano 2009 e segue sendo o mesmo. Modificaron pola porta de atrás, cunha lei de acompañamento, a lexislación para poder manterlle o cu sentado nesa silla, única e exclusivamente porque a vostedes non lles dan os números, nin teñen con quen negociar e con quen pactar, nin cumprir a súa lei; a súa, non a do Bloque, que votou en contra, porque sabía o que viña por detrás. ¡É moi democrático todo! Iso sería argumento abondo, está á marxe do que di a propia lei, pero hai máis razóns.

Levan doce anos —¡doce anos!— incumprindo de maneira consciente e de maneira reiterada a lexislación que vostedes mesmos redactaron, negociaron, conchavearon e apro-



baron. Levan catorce anos case incumprindo a misión de servizo público, negándolles dereitos fundamentais e laborais ás traballadoras da CRTVG. Néganlles o estatuto profesional, que vén na lei; néganlles o Consello de Informativos, que vén na lei; non se fixo nunca un só contrato programa, como lles obriga a lei; non crearon a autoridade audiovisual independente, como dicía a lei que tiñan que facer en seis meses; por non falar dun incumprimento xa obsceno da misión de servizo público que ten a Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza. E, como estamos en campaña electoral, non hai máis que ver a campaña electoral. ¿Cando van ser, outra vez, os debates electorais? Que deberan ter algo de interese público, *digo yo, ¿no? Estamos todos ahí a ver cuándo es el cara a cara...* Iso si, nunha tele privada. Esa é a querenza que lles ten o Partido Popular aos medios públicos, en Galiza e no Estado. (*Aplausos.*) Iso e o medo, debe ser, pero, bueno... Aquí, en Galiza, *¡a las 10 de la mañana, para ir madrugando, hombre!*, que é o mellor día para ver a tele nun día de traballo, laboral. *¡A las 10 de la mañana, hombre!* Xa vemos, ademais, como se cumpre co Mandato marco 2015 tamén da CRTVG, artigo 21, que obriga a adecuar a programación aos horarios nos que se atope a súa audiencia potencial. ¿Cando están vendo a tele 2,2 millóns de habitantes que teñen dereito a voto en Galiza? ¿A que hora? ¿Ás 10 da mañá, traballando? ¿Ou ás nove e media-dez, que é cando nos sentamos todos, despois de cear, para ver a tele?

E o terceiro argumento —tamén este xa sería suficiente, xunto co outro, pero hai outro terceiro argumento— é ese abuso do que falaba a portavoz tamén do Partido Socialista, sistémico e sistematizado do poder, violando os dereitos fundamentais das traballadoras.

Dicía ao comezo que nós non somos xuízas e non falamos de denuncias, falamos de sentenzas firmes do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo; unha tras outra, unha tras outra nos últimos catorce anos, por negar dereitos de conciliación ás traballadoras desde unha empresa pública para logo sacar peito de que aquí todo o mundo está a favor da igualdade. Cumpran —e garantan— cos dereitos de conciliación das traballadoras e dos traballadores; condenas por vulneralos, condenas por obrigar a traballar vulnerando o dereito á folga, establecendo os servizos mínimos ilegais nas folgas xerais, nas folgas feministas, vulnerando dereitos fundamentais como o da liberdade de expresión; a liberdade de expresión nunha empresa que é un medio de comunicación público —nese caso xa para os anais da historia, como é a sentenza de Carlos Jiménez—.

No noso nome non, basicamente. Nós imos apoiar ese cesamento inmediato da dirección da CRTVG e o inicio da súa escolla, tal e como recolle a lexislación vixente, porque nós non imos amparar este tipo de prácticas; non imos, co noso silencio, apoiar nin amparar que se sigan vulnerando os dereitos das traballadoras e dos traballadores da CRTVG, pero no fondo tamén os dereitos fundamentais do conxunto da sociedade galega e dun sistema democrático que ten tamén nas corporacións de medios públicos un pilar fundamental. A dirección que vostedes puxeron a dedo, que manteñen á marxe da lei, vulnera cada día os dereitos fundamentais das traballadoras e dos traballadores da CRTVG, e con eles o de todas as galegas e de todos os galegos, triturando incluso persoas, como acabo de relatar neste caso concreto, só para seguir servíndolles a vostedes, só para seguir poñendo a radio e a televisión de todas as galegas e de todos os galegos ao servizo dos intereses particulares do Partido Popular. Con nós para iso non contan.



Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

«Veleno», «forza corrosiva», «terminais mediáticas da dereita política», estas son algunhas das expresións que utiliza o líder socialista, Pedro Sánchez, para referirse aos medios de comunicación. Obsesionado en sinalalos como responsables da mala imaxe que ten del boa parte da sociedade, Sánchez ve os xornalistas como inimigos e acúsaos dunha trama conspiratoria para opacar os seus logros, desacreditalo e facerlle perder o Goberno. Non nos estraña, polo tanto, que o Partido Socialista de Galicia veña hoxe aquí atacar a CRTVG. Están a seguir o argumentario do seu xefe de filas.

Van tres iniciativas parlamentarias nunha única semana sobre o mesmo tema, señorías, e xa se aportaron todos os datos cos que quedan desmontadas as súas acusacións. Na última comisión de control o pasado día 29, o director xeral respondeu a todas e cada unha das cuestións que hoxe plantexan de novo aquí. E fano as e os mesmos que arrasaron coa independencia de institucións e organismos como o CIS, a RTVE, o CNI e un longo etcétera máis, que os puxeron ao seu servizo e que os levaron ao maior descrédito. Pois eses mesmos, señorías, agora teñen a CRTVG no seu punto de mira; os mesmos que monitorizan redes sociais, que crean ministerios da verdade, que impiden formular preguntas aos xornalistas, que vetan en viaxes oficiais medios que consideran críticos; eses mesmos, esas mesmas pretenden agora amordazar os medios públicos galegos. Crean problemas onde non os hai, hiperbolizan, sobreactúan e apelan ao emocional en lugar de argumentos racionais e baseados en feitos.

Pero, miren, a súa estratexia parece estar e ter escaso éxito na opinión pública galega. ¿Saben por que? Porque as galegas e os galegos seguen a respaldar maioritariamente a CRTVG. Os datos da empresa de medición por audímetros Kantar Media ou as do Estudo Xeral de Medios, cuxa obxectividade é aceptada sen dúbidas, reflicten este apoio social e o seguimento da programación dos medios públicos galegos.

A segunda onda do Estudo Xeral de Medios confirma a TVG como líder en Galicia e canle autonómica máis vista, cun 20,3 por cento de cota de luns a venres e de 18,9 por cento de luns a domingo. Duplica os datos da outra canle pública, a CRTVE, que só obtén un 9,8 por cento de luns a venres. Mentres que a TVG crece un 6,2 por cento con respecto á onda anterior, a TVE perde un 26,7 por cento. Na franxa de sobremesa, cando se emiten os informativos Galicia Noticias e Telexornal Mediodía, e os telediaros tamén noutros medios, a cota chega ata o 29,1 por cento; máis que triplica os resultados da TVE, que só consegue un 8,5 por cento.

O conxunto de emisoras da Radio Galega medra un 16 por cento con respecto á onda anterior. A Radio Galega acada os 142.000 oíntes de luns a venres, un 10 por cento máis. A Radio Ga-



lega case triplica os resultados de Radio Nacional de España, que só ten 55.000 oíntes de luns a venres, e baixa un 15,4 por cento con respecto á anterior onda.

Son cifras históricas de audiencia que constatan que a TVG pecha un histórico mes de xuño, o mellor desde o 2009. (*Aplausos.*) As cifras, señorías, reflicten que a cidadanía confía na CRTVG; pero non ocorre o mesmo coa CRTVE, un medio público que tamén pagan os galegos e as galegas.

Queren reprobar un director xeral co que a TVG está en posición de liderado en Galicia, tamén no *ranking* de televisións autonómicas, e ademais os seus informativos son os máis vistos. Queren reprobar un director xeral que conseguiu que a CRTVG leve catorce anos pechando as súas contas con superávit. Nesa comisión do 29 de xuño, hai uns días, así o escoitamos na presentación das contas do 2022. Tamén escoitamos que a Corporación desde o 2012 non ten débeda bancaria, cando o director xeral do Bipartito deixou un burato que en 2008, señorías, ascendía a 51 millóns, e que pagaron os que viñeron despois. E eran cartos dos galegos e das galegas. Queren reprobar un director xeral que situou a CRTVG na vangarda tecnolóxica, como se confirma coa posta en marcha da súa propia OTT, mentres que na etapa bipartita non foron quen de dar un só paso para a transformación dixital e deixaron unha CRTVG obsoleta. Queren reprobar un director xeral co que a temporalidade na contratación —vostedes, que tanto se preocupan dos traballadores— se reduciu drasticamente e co proceso de consolidación —publicado no DOG do ano pasado— para 270 prazas, co que se dará estabilidade á totalidade —já totalidade!— do seu persoal. Co director xeral do Bipartito non se consolidou nin un só posto de traballo; co actual, serán máis de 460.

Atribúen á dirección xeral represión e persecución dos traballadores e das traballadoras. Os datos non avalan o que din. Nos últimos cinco anos, dunha plantilla de arredor dun millar de persoas, o Departamento de Recursos Humanos abriu 48 expedientes, dos que 47 foron resoltos con sancións leves, e só un grave, coa sanción correspondente de emprego e soldo.

Na mañá de onte recibíuse unha sentenza a favor da CRTVG sobre un conflito colectivo plan-texado pola parte social, no que pedían formar parte dos tribunais de contratación. Unha vez máis, a sentenza foi favorable á CRTVG. Levan meses, señorías, acusando reiteradamente a dirección xeral de constante vulneración de dereitos fundamentais, baseándose nunha única sentenza que representa o 0,35 por cento da litixiosidade da CRTVG.

A lei, señorías, garante a independencia do director xeral, pero pretenden impoñerlle directrices non só nos contidos, senón tamén na xestión de recursos humanos. A el, ao director xeral, compete a organización dos recursos da Corporación para ofrecer o mellor e o máis eficiente servizo público, pero vostedes pretenden negarlle a súa autonomía para organizar o traballo.

Hai catro casos de traslados que están en mans da xustiza. Polo que escoitamos aquí parece que xa está xulgado, e non só xulgado, senón tamén condenado por vulnerar dereitos, por represalias ou por vexación de traballadoras e traballadores.



Tamén a oposición xulga e condena o director xeral da CRTVG por acoso laboral antes de que se pronuncie a xustiza, mesmo antes de que se recibise a comunicación de que se presentara unha querela contra el. É obvio que detrás deste desfasamento cronolóxico asoma un inapropiado uso da información, que forma parte de procedementos xudiciais.

Xa lles dixen en comisión que o noso grupo parlamentario vén aquí exercer a responsabilidade do control lexislativo que nos outorgaron os galegos e as galegas, mentres vostedes veñen xulgar no intento de facerse co poder xudicial. Están no lugar equivocado, señorías, e irrompen no intrusismo, pretendendo suplantar os xuíces.

Xa sabemos que a nivel estatal os tres poderes públicos corren unha sorte de *totum revolutum* desde que o señor Sánchez chegou á Moncloa; un *totum revolutum* que é partidista, sectario e ao servizo do Executivo. Pero nesta comunidade temos clara a repartición de poderes, e o noso Executivo é fiel á Constitución e ao Estatuto de autonomía. (*Aplausos.*) ¡Menos mal que nunhas semanas esta mesma independencia chegará a Madrid, cando governe o señor Núñez Feijóo!

Porque, señorías, ¿onde está o respecto polo Estado de dereito? ¿Onde o dereito dunha persoa á presunción de inocencia? Porque aquí xa se falou de culpables.

Sobre a litixiosidade laboral, hai menos dunha semana, na Comisión do 29 de xuño, xa o director xeral aportou unha morea de datos e deixou moi claro que esta dirección xeral tivo que facer fronte a centos —¿sabe a cantos centos? A sete—, a setecentos casos de denuncias herdadas de cesión ilegal de traballadores. Non era el o responsable, señorías; non o era, pero el e o seu equipo deron resposta á complexa situación coa que se atoparon despois do Bipartito.

Non hai motivos para a reprobación do director xeral... Bueno, para vostedes si, claro. O actual director xeral é independente, por iso piden o seu cesamento. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pedía a súa voceira respecto. Eu tamén o pido. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora POMAR TOJO: É obvio que todo é relativo, e partindo de puntos de referencia como o Bipartito aquí, en Galicia, ou o Goberno de Sánchez en Madrid, está claro que isto non encaixa na súa folla de ruta.

Miren, señorías, de inxerencias e de indicacións desde o Goberno sabía moito o director xeral da CRTVG no Bipartito, que se queixaba por carta —esa famosa carta— da presión á que sometía a parte do BNG daquela bicefalia, mentres á vez esa parte do BNG o acusaba de censura, manipulación —e cito unha vez máis palabras textuais— e «prácticas estalinistas». Iso si que era abuso de poder, señora Rodil. (*Aplausos.*) El si sabía de reprobacións. Sabía de reprobacións, pero da Xunta Electoral, por falta de neutralidade e imparcialidade, e de resolucións do Valedor do Pobo, lembrándolle as súas obrigas de pluralidade e obxectividade.



Pluralidade e obxectividade que vén de ser reforzada na CRTVG polo rexeitamento, con data deste mesmo luns, día 3, dos recursos de Vox e do BNG ao plan de cobertura da campaña electoral das eleccións xerais que comeza esta semana, igual que o fixo tamén nas municipais a Xunta Electoral. ¡Menos mal que o PSdeG xa nin foi quen de presentar recurso, porque sería un rexeitamento máis por parte da Xunta Electoral!

Polo tanto —remato xa, presidente—, a CRTVG de hoxe está nas antípodas do modelo de gobernanza para a CRTVG do PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego. Vostedes —está claro— queren recuperalo e por iso presentan hoxe esta proposta. Pero non só non o van recuperar, senón que van perdelo en Madrid, e volveremos ter unha RTVE plural, libre e ben xestionada, e o mesmo pasará co CIS ou co CNI.

Mentalícense, señorías da oposición, defender a CRTVG non é fotografarse detrás dunha pancarta, é respectar o traballo das e dos seus profesionais.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Señora Pomar, «respecto para as e os traballadores», dicía vostede. Respecto para as e os traballadores, que levan cinco anos mobilizándose. Fala vostede de que atribuímos persecución nós. Respecto para a Xustiza, respecto para as sentenzas firmes que acreditan e condenan a dirección, que vostede vén de defender aquí, por vulnerar os dereitos máis fundamentais recollidos na Constitución, que vostede nomeaba na súa intervención.

Teñen tan pouca vergoña, tan poucas ganas de falar e de ir á cuestión que mire, fala do CIS, do CNI e de Sánchez, e que emprega a Comisión de Control da CRTVG, que xa temos protestado polo regulamento do pleno deste parlamento, é para presentar preguntas ao director xeral, e como a situación é tan escandalosa, presentan e rexistran preguntas sobre calquera tema, dixitalización, e empregan o seu turno para desacreditar as deputadas do BNG e do Partido Socialista, falando de que se somos xornalistas de RTVE, da nosa profesión, de Sánchez, do Falcon, do CIS, e non se cinguen, cando non está permitido o debate, á súa pregunta, ao funcionamento da Comisión de Control da CRTVG. (*Aplausos.*)

Tal é a situación, o esperpento que na pasada comisión tocaba falar das contas e remata a súa quenda, a intervención e o debate o director xeral, e a presidenta da comisión, ¿verdade, señora? —está gravado e poden ir á Mediateca—, di: «Grazas, señor Sánchez Izquierdo, estamos moi orgullosos da CRTVG, moi ben, moitas grazas». Ese é o nivel de independencia que temos neste parlamento e a independencia da CRTVG, dos medios públicos galegos.

Pero mire, dicía: non lle vou consentir, non llo imos consentir, que fale da defensa dende o Partido Popular da profesión xornalística. Pero non, nós como grupo parlamentario nin eu como deputada nin eu como xornalista, nin só por respecto á situación, ás baixas das e dos



traballadores da CRTVG, con sentenzas firmes por vulneración dos seus dereitos máis fundamentais —máis dun caso, non só o de Carlos Jiménez—, senón porque o propio Colexio de Xornalistas di todo o contrario do que vén dicir vostede. A propia Federación Española de Xornalistas, reunida en Lanzarote na súa asemblea anual, tense dirixido á dirección da CRTVG e do Consello de Administración da CRTVG, a Federación Internacional de Xornalistas, a Federación de Sindicatos e de Xornalistas. ¿Vostede sabe cantos milleiros de profesionais independentes de todo o mundo están representados na Federación Internacional de Xornalistas? ¿Que intereses políticos poden ter aquí en Galicia? ¿Como teñen vostedes tan pouca vergoña de facer unha fuxida cara a adiante con tan pouco nivel?

A verdade é que leu vostede aí un batiburrillo, falta de rigor, pensan que con audiencias se xustifica todo delito. Estamos falando agora, como dicíamos, dunha investigación a oito responsables da CRTVG pola vía penal por casos moi graves, como dicíamos, que existen informes ademais neste caso de peritos xudiciais, da facultativa da empresa, dun psiquiatra do Servizo Galego de Saúde, outra da medicina privada, que consideran que o cadro de ansiedad e depresión que provocaron na demandante atenta, e o trato humillante —o trato humillante falan, jeh!— e as decisións arbitrarias da dirección forman parte —atentos, e isto di tamén a defensa— dunha estratexia, dunha situación institucionalizada de acoso. Pero vén vostede aquí a falar do CIS, de Sánchez e do CNI.

E, para rematar, eu xa lles teño animado a que fagamos un debate sobre as audiencias, porque non teño tempo. A Enquisa xeral de medios non é o sistema medible obxectivo porque non participan todas as televisións, pero cada día a CRTVG ten isto (*A señora Otero Lago mostra un documento.*) que se chama análise do consumo televisivo, que mide o que chamamos as curvas de audiencia na profesión, minuto a minuto, o consumo televisivo.

Eu saqueino, porque sei que sempre sacan esa teima, a Enquisa xeral de medios, (*A señora Otero Lago mostra un documento.*) que é unha enquisa na que preguntan á xente que ve vostede e participan certas empresas, certos medios, non todos, pero aquí están todos os medios que ven as e os galegos. Señora Pomar, ámbito Galicia, domingo, é a que saquei, o último domingo, hai días que é mellor a situación que outros. Domingo, audiencia total día: TVG, 10,3; Antena 3, 12,8; Telecinco, 10,7. Tamén, CRTVG, consumo televisivo domingo, 3,6; Antena 3, 21,2; Telecinco, 12,5; Cuatro, 5,8; a Sexta, 4,6. Isto é a análise diaria (*A señora Otero Lago mostra un documento.*), o que se chaman as curvas da audiencia, o real, os audímetros, os aparatiños que na casa miden o que ven as galegas e os galegos.

Así que déixense de falacias, de mentir. E, como dicía, o debate hoxe é dabondo grave como para tomar decisións, para cumprir a lei dunha vez por todas. E porque ¿que van facer se se acredita ademais a condena ao señor director xeral? ¿Con que vai vir vostede? ¿Co CNI? Porque xa hai condenas en firme condenando a dirección xeral por vulnerar os dereitos fundamentais. Xa as hai, señor Pazos, xa as hai. ¿Que fixeron? ¿Falar dunha carta no Bipartito? Ese é o respecto que teñen polas sentenzas xudiciais, pola Xustiza, polos dereitos das e dos traballadores e dos medios públicos galegos; unha auténtica vergoña insoportable e unha cara moi dura.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a materialización por parte do Goberno galego das promesas de axudas directas aos produtores da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega logo das súas mobilizacións do mes de abril de 2023

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Antonio Armada Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a implantar unha liña de axudas directas ligadas á produción de carne de calidade, reforzando o compromiso con este sector co obxectivo de que non se perdan explotacións de vacún de carne ante o incremento dos custes de produción».)

(O G. P do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Substituír a expresión: «tenreira galega», por: «vacún de carne».

Emenda de modificación.

Substituír a expresión «carne certificada», por: «carne sacrificada».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Hoxe imos falar dun dos sectores produtivos na nosa Terra que implora medidas para a súa supervivencia. E fíxense, señores do Partido Popular, que non presentamos unha iniciativa para pedir impulso a un sector determinado. Estamos a falar de medidas para a supervivencia do sector da carne en Galicia. Pero esta situación, que coñece perfectamente o señor Rueda, non debe de ser urxente para o Goberno galego, xa que levamos dous plenos nos que programa a comparecencia dos seus conselleiros para falarnos dos campamentos do verán e tamén do deporte, uns ámbitos onde todos somos conscientes de que era moi necesario un debate urxente entre os grupos parlamentarios; toda unha declara-



ción de intencións dun Goberno galego que vive de costas á realidade e nunha burbulla nos seus coches oficiais.

Para poñer en contexto a situación, moito antes da chegada do coronavirus o sector da carne no noso país viña sufrindo unha profunda crise, cobrando uns prezos que fan imposible a viabilidade de máis de dez mil explotacións profesionais e preto de vinte mil empregos, ademais do efecto devastador que ten no ámbito social e medioambiental do noso interior, xa que as ditas explotacións son a base esencial para a loita contra o abandono do noso rural e contra os incendios forestais.

Pero durante todos estes anos esta situación non foi un motivo de preocupación para un Goberno galego do señor Feijóo que observou con pasividade como isto sucedía sen tomar medidas efectivas para o sector.

A chegada da pandemia supuxo, a maiores, unha caída do consumo da carne derivado do peche nas canles de restauración, dunha caída do turismo e do peche dos mercados locais e das feiras, que fixo que a crise se agravase. Pero o Goberno galego non utilizou nin un só euro do seu orzamento en axudar o sector da carne. E dos 24 millóns de fondos do PDR que habilitou a Unión Europea, o Goberno da Xunta só utilizou 12 para axudas aos produtores, para poñer os 12 restantes en instrumentos financeiros para apoiar as adegas, que poderían terse habilitado por vía do Igape, un organismo que deixa todos os anos moitos millóns de euros sen executar.

Pero, despois da pandemia, señorías do Partido Popular, chegou a crise de prezos derivada da guerra en Ucraína e os custos de produción das explotacións multiplicáronse. E ese malvado Goberno de Pedro Sánchez no Estado pelexou en Europa para conseguir un cambio de orientación na política económica e axudar os sectores golpeados pola crise e puxo en marcha multitude de iniciativas, como os máis de 68 millóns de euros de axudas directas aos gandeiros galegos, 57 para os de leite, sendo Galicia a comunidade máis beneficiada de toda España, e máis de 11 millóns e medio para os gandeiros de carne.

Ademais, o Goberno de España activou axudas para paliar o incremento dos custos de fertilizantes, que beneficiaron 2.400 explotacións galegas, cunha contía de 1,3 millóns de euros. Negociou en Europa a autorización do uso de fondos Feader para apoiar as explotacións e empresas polo incremento de custos. Fixo que en Galicia se convocaran ademais por esta vía axudas por un valor duns 17 millóns de euros. Activouse a rebaixa de 20 céntimos por litro de combustible. Puxo en marcha a rebaixa do IRPF en estimación directa. Incrementou as axudas para a contratación de seguros. Implementou axudas para a bonificación de créditos. Ou posibilitou a exención do IVE rústico aos propietarios de explotacións que teñen redución significativa do rendemento da súa actividade.

E, mentres o Goberno do Estado facía isto, todos nos preguntamos que facía o Goberno do Partido Popular en Galicia. En marzo do ano pasado, o daquela presidente, o señor Feijóo, pediu publicamente que o Goberno do Estado puxese en axudas directas ao sector agrario a mesma cantidade que destinaba a Unión Europea por negociación do propio Goberno do Estado, que eran uns 65 millóns de euros. Feijóo, ademais, comprometíase a poñer dende a



Xunta de Galicia a mesma cantidade que Europa e que o Estado puxeran en Galicia. ¿Saben que pasou, señores do Partido Popular? Que o Goberno do Estado non puxo 65 millóns de euros, puxo 128 millóns para o dito sector, e o Goberno galego do señor Feijóo puxo cero euros de fondos propios do Goberno galego para axudar as explotacións do noso país, pese a que llo pediramos insistentemente con múltiples iniciativas deste grupo nesta cámara.

Ese é Alberto Núñez Feijóo, para quen non o coñeza fóra de Galicia, un gobernante que promete axudas e tres meses despois esquece a súa promesa; un dirixente moderado que xustifica a violencia machista porque un agresor teña un divorcio moi duro; un dirixente responsable que pide que governe a lista máis votada, sempre e cando esta sexa do Partido Popular —xa vemos o trágala da señora Guardiola en Estremadura—; un constitucionalista declarado que incumpre sistematicamente a Constitución impedindo a renovación do órgano da dirección dos xuíces dende hai máis de 1.670 días. (*Aplausos.*) Un Feijóo que non coñecen ben no resto do Estado, posto que, detrás dese rapaz humilde que naceu no rural do noso país, agóchase un home pegado a un cargo político dende que fora apadriñado por Romay Beccaría, un home que leva nada máis e nada menos que trinta e dous anos subido a un coche oficial e que se permitía o luxo, nos tempos nos que a droga facía estragos en Galicia, de ir de vacacións cun narcotraficante xa condenado sen dar ningún tipo de explicacións sobre esa relación tan estreita. (*Murmurios.*) Non é unha barbaridade, señor Balseiro, é unha realidade. (*Aplausos.*) Un home que cobra un sobresoldo de 4.000 euros ao mes do seu partido pero non explica de onde proceden; e un presidente que atesoura uns datos nefastos sobre a súa xestión á fronte da Xunta de Galicia durante trece anos, tal como recolle o informe do Consello Económico e Social do ano 2022, que fala da perda de 47.000 mil postos de traballo no sector industrial en Galicia dende o ano 2008, nada máis e nada menos que un 22 por cento dos postos que existían na industria no ano 2008, e un informe que fala da perda de 30.000 postos de traballo no sector agrario, un 31 por cento dos postos de traballo que existía neste sector no ano 2008.

É dicir, señores do Partido Popular, en Galicia nos trece anos de mandato de Feijóo perdéronse dous de cada dez empregos na industria e tres de cada dez empregos no sector agrario. Esa é a realidade que hai detrás desa imaxe do gran xestor que é Feijóo.

E se falamos da súa xestión para a loita contra o abandono e envellecemento deste país, dese home que podería ser o primeiro presidente nacido no rural, vemos como Feijóo foi unha auténtica arma letal para o rural galego, cos peores datos de toda España, e como a poboación desa Galicia interior pasou de ter 820.000 habitantes no ano 2008 a ter 740.000 en 2022, é dicir, 60.000 habitantes menos neses trece anos marabillosos de xestión do señor Feijóo e a súa fonda preocupación polo rural. E todos son datos que recolle o CES.

Neste mes de abril de 2023, poucas datas antes das eleccións municipais, vimos como algúns produtores de tenreira galega suprema se manifestaban ás portas da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, pedindo axuda ao Goberno galego para que se lles pague un prezo xusto pola carne que producen; unhas mobilizacións nas que vimos a participación activa dos máximos representantes do Partido Popular de Lugo, que se manifestaban contra si mesmos pouco antes das eleccións municipais.



Nesas mobilizacións o conselleiro do Medio Rural reuníase cos gandeiros concentrados e acordaba con eles habilitar unha partida de 12 millóns de euros en axudas directas da Xunta de Galicia para complementar nun euro por quilo de carne o prezo actual dos tenreiros, que situaban ao redor dos 5,60 euros por quilo. Esta axuda dixeron que chegaría ás explotacións neste ano 2023 e estableceron que non se pagaría por vaca de cría nin por número de hectáreas, senón que se faría por quilo de carne certificada dentro da indicación xeográfica de Ternera Gallega Suprema, e anunciaron que esta axuda se prolongaría por un mínimo de dous anos.

Señorías do Partido Popular, se realmente existe esa preocupación polo sector da carne de vacún e o seu futuro, a estas alturas as axudas xa deberan de estar en funcionamento —estamos no mes de xullo e polo tanto queda pouco do ano— e non debiera de ser necesario que o noso grupo presentara esta iniciativa, e ademais no Goberno galego deberon de pensar en facelo para todos os produtores de tenreira e non só os de Suprema.

Pero, despois de observar o incumprimento da promesa do Goberno galego de axudas directas con fondos propios que fixera o señor Feijóo en marzo do ano 2022, no que non destinaron nin un só euro de axudas directas con fondos propios ao sector, asistimos a unha nova promesa de axudas directas realizada a poucas datas da celebración das eleccións municipais de 2023, e, como comprenderán, despois do comentado nesta iniciativa, a credibilidade do Goberno galego é nula.

Por iso hoxe, dende o Grupo Socialista, non vimos pedir nada innovador, vimos comprobar se o Goberno do Partido Popular cumpre coa palabra dada en abril de 2023 aos gandeiros que se concentraban diante da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, e por iso non desexamos modificar absolutamente ningún punto da nosa iniciativa, xa que desexamos saber se o Goberno galego quere cumprir o prometido ou simplemente foi un movemento electoral para intentar reunir os votos suficientes para cambiar o goberno na Deputación de Lugo, utilizando para iso os problemas dos nosos gandeiros.

Señores do Partido Popular, as súas promesas son os acordos desta iniciativa e, polo tanto, entendemos que o grupo que sustenta o Goberno galego vai votar a favor dela, porque é o mesmo que prometeron só hai tres meses. Nas súas mans está que cambie a política de promesas incumpridas ou que realmente o Partido Popular de Galicia force o seu Goberno a tomar medidas efectivas para loitar contra o abandono e contra o envellecemento e para axudar o sector da carne, que o está a pasar realmente mal.

Moitas grazas e nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.



Bo día a todos e a todas.

A quen se lle diga que en 2022 o prezo da carne de vacún seguía ancorado nos tempos de María Castaña, seguro que se resiste a crelo, pero éles así. Hai un ano e pico, 4,40 euros/quilo/canal era o prezo normal que se pagaba. Logo veu a extorsión mafiosa das eléctricas, a suba dos combustibles e o disparatado aumento dos insumos e dos fertilizantes, debido á dependencia que temos do exterior, mentres nas nosas terras arden nun estoupido de carraxe polo abandono consentido; outros din que pola invasión rusa; tanto ten.

Os feitos son que os custos de produción se dispararon, e a situación, se era xa grave, volveuse insostible para o sector da carne de vacún, e comezaron a aparecer axudas. O Real decreto 428/2022, do ministerio, nun alarde de descoñecemento, unha vez máis, da realidade deste noso país, ignora as pequenas e medianas explotacións de orientación produtiva mixta e deixa fóra os xatos por consideralos actividade complementaria das vacas nutrices, do que se desprende que nas explotacións en extensivo de carne os gandeiros dedícanse á cría deportiva de vacas nutrices; o dos xatos é aleatorio.

Claro que aí tiñamos os campións do Partido Popular, que, nese clásico e aborrecido *y tú más*, anuncia 17 millóns para complementar estas axudas do MAPA, e, curiosamente, este Partido Popular que di ser de aquí pois tamén descoñece as necesidades do vacún da carne galega e vai e tamén exclúe das súas axudas os xatos das explotacións mixtas, ¡mira que ben!; claro que despois fai unha corrección incorrecta e inclúe os xatos, pero cun pago por tramos. En fin, unha chafallada máis para esa avultada axenda de chafalladas do Partido Popular.

Tiñamos tamén un outro precedente chafalleiro. Nas axudas pola covid-19, ¿lembran que excluiron as granxas de menos de dez vacas nutrices, que veñen sendo máis ou menos dez mil, a metade das existentes?, unha vez máis sacando peito e afirmando que esas vacas non comen nin xogan un papel importante no tecido económico das nosas aldeas.

E deste teatro afeccionado, ambulante, o 25 de marzo do pasado ano estreábase un sainete en formato protocolo no que Unións Agrarias aparecía como mestre de cerimonias e no que no segundo considerando do encabezamento se afirmaba, impudicamente, que como a situación —a guerra de Ucraína e as extorsións amentadas— poñía en perigo a viabilidade do sector do vacún de carne, facíase necesario garantir de xeito excepcional e temporalmente limitada a súa sostibilidade económica. ¡Manda truco! Uns e outros recoñecían a inutilidade da Lei da cadea alimentaria cando acordaban cumprila de xeito excepcional e limitado temporalmente.

O elenco de actores e actrices non estaba completo, nin moito menos. Outras organizacións agrarias e asociacións profesionais non estaban ao tanto nin do guión nin da montaxe, nin da estrea; sorpresa e inmediatez. E a carne subía para o consumidor nos puntos de venda, pero en orixe, para produtores e produtoras, apenas subía unhas calderillas para disimular.

Falaba tal protocolo da carne, en marzo de 2022 —non se esquezan—, de custos de produción cifrados en 6,20 euros/quilo/canal; ninguén pagou ao longo dese 2022 por riba dos 5 euros. E todos facían que facían, pero ninguén facía nada; uns enchían os petos e outros blasfemaban en arameo.



E falábase da Conta Carne, unha aplicación da Xunta para calcular os custos de produción semellante á Conta Láctea. ¿Para? Se a Lei da cadea alimentaria non se cumpre, se a industria e a distribución —en forma de *lobbys*— presionan brutalmente para evitar que se establezan mecanismos de cálculo de custos de produción que condicionen os contratos, se os partidos dos gobernos central e autonómico baixan as orellas e repiten «si, bwana», por tanto, unha vez máis, desde o BNG vémonos na obriga de lembrarlles, señorías, a necesidade do compromiso público e formal para a reforma desta lei neste sentido, como a única medida que poña un pouco de sentidiño neste tema da carne e noutros temas.

E houbo en todo este tempo hábiles manobras para dilatar o tempo e para capear o cabreo dos produtores. Velaí o capítulo das axudas. Todo se reduce ao mesmo: esmolos ao sector produtivo, que non as quere, que só reclama un prezo razoable polo seu produto, prezo que ninguén lles quere garantir.

E para continuar neste abuso reiterado, nada mellor que establecer divisións, categorías e culpables alleos á realidade. E neste capítulo o Partido Popular ten un máster. E así a culpa dos baixos prezos é das pequenas e medianas granxas, que non teñen futuro, que teñen un produto final nada homoxéneo nin nada *guay del Paraguay*. Velaí o xeito, velaí o vello e novo debate, produto final en mans dos profesionais do cebo, onde Novafriga e os cebadoiros teñen a manda. Din estes novos vellos gurús que a calidade está na homoxeneización do produto final: mesmos quilos, mesma alimentación, mesma estampa, mesmo sabor, coma se de polos de granxa se tratase.

E non tenten, señorías do PP, negar estes argumentos, porque non hai máis que ler a emenda que propoñen para esta moción: axudas directas ligadas á produción de carne de calidade. ¿Cal é o criterio que establece esta calidade? ¿As chamadas granxas profesionais? E, por outro lado, reforzando o compromiso con este sector para que non se perda en explotacións no vacún de carne. ¿As pequenas e medianas explotacións, as mixtas, non teñen dereito ou si? Aclárense.

¿Onde está o compromiso da Xunta? ¿En que quedamos, a todos ou a uns escolleitos? ¿Con que criterio? ¿Non estabamos en que só poderían sobrevivir as explotacións profesionais? Pois nestas andamos.

E digo eu: mentres non se consegue que a Lei da cadea valla para algo, para os produtores e produtoras, e dea valor aos sectores produtivos, cumpran coas promesas feitas, pero cumpran ben, porque non hai produtores de primeira e de segunda no sector da carne de vacún, porque a calidade do produto non depende do número de cabezas que teñen as granxas, porque as explotacións de vacún, de carne en extensivo, cumpren tamén a función de loita contra os lumes, xestionando biomasa, e aí esas pequenas e medianas granxas son chave.

Agora debería facer unha loa, o máis poética posible, do tesón e da abnegación dos nosos bravos e sufridos gandeiros e bla, bla, bla, bla..., e non o vou facer. Desde o BNG procuramos non faltarlle ao respecto á xente, e así o mellor recoñecemento que podemos facerlle ao sector vai na nosa emenda a esta PNL: a non discriminación de ninguén por intereses de grupos de presión da carne. Páguese o prometido a toda a carne de vacún por quilo/canal sacrificada



dentro da legalidade, veña de cebadoiro ou de explotación mixta, grande ou pequena, branca ou negra.

A vaquiña polo que vale, e a vaquiña vale moito, forma parte da existencia —resistencia— deste país. Unha gran parte das nosas granxas sonlles de carácter cárnico mixto (vacún-ovino, cabrún-cabalar, ata porcino), polo que a aplicación destas axudas prometidas debería ser acorde con esta realidade galega.

A utilización combinada destas especies proporciona un valor engadido no mantemento das superficies agrarias, nomeadamente nas zonas de montaña, polo que as granxas cárnicas mixtas deberían ser un dos eixos a potenciar pola Administración galega.

O cambio climático está aí, diga o que diga Vox, e diga o que diga o conselleiro nas declaracións de Sandiás. Pague, cumpran co comprometido, e lembren o da Lei da cadea alimentaria. O resto é falar por falar, son lérias.

Por tanto, a nosa proposta de emenda é substituír «tenreira galega» por «vacún de carne» e «carne certificada» por «carne sacrificada».

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rivas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra José Antonio Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Seco, o Partido Socialista de Galicia moi nerviosos os vexo, alégrense un pouquiño, tampouco, non sei... Eu creo que todos estes cualificativos que lle dan vostedes ao señor Núñez Feijóo son bastante significativos, significativos, posiblemente, da derrota que van sufrir vostedes o día 23 de xullo; téñano vostede moi claro, moi claro. (Aplausos.)

Pero mire, eu non vou vir falar aquí precisamente do home que agora lle cambiou a palabra «mentira» por outra cousa, «cambiar de criterio» chámasele agora «mentira» por parte do Partido Socialista. Ben, pois mire, nós aquí non imos cambiar de criterio e imos saír cun compromiso firme a pesar de que vostedes non admitiran a nosa emenda, para transmitirles aos gandeiros o noso compromiso con eles e, por suposto tamén, con todos os compromisos que fomos adquirindo ao longo do tempo. E iso é froito dun contacto directo que facemos con eles.

Miren, temos moi claro que cando presentamos a nosa emenda contemplamos de maneira moi clara e manifesta que as axudas tiñan que ser directas ao sector cárnico, a todo o sector cárnico, e, por suposto tamén, para reforzar o compromiso de non perder as explotacións de vacún de carne, porque evidentemente os seus custos e o que é o día a día desas explotacións nós sabemos que é moi difícil.



Vostedes, desde o Partido Socialista, fálannos dunha cantidade de 12 millóns de euros, e a miña pregunta é: e se non chega a esa cantidade, ¿que facemos? ¿A quen lle botamos a culpa?

Falan tamén de fondos propios. ¿Realmente é tan importante que sexan fondos propios? Eu entendo que pode ser moeda de curso legal e que pode vir de calquera lado. Eu entendo que o que é importante é atender ás demandas que ten agora mesmo este sector.

Imos ver, ¿tan importante é o fin ou os medios? Eu penso que o fin. ¿Que é? ¿Que teñan as axudas o antes posible? Eu penso que tamén. ¿Que importa entón aquí? ¿A lea política? Pois nós non imos entrar nesa lea política, porque, dende logo, nós o que temos que facer é escoitar as demandas do sector, tal e como fixo o Partido Popular de Lugo, si, efectivamente. E, por suposto, nós entendemos que vostedes pois agora teñen esa mala conciencia de ter chegado ao mellor un pouquiño tarde; entón, ben, pois imos intentar comprometer un pouquiño, a ver se nós podemos xustificar tamén pois chegar tarde.

Iso, por suposto, é non escoitar o sector. Ese foi o pecado que cometeu o Partido Popular de Lugo: escoitar o sector. E, froito diso, nós entendemos que ese pasado 15 de maio do ano 2023 si houbo unha xuntanza coa Asociación de Gandeiros Galegos de Suprema en Lugo. E aí a Xunta dende logo que acadou un apoio á Asociación de Gandeiros Galegos de Suprema e ás propostas para o vacún de carne realizadas conxuntamente polo Goberno galego e as asociacións e sindicatos, organizacións agrarias da nosa comunidade, que demandaban unha reunión urxente co ministerio. E, entre outras cousas, reclamábanlle o incremento das axudas por vaca nutriz de carne, tamén que se modificasen as axudas do primeiro piar da PAC, co gallo de que haxa máis fondos para o vacún de carne, tal e como se vén facendo por parte da Xunta nos últimos anos co incremento das axudas do segundo piar, que son as que lle competen.

E por suposto tamén nese encontro ao que facemos alusión se acadou cos representantes do Goberno galego o compromiso de implantar unha liña de axudas directas ligada á produción de carne de calidade, e máis concretamente tamén coa de Ternera Gallega Suprema. E iso, ademais, é traballar conxuntamente para que no marco dun grupo de traballo, acordado co sector —insisto: acordado co sector—, pois se avalíen os efectos da seca e a suba dos custos de produción, que é o que realmente lastra agora mesmo os nosos gandeiros.

Froito deses compromisos, na primeira quincena de xullo Unións Agrarias, a Asociación Agraria de Galicia, o Sindicato Labrego Galego e a Asociación Galega de Cooperativas, xunto coa Consellería do Medio Rural, comezaron a analizar o sector para que se atopasen cales eran as consecuencias reais da seca na nosa comunidade. A Xunta e o sector coincidiron en sinalar que o Goberno central non tivo en conta nin as comunidades autónomas nin as organizacións agrarias —non creo que isto mo poida negar— e, á hora de decidir as achegas directas pola seca, deixaron os gandeiros galegos percibindo tan só un 25 por cento dos importes previstos para cada especie e orientación produtiva, porcentaxe que se destinaba ás comunidades autónomas e o Executivo de Madrid establecía como afección moderada.

Por todo isto, o Consellería do Medio Rural remitiu unha carta ao ministro para demandar unha reunión co gallo de tratar a discriminación territorial de Galicia respecto da repartición



de axudas directas, unha misiva que ía asinada non soamente polo conselleiro, senón tamén asinada por Unións Agrarias, a Asociación Agraria de Galicia, o Sindicato Labrego Galego, a Asociación Galega de Cooperativas e o Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida de Carne de Vacún de Galicia.

Esta é a forma que ten de traballar o Goberno galego: escoitando as organizacións, escoitando os afectados e sobre todo mediando e buscando solucións.

Pero non soamente quedamos na parte reivindicativa, ¡ollo! Tamén traducimos nós isto en compromisos e en feitos, compromisos que ten o Goberno galego e feitos que tamén ten o Goberno galego, e que seguro que vostede coñece perfectamente, a través da Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia do ano 2022 ao 2030, que se está a desenvolver —in-sisto— da man do sector.

E isto contempla actuacións para promover, por exemplo, a mellora xenética das razas autóctonas, onde este ano quedan convocadas axudas para o fomento das mesmas, cun orzamento de 220.000 euros. Por suposto, tamén se traballa no eido normativo, e froito diso é a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, que xa está a mobilizar máis de dez mil hectáreas, e dentro da mesma hai actuacións como o Plan de pastos, que permite aumentar a base territorial das explotacións facilitando a adaptación da produción cárnica, é dicir, facilitándolle esa gran demanda que ten o sector de máis masa para as súas explotacións.

E tamén, por suposto, me quero deter na futura Lei de calidade alimentaria, na que se vai asentar a produción de proximidade, que se fará xa sustentable e sobre todo de calidade, que é o que identifica Galicia.

Mire, adicionalmente solicitouse que se defendera tamén a baixada do IVE. ¿Que opinan vostedes diso? ¿Están vostedes de acordo en que esta medida, a baixada do IVE na carne e o pescado, como medida extraordinaria para paliar esa suba de prezos que se está a experimentar especialmente nos últimos meses, é unha reivindicación axeitada e válida? Gustaríame escoitalo.

Tamén me gustaría sinalar que, dentro da estratexia loxicamente do sector da carne e do leite, tivemos que pór en marcha ferramentas como son as de contabilidade e de acceso directo de balde á Conta Láctea e Conta Carne, que isto viña proveniente da Lei da cadea alimentaria, por certo un dos aspectos que vostedes non contemplaron dentro da reforma da Lei da cadea alimentaria, que nós seguimos dicindo que hai que reformar, e que nós estamos seguros de que a partir do día 23, cun galego no Goberno do Estado, vai ser posible facer este cambio e que dalgunha forma... (*Murmurios.*) Si, ríanse, porque aquí do que se trata é de que os gandeiros non estean traballando simplemente para quentar, os gandeiros tamén teñen dereito a ter beneficios, e iso é o que vai ter que contemplar a Lei da cadea alimentaria, e iso vaino facer posible un galego: Alberto Núñez Feijóo. (*Murmurios.*)

Dígolles máis. Si, si. Aquí estamos falando tamén moitas veces tamén das diferentes axudas e de que o Goberno galego non se compromete. Pois miren, hai bastantes axudas específicas para o sector da carne que se van achegar durante este ano 2022 e 2023, un total de 27,25



millóns de euros, e por suposto tamén se van facer outras achegas nos próximos meses, que se realizarán por importe de 15.670.000 euros.

Tamén cabe sinalar que a través do real decreto do que falaba vostede antes, o 6/2022, do 29 de marzo, e o Real decreto 421/2022, do 7 de xuño, non deixaron marxe de manobra ningunha á Consellería do Medio Rural para repartir os fondos do mellor xeito, a pesar da insistencia desta administración ante a Administración central, e isto provocou un evidente desequilibrio entre os orzamentos percibidos polos gandeiros de leite e os gandeiros de carne, e isto en prexuízo destes últimos.

O sector da carne precisa dunha inxección de liquidez para evitar o peche de moitas explotacións que teñen as súas contas lastradas polos altos prezos das materias primas e dos insumos e os baixos prezos dos seus produtos. A Consellería do Medio Rural convocou resolver unhas axudas extraordinarias para o sector da carne en pouco máis de dous meses, e disto resultaron beneficiadas case oito mil explotacións, con axudas de media de 2.000 euros, por un importe total de 15.670.000 euros.

Cabería tamén indicar a necesidade de seguir afondando nas medidas de reequilibrio contable das explotacións, ademais de non perder de vista a evolución do sector nos vindeiros meses.

Polo tanto, creo que queda bastante clara e manifesta cal é a postura deste grupo parlamentario. Quedou clara cando nós lle propuxemos emendar este texto, para saír de aquí cunha mensaxe clara, directa e especialmente de compromiso, porque esa é a palabra clave nesta iniciativa, para que o Goberno galego habilite eses fondos necesarios para que teñamos unha realidade que chegara a todos os gandeiros de carne, e sobre todo que todos poidan recibir as cantidades en tempo e forma, tal como foi o compromiso e así vai ser.

O demais, xa lles podo dicir: poden vostedes vir contar aquí o que queiran; serán, como din vostedes, «cambios de criterio».

Nada máis, moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o autor da proposición non de lei, don Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Certamente concordo coa súa última parte, na que dicía vostede que as explotacións de carne necesitan unha inxección económica á parte doutras medidas estruturais, evidentemente, para que se lles pague un prezo axeitado polos seus produtos. E, polo tanto, o único que facemos nós aquí é transcribir a súa promesa do mes de abril do ano 2023, que saíu nos medios de comunicación, transcribila e traela aquí, para ver se vostedes queren votar o mesmo que dixeron hai tres meses.



E, polo tanto, nesa liña, dicirlle ao voceiro do BNG que non é que non esteamos de acordo coa súa emenda. Enténdame ben: non é unha medida que nós implementariamos dende o Partido Socialista deste xeito. O que estamos intentando medir é se o Partido Popular é capaz de comprometerse a cumprir o que dixo no mes de abril; simplemente este é o motivo da nosa iniciativa. Porque ben é certo que estamos xa no mes de xullo, que o mes de agosto é un mes practicamente inhábil para a Administración, e van quedar practicamente tres meses para rematar o ano 2023 e vostedes prometeron que estas axudas xa estarían implementadas no ano 2023, e, polo tanto, non sei a que están esperando.

Deberan sentarse e falar coas organizacións agrarias, tanto co Sindicato Labrego Galego como con Unións Agrarias, como tamén coas cooperativas, e buscar a forma de implementación xa, inminente, para que chegue no ano 2023.

E mire, vostede di que igual non chegan 12 millóns, pero é que 12 millóns é máis que cero, cero é o que implementaron ata agora en axudas ao sector da carne, e 12 millóns é máis que cero. Ademais, unha partida pódese suplementar nun momento determinado por parte da Administración.

E vostede di: ¿que máis dá que sexan fondos propios que sexan doutro tipo? Non lles minta aos cidadáns, señor Armada. Os fondos Feader, os fondos do PDR, son fondos europeos que xa son do sector agrario galego, xa son deles, e o que non lles podemos facer é meterlles a man na hucha para dállelo na outra. Eses xa son fondos dos nosos agricultores. Polo tanto, utilicen os fondos propios da Xunta de Galicia, que utilizaron —volvo repetirles— cero euros cunha pandemia, cunha crise de prezos espeluznante, e a Xunta de Galicia puxo cero euros, nin un só.

Ademais, utilizaron patrañas. Vostedes case empezaron dicindo, cando trouxemos multitude de iniciativas durante o ano 2022, que tanto o Goberno do Estado como a normativa que puxera en funcionamento non permitía o uso de fondos propios. E vostedes, no debate, déronse conta de que era falso. Tanto é así que vostedes din que chegou tarde. Non, o que chegou tarde é a interpretación da Xunta de Galicia, que non entendeu que si que se poderían poñer fondos propios. Outras autonomías, outras administracións fixérono. ¿Ou incorreron nalgún delito na Deputación da Coruña cando puxeron fondos propios para axudar o sector agrario? Dígame vostede, porque, se fora así, supoño que estarán vostedes denunciando o tema no xulgado.

Vostedes saben que non implementaron fondos propios porque non teñen desexo de facelo, única e exclusivamente. E vostede, cando fala desas insuficientes axudas para a seca en Galicia, que por certo son 11 millóns de euros que pon o Estado, a Xunta de Galicia ata o día de hoxe puxo cero euros, volvemos falar do mesmo: ¿son insuficientes? Supoño que si, e supoño que haberá que buscar formas de compensación, pero a Xunta de Galicia puxo cero e pode implementar fondos propios e tamén fondos do PDR para axudar os agricultores e gandeiros por motivo da seca. Pero vostedes seguen a falar do de sempre, dese plan estratéxico, que supoño que cando desaparezan todas as explotacións de carne empezará a funcionar.

Falan de baixar os impostos a certos produtos como a carne, pero mire, fíxese nunha cousa: había outro galego, como di vostede, outro galego que tamén quería chegar á Moncloa, e



cando estabamos na crise financeira el prometía que ía baixar todos os impostos; non foi hai tanto tempo, era o señor Rajoy; e cando chegou ao Goberno subiu absolutamente todos os impostos neste país, empezando polo IVE, impostos eléctricos, absolutamente todos os impostos. Ou sexa, que a credibilidade do Partido Popular nesta materia realmente é cero.

Non existe ningún tipo de credibilidade, porque vostedes din sempre unha cousa cando non gobernan e outra cando chegan a gobernar. Por iso isto de falar de mentiras e cambios de criterio, co que estamos asistindo estes días por parte de Alberto Núñez Feijóo, que un día di que ten que gobernar a lista máis votada, o día seguinte di: ben, se temos que gobernar con Vox, gobernaremos con Vox, agora xa admite que vai gobernar con Vox en España, antonte non, un día di unha cousa e outro día di a contraria, realmente, despois do esperpento que tivemos que vivir co tema de Extremadura, non están vostedes para dar moitas leccións sobre esta cuestión.

E, ademais, fíxense vostedes que deberían de poñerlle un pouco de sentido á forma de gobernar despois do esperpento que estamos vivindo, e máis nesta materia de medio rural no resto das comunidades autónomas, onde o Partido Popular necesita de Vox para gobernar, onde sistematicamente lle está entregando a xestión do medio rural e da agricultura, e logo temos que asistir a esperpentos como o que vivimos en Castela e León, onde se pedía que se flexibilizasen as medidas contra a tuberculose bovina, con todo o que traería consigo isto a nivel da comercialización dos nosos produtos no resto de España e no resto do mundo.

Señores do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...—xa remato— simplemente cumbran o prometido, fagan que os cidadáns non pensen que iso foi simplemente unha medida do Partido Popular para intentar gañar a Deputación de Lugo, que iso é o que pensan moitos cidadáns; tomen medidas e implementen fondos propios, 12 millóns, 14, 16, os que queiran, pero implementen medidas con axudas directas ao sector da carne, que iso é o que prometeron.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Entendo que non acepta ningunha das emendas.

(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe de mandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria



A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, e para formulala, por tempo de dez minutos, ten a palabra don Alberto Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

A verdade é que acabamos de asistir a un espectáculo interesante, ¿non?: a intervención dunha voceira socialista pedindo que nos cinguísemos todos ao tema que se está debatendo, que produce un escándalo que non se faga, para a continuación que veña o seguinte voceiro socialista a falar exclusivamente dun señor que parece que deixou un grato recordo en todas as señorías, un tal Alberto Núñez Feijóo, que vai ser presidente de todos os españois dentro de moi poucos días. E a isto dedican vostedes os seus esforzos, a falar do futuro presidente de España e a convencer os galegos de que estiveron equivocados mentres o elixiron presidente de Galicia durante catorce anos consecutivos. ¡Parabéns!, van ter un grande éxito. (Aplausos.)

Eu, como vou quedar máis coa primeira intervención que coa segunda, pois vou intentar cinguirme ao tema que nos trae hoxe aquí. Porque, señorías, eu quero insistir unha vez máis en que, fronte a esas mensaxes catastrofistas propagadas polos profetas da apocalipse sanitaria, esa apocalipse que nunca chega por certo, eu creo que a realidade amosa que o conxunto da sanidade española —digo: da sanidade española— segue a gozar de excelente saúde. Eu creo que un ten que falar ben do seu país en xeral. E eu creo que a inmensa maioría dos informes internacionais sobre calidade e eficiencia sanitaria seguen a situar o noso país, España, recorrentemente no *top ten* da sanidade pública internacional entre os países máis desenvolvidos.

Vostedes poden comprobar os informes da Organización Mundial da Saúde ou os de Bloomberg —dá igual; escollan os que escollan, cada un deles avalía distintos medidores, iso é certo, distintas metodoloxías—, pero as conclusións son bastante semellantes: en xeral España está entre os mellores sistemas sanitarios do mundo.

Eu creo que, sen dúbida, esa é unha boa noticia, é unha boa noticia para España en xeral e tamén unha boa noticia para Galicia en particular, porque a sanidade pública galega ten experimentado nos últimos anos unha evolución que a sitúa tamén entre as mellores do noso país. E, polo tanto, se somos un dos mellores dentro dun país que xa está entre os mellores, creo que os galegos deberían de estar satisfeitos, porque teñen un servizo sanitario certamente de calidade. Así o acreditan os datos do Ministerio de Sanidade: investimentos en prazas MIR, mellora de condicións laborais, ratios profesionais en atención primaria. Somos unha das comunidades con menor número de prazas de pediatría atendidas por médicos de familia e non por profesionais específicos.

Incluso antes escoitaba falar un voceiro socialista das listas de espera. Os últimos datos da lista de espera publicados polo Ministerio de Sanidade (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*), dirixido por un socialista —supoño que lle dará certa fiabilidade—: situación da lista de espera cirúrxica do Sistema nacional de saúde, tempo medio de espera no total do



país, 122 días. Esta é a media española de tempo de espera en cirurxía. Galicia, 75. Somos a terceira cun tempo de espera máis curto. A min sorprendeume que vostede nos situase case ao borde da apocalipse cando somos a terceira mellor comunidade en tempo de espera segundo os seus propios datos, os que facilita o ministerio de España.

Pero, se queren, imos aos de consulta (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*): datos de demora en consulta, tempo medio de espera en días, media nacional, 95 días para unha consulta; porcentaxe medio de espera en Galicia, 66 días.

E eu creo que isto non implica que non teñamos que mellorar. Creo que todos desexamos unha mellora deses tempos de espera, e máis despois do atraso que sufriron causado por unha pandemia que sufrimos o conxunto da sociedade mundial —atreveríame a dicir—. Pero ¡home!, un pouco de rigor á hora de establecer certas comparativas.

Pero que somos unha boa sanidade tamén o corrobora a opinión dos pacientes. Só hai que comprobar o último barómetro sanitario. Preferencia pola sanidade pública para unha cita na atención primaria ou na pediatría: os galegos prefiren que sexa na sanidade pública nun 76,5 por cento, por enriba da media nacional, dun 68,6 por cento. Eu creo que nisto deberíamos de coincidir todos, en que implica unha certa confianza no sistema de atención pública galego. E a nós parécenos que é unha moi boa noticia.

Pero, incluso, ata os maiores críticos da xestión por parte do Goberno da Xunta de Galicia teñen que recoñecer a mellora substancial que se vén producindo na nosa sanidade nas últimas décadas. (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) Ránking da Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública: *Los servicios sanitarios de las comunidades autónomas, Informe 2023*. Van vostedes á súa páxina 9, teñen publicado un cadriño, creo que é bastante interesante, no que fan a comparativa de como deixaron vostedes a sanidade no 2009 cando saíron, eramos a terceira peor sanidade pola cola, e como está a sanidade en 2023. Pois somos a sexta mellor sanidade do país, segundo a Asociación en Defensa da Sanidade Pública, esa que vostedes aplauden con tanto entusiasmo cando se dedica a poñer a caldo o Goberno galego pero que despois, cando publica o ránking que elabora cos seus propios datos, a ignoran totalmente, señorías.

Nembargantes, eu creo que defender a calidade do sistema galego de saúde non implica pechar os ollos ás dificultades que estamos sufrindo, porque é certo que estamos sufrindo dificultades, as mesmas dificultades que padecen o conxunto das comunidades autónomas de España e que derivan fundamentalmente do déficit de especialistas en atención primaria. Esta é unha realidade, unha realidade obxectiva.

Unha realidade que motivou, por exemplo, que se produciran distintas folgas e mobilizacións na práctica totalidade de comunidades autónomas. As últimas delas, por certo, producíronse en Ceuta e Melilla, os únicos territorios de xestión sanitaria que competen ao Ministerio de Sanidade, que tamén ten dificultades, non só para cubrir a demanda de novos profesionais de atención primaria neste territorio da súa competencia directa, senón tamén na sanidade penitenciaria e tamén no Instituto Social da Mariña, onde os galegos sabemos ben, sobre todo as xentes do mar, o déficit de profesionais que se está a sufrir. Houbo folgas e mobili-



zacións en Andalucía, Asturias, Cantabria, Canarias, País Vasco, Aragón, Cataluña, Madrid, Extremadura, Valencia, Navarra, Rioja, Murcia e esta última que citei, Ceuta e Melilla. A única excepción foi as Illas Baleares, onde non houbo mobilizacións, e non houbo mobilizacións porque o seu Goberno preferiu asinar un convenio, un contrato, un pacto, un acordo —chámenlle vostedes como queiran— no que se comprometía a tomar unha serie de medidas que agora lle están demandando que cumpra, porque unha cousa é comprometer que vas contratar profesionais e outra cousa é contratalos cando non existen; e agora a demanda daqueles que asinaron ese pacto pola sanidade balear é que o Goberno non está cumprindo os seus compromisos.

É tal a realidade que lles describo que tamén motivou que no pico da variante ómicron da covid, naquel pico que tensionou a atención primaria de todas as comunidades autónomas de España, o Ministerio de Sanidade habilitou como solución a contratación de médicos xubilados, permitíanos flexibilizar os criterios para contratar médicos xubilados; non enviou orzamento para contratar máis médicos de primaria. E como non quero que pensen que todo o achaco á maldade intrínseca do señor Sánchez, creo que non o fixo por maldade; creo que o fixo porque é perfectamente consciente de que non hai médicos de atención primaria que contratar e por iso houbo que habilitar outro tipo de medidas máis eficaces.

Este problema, coñecido por todos e compartido por todas as comunidades, motivou que o Goberno Rajoy constituíra un grupo de análise no que o ministerio e as comunidades autónomas, todas, pactaron en abril do ano 2018 unha serie de medidas para afrontar ese déficit de profesionais. E a realidade é que a chegada do Goberno Sánchez, tres meses despois de alcanzar ese acordo, supuxo a total paralización do impulso a eses acordos. Aínda máis, atrevome a dicir máis: o paso da oposición ao Goberno motivou un cambio de prioridades en todo o socialismo patrio e os mesmos que demandaban a solución inmediata daquel problema pasaron a votar sistematicamente en contra do cumprimento dos acordos acadados.

Galicia non mudou de opinión; de feito, o que fixo foi impulsar, co País Vasco, un manifesto reclamando medidas urxentes, aquelas que xa acordamos todos. Ese manifesto foi acordado por todas as comunidades autónomas, agás as que tiñan gobernos socialistas, por todas, de calquera signo político, e tamén foi aprobado no Congreso dos Deputados como resolución nun debate do estado na nación, tamén é certo que sen o apoio do Partido Socialista Obreiro Español.

Fronte á inacción do Goberno Sánchez, Galicia leva anos tomando medidas para paliar este déficit de profesionais, medidas que este goberno por certo tivo que tomar en solitario, ante a total ausencia de compromiso dunha oposición máis preocupada polos seus intereses electorais que polas necesidades reais da sanidade pública.

Incorporamos novos profesionais de distintas categorías, máis de 331 prazas no Plan galego de atención primaria, 28 farmacéuticos, 81 persoal de enfermaría de primaria, 120 prazas no Plan Galego de saúde, máis de 270 administrativos para alixeirar o traballo administrativo dos galenos dende a pandemia; tamén dotando de maior estabilidade as prazas, o que nos levou a ser unha das comunidades autónomas cunha menor ratio de inestabilidade laboral no seu cadro de traballadores; duplicando o número de prazas formativas, pasando



das 98 de 2017 ás 206 que hai hoxe, ao igual que se duplicaron as prazas formativas da enfermía; mellorando as condicións salariais dos sanitarios, a través de distintos acordos, un deles o tramo de complemento da carreira profesional, que incrementou como media un 5,92 por cento as retribucións dos nosos profesionais (hai que recordar que a carreira afecta máis dun 90 por cento dos profesionais); implementando melloras organizativas, a extensión do sistema Xide ou protocolos de enfermía para anticoagulantes, os máis de cen centros que xa contan co CRM100 para a devolución de chamadas, devolución de chamadas que se producen nun 90 por cento nas primeiras vinte e catro horas; creación das axendas de calidade; tomar a decisión de que a atención primaria xa puidera solicitar directamente as mesmas probas diagnósticas que a atención hospitalaria; ou investindo máis e mellor en atención primaria, 100 millóns máis en atención primaria desde o 2009.

Pero o certo é que a solución definitiva a este problema require, imprescindiblemente, do compromiso do Goberno de España, ao que demandamos na nosa iniciativa cinco medidas concretas e creo que inaprazables: a reforma do sistema de elección de prazas para dotala da flexibilidade necesaria para a súa cobertura, acelerar a creación da especialidade de urxencias, mudar os requisitos de acreditación de unidades formativas, aumentar a oferta de prazas MIR en atención primaria e mellorar o rexistro estatal de profesionais sanitarios. Medidas que vostedes apoiaron cando Sánchez era a oposición, medidas que esqueceron cando estaban no Goberno e medidas que volverán exixir con total vehemencia dentro de escasas semanas. En consecuencia...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...o único que pedimos é que adianten apenas quince días o cambio de opinión que van sufrir e, polo tanto, que apoiem esta iniciativa, na que demandamos o mesmo que demandan o conxunto das comunidades autónomas de España para solucionar un problema ante o que todos compartimos que deba de ser unha prioridade para todo aquel que teña responsabilidades públicas.

Por agora, máis nada.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Un dos problemas dos debates parlamentarios —especialmente ocorre aquí en Galicia máis que noutros lugares, pero non somos os únicos— é a redución dos debates a unha sucesión de slogans de campaña, monólogos baseados en datos —poucos— e en moito argumentario político e que impiden, ademais coa sucesión ás veces incluso de cambios de portavoces nos



temas, ter que volver a debates anteriores que xa estaban superados, porque os que debaten dos temas ao final van progresando tamén aínda que sexa lentamente nas cuestións, e hai que volver a algunhas cousas.

A min véñenme á cabeza algúns debates que xa se trouxeron aquí en termos de slogan e que seguro que non todo o mundo ten por que estar implicado, pero os que estabamos nos debates sanitarios lembrabamos, por exemplo, mencionar o informe Bloomberg como modelo. O informe Bloomberg premia como primeiro sistema sanitario mundial Hong Kong, que é un dos sistemas máis desiguais do mundo, porque o informe mide eficiencia, é dicir, canto menos gastas para producir máis, mellor; é dicir, premia sistemas máis ineficientes.

E o que temos dende hai dez anos en España é un sistema menos universal que nos últimos anos imos recuperando, non somos quen os socialistas de recuperar a universalidade a tanto volume como o PP recorta, pero intentámolo. En todo caso, agradecemos que se nos felicite, porque en todos os ránking internacionais estabamos peor cando gobernaba Rajoy.

Lembran vostedes tamén, existían outros debates, por exemplo a taxa de reposición en sanidade. Eu tiven aquí que dar moitísimos debates sobre a taxa de reposición; acabouese ese debate, xa non existe no Partido Popular, porque hoxe temos unha taxa de reposición doce veces maior que co Goberno Rajoy, pero é certo que despois as comunidades autónomas teñen que contratar, e aí, como é unha responsabilidade das comunidades autónomas, xa non existe ese debate. Ou o debate de urxencias, que segue estando nesta PNL, porque é unha PNL copiada dunha de hai ano e medio pero que, aínda que vostedes o vexan aí como pedido, alguén debería de explicar ao Partido Popular que a especialidade de urxencias despois de vinte e cinco anos reclamándose este goberno tena aprobada, anunciada xa diante da Semergen, que é o colectivo principal que a defendía, e xa ten data de posta en marcha a través das propostas dos técnicos e aceptada pola Comisión Nacional de Recursos Humanos. Ou a mención a acordos que eu xa teño pedido aquí moitas veces. O Goberno Rajoy acordou en abril 2008, ¿que acordou? Unha comisión que se inventou, unha comisión que levaba trinta anos funcionando, que é o Sistema nacional de saúde, que ten o Consello Interterritorial.

Polo tanto, hai que inventar menos e ir máis aos datos para saber que non se pode mencionar aquí un acordo que existiu do que non existe acta ningunha e que o PP di que existe pero que ninguén sabe. Polo tanto, é importante ir aos debates. Os slogans están ben para a campaña, pero hai que intentar basealos nalgúns datos.

Sobre as prazas de primaria e de por que hai ou non hai déficit de médicos, novamente imos a este debate, pois novamente teremos que explicalo. Debemos crecer progresivamente, hai que repoñer os profesionais que se van xubilando, e é certo que o sistema vai cambiando, porque hoxe as persoas afortunadamente vivimos máis e por tanto a asistencia, a atención primaria ten máis peso, e por iso necesitamos máis profesionais. ¿Crecemos progresivamente? Si. ¿Suficiente para toda a demanda? Difícil. ¿Está o problema no número de prazas? Imos velo. España produce hoxe, salvo Corea do Sur, o maior número de prazas de médicos por habitante de todo o mundo. Somos o segundo país do mundo que máis médicos produce por habitante, detrás de Corea do Sur. Nos últimos dez anos ou doce anos multiplicáronse.



Aumentou un 40 por cento o volume de prazas de egresados das facultades. Producimos máis médicos e médicas que nunca.

Convocatorias MIR, porque parte da formación dos médicos ao final é facer un MIR. Miren, ofertas de prazas para médicos en España. Vostedes poden ver un gráfico, (*O señor Torrado Quintela mostra un documento.*) os gráficos son bastante ilustrativos. Vostedes ven que este gráfico ten un pico de caída brutal e logo comeza a subir ata multiplicarse. O pico de caída é o Goberno do PP; as últimas cinco convocatorias, récord na historia, o actual Goberno de España. (*Aplausos.*)

Hai un gráfico (*O señor Torrado Quintela mostra un documento.*) que o explica aínda mellor, porque dáse moito máis, que son precisamente as prazas de médicos e médicas de primaria. O pico máis baixo que tivemos nunca, co Goberno Rajoy; Feijóo aplaudindo coas orellas. As cinco convocatorias máis grandes, co actual Goberno. (*Aplausos.*)

Pero voulles dar máis datos, se me permiten: se mantiveramos o volume de produción ou de xeración de médicos de primaria que mantiña o Goberno Rajoy, con Feijóo aplaudindo, hoxe teríamos só en Galicia 402 médicos de primaria menos, 402, porque hoxe o volume de prazas que existen, que o Goberno de España habilita para que Galicia poida formar, é máis do dobre do que se producía co Goberno Rajoy, e Feijóo aplaudindo; 207, levamos tres anos superando as 200; nunca os gobernos de Rajoy chegaron a 100, nunca. E Feijóo non só aplaudía, senón que non as convocaba todas, porque por algunha razón do destino, que aínda ninguén foi capaz de explicar, o Goberno Feijóo renunciou a convocar todas as prazas de primaria, e sabendo, como sabe calquera persoa, que os médicos e médicas cumpren un ano cada ano e por tanto podíamos calcular as idades de xubilación, como os informes de recursos humanos do Estado teñen evidenciado dende hai trinta e cinco ou trinta anos que se veñen publicando, podíamos saber na situación na que estabamos, e aquí iamos a chegar: 180 prazas só en médicos e médicas de familia que non se convocaron polos gobernos Feijóo, aplaudindo coas orellas ao Goberno Rajoy.

Hoxe pagamos os recortes do Partido Popular. Esta é a explicación. (*Aplausos.*) Pero por se acaso isto fose pouco sobre as prazas de médicos, o Goberno do Estado é certo que habilita un volume de prazas e as comunidades autónomas poden convocar todas ou non; aquí en Galicia non convocaban todas as de primaria. Pero ¿convocamos todas as prazas de médicos que podemos convocar? Non. E alguén dirá, e con razón: ninguén convoca todas. Correcto. Pero a maior parte de comunidades superan o 90 por cento. Galicia é a terceira peor comunidade de España na convocatoria de médicos. O 85 por cento das prazas convócase; é dicir, o 15 por cento delas non. Isto supón que en Galicia o ano pasado máis de 100 prazas quedaron, non desertas, sen convocar. Podíamos formalos e non os formamos.

¿Por que faltan médicos? Pois unha parte pode ser porque Galicia renuncie a formalos. Renunciar a formar médicos, ser o partido que menos prazas formativas convoca, que menos prazas formativas pon á disposición e logo vir queixarse de que faltan médicos, mala fe é, pero é o máis suave que se pode contar, jeh!, o máis suave. Porque o que evidencia é que os recortes non foron por obriga, foron por vontade.



E, por tanto, cando falamos das prazas de médicos, eu creo que alguén ten que asumir de entrada —o Partido Popular eu invitaríao a que o fixera— que son os causantes desta situación e que entre todos estamos en modo de resolvelo. Pero vostede dirá: entre todos, entre todos é unha palabra, unha expresión fácil. As convocatorias anuais, que o Partido Popular critica aquí, como vostedes saben, como vostedes coñecen e como vostedes ven, fanse na Comisión Nacional de Recursos Humanos do Sistema nacional de saúde. ¿Sabe quen forma parte desa comisión que convoca as prazas MIR, que o Partido Popular vén aquí dicir que moi mal? Forma parte o Ministerio de Sanidade e as comunidades autónomas. E ¿saben o que dixo Galicia na Comisión Nacional de Recursos Humanos cando esta convocatoria que hoxe o Partido Popular critica aquí, porque está en campaña, di que moi mal? ¿Sabe que dixo Galicia? Nada, porque aprobouse por unanimidade.

O Partido Popular critica hoxe aquí algo que cando fala coa xente que sabe do sistema cala, porque é dun cinismo brutal. Hai que ter tanta cara para vir aquí criticar o que despois cando se reúnen cos especialistas votan a favor, e temos que estar aquí dando este debate. ¿De verdade teñen que pasar vostedes esta vergoña de asumir que están aquí pedindo cousas que logo os representantes da consellería non piden cando se reúnen nas comisións no ministerio? ¿De verdade están dispostos a facer isto?

O problema, basicamente, non está na cantidade, mentres creza de maneira razoable, como está intentando facerse. O problema está na calidade das prazas. Preguntémonos a realidade. ¿Que escollen os médicos cando poden traballar? Pois médicos e médicas prefiren hospitalaria a primaria. Pregúntense por que. Prefiren algunha primaria se é nos núcleos urbanos, grandes centros, que outras prazas que son menos atractivas. E non ten que ver cun sistema de elección, por certo, ou cun exame que aproban máis do 90 por cento das persoas que se presentan. Prefiren centros grandes a centros pequenos e tamén prefiren á hora de decidir irse a outros lugares que quedar en prazas de primaria que non queren. E por iso quedan prazas baleiras; 4 por cento o ano pasado pero un 10 por cento este, algo máis dun 10 por cento en primaria. Porque alguén que se forma na Coruña pode escoller, e escollerá, hospitalaria, e se ten que escoller primaria, se a ten na Coruña, vai escoller primaria, porque lle dá unha certa condición de vida, pero se ten que escoller entre irse a Valdeorras, que é unha terra fantástica pero ao da Coruña impórtalle algo menos porque vive na Coruña e non quere ir tanto a Valdeorras, preferirá irse a Londres, onde vai cobrar dúas veces máis, ten moita máis proxección profesional e ten probablemente a mesma distancia da súa casa.

E isto é a realidade, e mentres non a queiran ver, non imos resolver nada, porque vostedes están en campaña. Non se trata de facer máis aquilo que facemos mal. Trátase de facer mellor aquilo que vostedes fixeron horrible. Niso estamos algúns, e vostedes, en campaña.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.



A señora PRADO CORES: Vai ser a señora Prado, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: ¡Ah, perdón!

A señora PRADO CORES: Dá igual.

O señor PRESIDENTE: É que teño posto aquí Iria Carreira.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Dixo moi ben, pola mañá, a nosa voceira nacional, Ana Pontón, que o Partido Popular usa o Parlamento galego como unha parte do gabinete electoral do Partido Popular, do gabinete electoral de Feixóo, e ¡canta razón! Esta iniciativa que trouxo aquí o PP non ten nada que ver con aportar solucións, senón que o único obxectivo é evadir responsabilidades, seguir facendo o teatrillo e ter a quen botarlle a culpa da auténtica desfeita sanitaria que vive Galiza, especialmente a atención primaria.

Non planificaron nin a medio nin a longo prazo, sabían o que ía pasar, non fixeron nada, senón que seguiron a toda velocidade, reduciron orzamento, non formaron suficientemente, aplicaron a taxa de reposición, que teño que dicirlle, señor Torrado que segue vixente, que para que se poida facer esa taxa de reposición en médicos do cento non sei que vostede di hai que non convocar nin ofertar prazas noutras categorías que están desaparecendo. Dígoo para non facernos trampas a nós mesmos. E todas as categorías son suficientes, os médicos son necesarios, pero outras categorías tamén son suficientes. E non vale facerse trampas dicindo que xa se poden convocar todas as prazas de médicos cando, para que iso poida ser así, non se poden convocar noutras.

E sería bo que, dunha vez por todas, eses acordos unánimes tamén de eliminación desa taxa de reposición se quite, porque simplemente esa taxa de reposición, ese neoliberalismo de menos público, xa sabemos para que é: para máis privado. En resumo, é que non fixeron absolutamente nada.

E claro, vén hoxe aquí o deputado do Partido Popular, o señor Pazos, dicir que en Galiza o Partido Popular leva anos tomando medidas. Cara a onde non o explica, non o ten explicado, porque, dende logo, para solucionar o problema non é.

Como bo gabinete electoral, cada vez que hai eleccións veñen a este parlamento a repenicar esas posicións electorais. Durante un tempo o mantra era un MIR extraordinario e entón insistentemente era un MIR extraordinario; agora Feixóo está en campaña con que se el é presidente vai convocar mil prazas máis, entón o Partido Popular vén aquí para repenicar convenientemente que se convoquen mil prazas máis, co tema da especialidade de urxencias.

O que non di o Partido Popular é que vén aquí a pedir máis prazas, pero que este ano veu pedir máis prazas, por exemplo, nunha iniciativa en xaneiro deste ano 2023 e uns días despois a nova dos medios de comunicación, efectivamente, señor Torrado, era que Sanidade



deixa de ofertar 115 prazas MIR para este ano 2023, 115 sen convocar, de enfermería comunitaria, do traballo, de cardioloxía, de análises clínicas, e resulta que Galicia ten déficits, á parte de en medicina de familia e comunitaria, en oncoloxía, en radioloxía, cunhas listas quilométricas de falta de probas diagnósticas, en anestesia, en intensivistas.

E cando cae todo iso, que xa está caendo, porque son miles, como ben expliquei onte, as persoas que están en lista de espera, a culpa volverá ser do chachachá, non do Partido Popular na Xunta de Galiza, que tiña que planificar cantas prazas de formación farían falta. Pero mentres o relato se poida impoñer por encima da realidade, pois o Partido Popular insistentemente di que iso é culpa doutros, que non lle deixan convocar prazas. Debería explicar por que non convoca esas 105 prazas e por que non aumenta no número que sexa preciso esas categorías, moi deficitarias xa a día de hoxe. Non, é preferible agardar a que non haxa para poder seguir xustificando: é que non temos.

O Partido Popular hoxe pide aquí medidas, e resulta que nesa iniciativa que presentou a principios de xaneiro o BNG, por enésima vez, pedíalle que presentara un informe con toda a información das acreditacións, da formación dos MIR, dos EIR, dos FIR. ¿Que fixo o Partido Popular? Votou en contra. Non, non, información non, mellor o relato, mellor dicir que facemos non sei que, pero que non teñamos información, que non teñamos documentación para saber o que pasa. *(Aplausos.)*

Piden MIR extraordinario, 1.000 prazas e tal. Pedía o BNG que se garantira a calidade desa formación, que se garantira esa capacidade docente, que se realizara un censo de que centros poden ser acreditados, que se aprobara dunha vez por todas o estatuto de titores, que por certo Feixóo levaba non sei cantos anos anunciando; pedimos que se elaborara un plan de ordenación dos recursos humanos, para saber realmente cal é a situación, cantos profesionais hai, de que categorías, onde están, para poder planificar. ¡Ah, non, non! Votamos en contra. Non, non, son outros os que non nos deixan. ¿Que está facendo a Xunta? ¿Como planifica? ¿Cal é a realidade? Non, non, iso non. ¿Un plan de retorno para que os profesionais non tiveran que seguir marchando e os que marcharan que voltaran? Non, mellor esta situación.

Vimos de reunirnos cun grupo de pais e nais que teñen nenos con problemas oncolóxicos e dicíannos que había unha oncóloga fantástica que leva cinco anos a contratos por meses. ¡Ah!, pero aí a responsabilidade debe ser non sei de quen; esa estabilidade, ese coidar os profesionais, ese atender ás súas necesidades, ese darlles estabilidade, iso non, sobre iso o Partido Popular vota en contra, porque mentres haxa a quen botarlle a culpa de que non afecta as nosas peticións, pois o Partido Popular está encantado.

E todas estas cousas que levo dicindo son competencia da Xunta. Pode facer moitas cousas, non fai ningunha, pero vén aquí o Partido Popular dicir que leva anos actuando.

E hoxe traemos aquí unha iniciativa que pide unha serie de cuestións. A primeira, que se reforme o sistema de elección de prazas, de formación. Pois si, ¿por que non? Non é o problema, porque evidentemente en Galiza nesta convocatoria quedaron sen cubrir 33 prazas de familia, porque ninguén quere esas prazas, porque mentres non se prestixie a atención



primaria, mentres non se saiba que poden ter uns ratios suficientes para atender á poboación en condicións dignas, mentres se teña que facer o traballo de tres ou catro, pois ninguén quere facer familia e comunitaria, e os que a fan logo non queren quedar en primaria.

¿Volvo repetir o dato de onte? De 21 de Vigo só quedan 6 en primaria; de 11 en Santiago só quedan 2 en primaria. ¡Ah! Aí o Partido Popular non quere asumir as súas responsabilidades en mellorar as condicións laborais.

Pero ben, o BNG non ten ningún problema en facer esa modificación no sistema de selección, porque nós estamos de acordo en que o MIR non ten que ser un sistema de selección senón de clasificación; os que fan o MIR xa aprobaron na carreira; entón, ten que ser unha lista para que poidan escoller segundo a súa nota, que praza escollen, ningún problema.

Logo piden que se acelere a tramitación da creación do título de especialista en urxencias. Xa saben que o están facendo, xa saben que está nas fases finais, xa saben que aquí se aprobou por unanimidade. Xa saben, xa saben, pero o gabinete electoral ten que obviar esas cuestións e ten que vir aquí a parecer que só eles o demandaron, que non se saiba que é unha petición que partillamos. Polo tanto, ningún problema. Dende logo, non vai saír hoxe aquí o Partido Popular dicindo que quedaron sós demandando medidas. Non lle imos comprar ese discurso.

¿Que pide de máis? Que remate a tramitación da nova normativa de requisitos de acreditación de unidades docentes; xa o dixen antes. ¿Que se flexibilice, que haxa garantía de calidade para esa formación, que haxa garantía para que os profesionais que ían facer esa formación tiñan os titores adecuados, que non teñan que estar amontoados nunha consulta dous ou tres porque non hai titores, porque non hai prazas? ¡Ah, non! Aí non os preocupa, soamente poder vender o discurso de que hai que acreditar máis e hai que flexibilizar, que formemos en calquera sitio, con calquera das condicións, con que tal. Tamén saben que están rematando eses informes para flexibilizalos. A nós preocúpanos que non se ocupen de que iso teña calidade.

E logo pide ese gabinete electoral do Partido Popular esas 1.000 prazas formativas máis; deixan 105 sen convocar, das que se convocan moitas quedan desertas e tal, pero hai que repenir a mensaxe de campaña de Feixóo de que el vai convocar 1.000 máis. ¿Por que 1.000? Xa lle preguntei aquí máis veces por que 1.000, por que non 5.000, por que non 300, por que non 50. ¿En base a que criterios? ¿Cales son os informes que din que fan falta 1.000 e non outras tantas? ¡Ah! É cuestión de fe. Con 1.000 o Partido Popular apaña. Ben, ¡fantástico!

Logo pide que se tomen medidas para facer operativo e manter completo o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios. E ao BNG parécenos ben. E ¿por que non o hai en Galiza? Unha pregunta tonta: ¿por que non hai un rexistro de profesionais en Galiza? ¿Por que se nega sistematicamente que haxa un sistema de identificación de prazas para que saibamos que profesionais hai, onde e de que forma? ¿Por que en Galiza non? Pregunta. Nós imos votar a favor de que haxa no Estado. ¿Por que en Galiza non? Deberían contestar estas preguntitas, son moi fáciles. ¿Por que votaron unha e outra vez a petición que fixo aquí o BNG de que haxa sistema identificación de prazas? ¡Ah!, misterio. Isto é o misterio da *Santísima Trinidad*.



Non sei, o PP non ten explicación para estas cousas. E, pola información que temos, o ministerio está facendo ese rexistro estatal de profesionais. E a información que temos é que moitas comunidades mandaron información para facer ese rexistro, e que Galiza non, que Galiza non mandou esa información para ese rexistro.

Entón, está moi ben que demanden, está moi ben que fagan de comité electoral, de gabinete electoral, pero sería un pouquiño mellor que se ocuparan das competencias que ten Galiza, que ten moitas en materia de sanidade, non todas efectivamente, e o BNG non lle vai quitar aquí as responsabilidades que ten o Goberno do Estado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...nesta cuestión.

Imos apoiar a inmensa maioría destes puntos. Imos pedir a votación por puntos dun par deles; se non, tampouco hai ningún problema, porque evidentemente os relatos fraudulentos teñen as patas moi curtas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Creo que a intervención de ambos os voceiros resumiuna perfectamente a señora Prado nas súas últimas verbas: relato fraudulento. Creo que non hai un resumo mellor para o que dixeron vostedes hoxe aquí. E mire que intentei eu ser construtivo na parte expositiva desta iniciativa.

Pero vou responder a algunhas cousiñas, porque, primeiro, produce unha certa tristeza, señor Torrado, que empece vostede a súa intervención falando da redución do debate a slogans e a coller datos concretos que benefician un para despois falar do informe Bloomberg, que non lle gusta; pero non só mencionei o Bloomberg, mencionei algún outro, que tampouco lle gusta, ou o da Organización Mundial da Saúde, que tampouco lle gusta. Cuestiona vostede todos os informes que din que a sanidade española está entre as mellores do mundo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro que está. Pero se é o primeiro que dixeron. Veño falar ben da sanidade do meu país. Creo que temos que estar moi orgullosos da nosa sanidade e creo que temos que estar dobremente orgullosos, porque a sanidade galega está entre as mellores sanidades dun país que xa está entre os mellores do mundo, e iso debiera ser unha boa noticia.

Pero, a partir de aí, jé que din vostedes unhas cousas! ¡Que me veña aquí dicir que facemos un debate de slogans e que veñan falar outra vez dos recortes, en contra de todos os datos



obxectivos existentes, en contra de todos! Temos máis persoal, temos máis investimento, temos máis infraestruturas, temos máis dotación, temos máis tecnoloxía que en ningún outro momento da historia da sanidade galega. E fíxoo este partido e estamos enormemente orgullosos, (*Aplausos.*) enormemente.

Pero é que vostede, nun día no que faláron de negacionismo —mira que repiten a palabra negacionismo neste pleno—, vostede ata negou o acordo que se tomou no 2018 entre as sanidades e o Goberno. Pero mire as declaracións dos seus consejeros sanitarios de entón, que se felicitaban polo acordo. É que negan vostedes as súas propias verbas, é unha cousa asombrosa.

Se non está de acordo, porque isto é cousa do pérfido PP, do pérfido PP galego, por suposto, eu invito a ler a vostedes o *Manifiesto de los consejeros de sanidad para la toma de medidas estas urgentes en materia de atención primaria*. Fágoo, primeiro, para amosarlles que, efectivamente, non é unha cuestión exclusiva do Partido Popular, senón doutras comunidades, e tamén porque un dos seus impulsores, xunto coa Comunidade Autónoma galega, foi a Comunidade Autónoma vasca.

Diciáo a señora Pontón. O seu referente, señora Prado, está pedindo as mesmas medidas que pide o Partido Popular de Galicia, pero a vostedes parece que lles muda a opinión en función de quen faga as peticións e non da xustiza das peticións.

Falan vostedes dos recortes. A min faime moitísima grazia, baixaron o número de contratacións, de médicos, da dotación. Claro, sufrimos a maior crise económica da nosa historia, aquilo que vostedes chamaban pequena desaceleración económica, ¿acórdanse?, aquela que supuxo a maior rebaixa dos salarios públicos da historia de España, a que fixeron vostedes, que tamén recorrentemente son capaces de negar aquí.

Eu ao que os invito é a que non falen con ningún deputado do Partido Popular, falen cos servizos da Cámara, pregúntenlles aos letrados, pregúntenlles aos uxieres, pregúntenlle ao persoal de todos os servizos se lles baixaron ou non vostedes entre un 3 por cento e un 10 por cento a nómina, para sempre; non un recorte dun ano, señorías, para sempre, para toda a súa carreira. Fixérono vostedes e aínda temos que vir aquí a ver como sacan peito dos recortes dos demais, sen asumir que o maior recorte social e salarial da historia de España ten a sinatura dun presidente socialista, José Luis Rodríguez Zapatero. (*Aplausos.*) Dígoo porque o están paseando por toda España agora, o seu referente. É unha cousa sorprendente.

Chegou vostede a dicir que os médicos se van de Galicia porque, ¡home!, entre irse a Valdeorras e irse a Londres practicamente é o mesmo. Temos dous de Valdeorras aquí, eu sei que o desprazamento é longo, pero, non sei, ultimamente están botando moita xente do Partido Socialista, xa non sei se é que tamén queren mandar os de Valdeorras para Londres. Non parece moi razoable.

Eu creo que deberían de ser vostedes un pouco consecuentes co que están facendo. (*Murmurios.*) Que é así, que vive vostede no estranxeiro, xa lle daremos pasaporte para que poida vir aquí ás sesións, non se preocupe, que non imos quitarlle a voz porque viva vostede no estranxeiro. É un cachondeo, de verdade, é un cachondeo.



Un intenta falar en serio da sanidade e vostedes veñen aquí facer chascarrillos e dicir cousas que non se sosteñen, simplemente. Vólvollo repetir: nós non pedimos nada aquí que non estean pedindo o resto das comunidades autónomas de toda España. Pedímolo porque hai un problema real, hai un problema real de déficit de profesionais, e hai que buscarlle solución, e hai solucións propostas, están enriba da mesa dende 2018 e estano reclamando todas as comunidades autónomas españolas.

Teñen vostedes, exactamente, o mesmo problema de cobertura, exactamente o mesmo tipo de profesionais no Instituto Social da Mariña, que o teñen absolutamente abandonado; na medicina penitenciaria, que non son capaces de cubrir; en Ceuta e Melilla, que xestionan directamente; en todas e cada unha das comunidades autónomas de España. E vostede vén aquí facer chascarrillos de que non se cobren as prazas de Valdeorras, porque é máis fácil e é máis curto irse a Londres.

Señor Torrado, eu dígolle de verdade: eu non sei quen lle está aplaudindo no seu grupo ultimamente as intervencións...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...pero creo francamente que vostede dá para máis, dígollo de verdade. Creo que está reducindo ao ridículo un debate que deberíamos de facer serios, e creo que todos, e eu o primeiro, podemos introducir un chascarrillo, unha broma, podemos facelo todos, pero o debate de fondo ten que ser serio, e vostedes son incapaces de explicar por que o pérfido Feijóo ten a culpa do déficit de médicos en toda España. E non pode ser. ¿Sabe por que? Porque Feijóo será presidente de todos os españois a partir de quince días.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Agora a responsabilidade foi súa e dese déficit son vostedes os principais responsables. Asuman a súa responsabilidade e déixense axudar...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que é o que está facendo este grupo presentando esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación das rías galegas e do marisqueo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización de vivenda baleira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Cristina Sanz.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España no que atinxe á planificación da rede de transporte eléctrico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Noelia Otero.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre acordos que se propoñen para a adopción por parte do Parlamento de Galicia ante a apertura de dilixencias no xulgado contra varios directivos da CRTVG por acoso moral e laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativa.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Martín Seco.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nin do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a materialización por parte do Goberno galego das promesas de axudas directas aos produtores da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega logo das súas mobilizacións do mes de abril de 2023.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Pazos Couñago.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

(A señora Prado Cores pide a palabra.)

Perdón, ¿si, señora Prado? (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

¿O punto 3 e 4 por separado? ¿Acepta, señor Pazos? (Asentimento.) Si.

Votamos entón, en primeiro lugar, os puntos 3 e 4.



Votamos.

Votación dos puntos 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 14; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 5 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Rematou aquí a votación das proposicións non de lei.

Continuamos coa orde do día, que é unha interpelación, neste caso do señor Paulo Ríos Santomé, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Bo día, señora conselleira.

Como non é a primeira vez que falamos disto, vostede xa sabe que dende a aprobación do Plan de transporte da Xunta de Galiza o servizo de transporte público leva anos dando síntomas de mal funcionamento, cun empeoramento xeneralizado da calidade do servizo para



usuarios e usuarias, un empeoramento nas condicións laborais dos traballadores e traballadoras do sector e un esmorecemento das pequenas e medianas empresas que operan no sector do transporte de viaxeiros.

Son moitas as irregularidades, os incumprimentos que se levan a cabo diariamente, que non son anécdotas, que non son casos puntuais, no que ten que ver co funcionamento do servizo de transporte público. Xa non é a primeira vez que nolo escoita dicir nin vostede nin o seu director xeral, de autobuses que non cumpren as idades máximas delimitadas polos pregos, que non se cumpre tampouco cos condicionamentos de categoría ambiental, directamente autobuses con matrículas duplicadas nun montón de licitacións, autobuses que faltan na frota, unha frota completamente insuficiente. E destes pos eses lodos.

E sabe perfectamente que isto é así e como está a funcionar o sistema de transporte público. Un pequeno, só un pequeno exemplo disto —e sabe vostede que vai apenas unha semana—, unha nova incidencia con esta mala condición dos vehículos, antigüidade dos vehículos, pasaba na xa tan maltratada liña A Coruña-Ferrol, que, como ben sabe, foi obxecto de múltiples iniciativas deste grupo por como está funcionando, que rompía en plena viaxe o cristal da porta dianteira no autobús de Ferrol-A Coruña, unha incidencia máis desas pequenas incidencias puntuais que acontecen todos os días. E, sobre todo, se falamos desta liña Ferrol-A Coruña, chove sobre mollado, e vostede sábeo perfectamente. E tamén así o fan ver os usuarios e usuarias deste servizo, que, como ben sabe, están constituídos nunha plataforma para a defensa dos seus intereses e os seus dereitos como usuarios e usuarias do transporte público.

E, como vostede tamén sabe, alén destes incumprimentos de contrato dos que xa temos falado e que lle acabo de enumerar agora de forma lixeira, sabe perfectamente que a Xunta de Galiza, unha vez máis, está inserida neste vendaval de sentenzas xudiciais desfavorables, que pasa tamén coa eólica e leva pasando un tempo co servizo de transporte público; non serán as únicas que cheguen.

Xa o advertiamos, nesa última sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que condenaba a Xunta de Galiza e a empresa Monbus e ALSA por repartirse o mercado, neses comportamentos completamente contrarios á competencia, e tamén nese fallo, que había dilixencias previas por prevaricación administrativa contra o seu director xeral de Mobilidade.

A estas sentenzas véñense sumar nestas últimas dúas semanas tres sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, invalidando, deixando sen efecto —aínda que loxicamente non é unha sentenza firme— tres adxudicacións do transporte escolar.

E ¿por que?, ¿por que? Pois exactamente polo mesmo que lle leva repetindo o BNG nestes últimos anos: porque están vostedes facilitando, promovendo un comportamento de total monopolio do grupo Monbus no que ten que ver co servizo de transporte público, tanto no de viaxeiros regular —digamos— como no transporte escolar, como se refire nestas sentenzas.

E aí a Xustiza tamén nos dá a razón ao BNG cando dicimos que este grupo ten o 80 por cento do mercado das liñas que a Xunta de Galiza saca a concurso neste país, nun comportamento de total monopolio.



E ¿que din estas sentenzas? O que din é que este grupo está camuflando as súas ofertas, en diferentes empresas, indo en UTE, cando ademais —din as propias sentenzas— hai indicios claros de que se trata dunha mesma licitadora, superando a participación deste grupo nas UTE nun 60, nun 70, nun 80 e nun 90, e ata case nun 97 por cento destas licitacións, destes lotes, nestas UTE, para concursar, concretamente nos lotes 45, 51 e 57, que, como vostede sabe, foron os paralizados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, esperando aínda, loxicamente, polo recurso que se interporá ou que xa está interposto no Tribunal Supremo.

E ¿que fan estas empresas, pois ben, este grupo empresarial en concreto? Pois exceder, co seu beneplácito, co seu visto bo, señora conselleira, o que a Lei de contratos públicos ordena, e tamén o que o prego reitor destas licitacións marca, que son un máximo de oito lotes por empresa licitadora. E con esta táctica de camuflaxe e de rirse de todo o sector e dos galegos e das galegas, da propia democracia e do propio sistema de dereito e de competencia que rexe neste país, vostedes están regalándolles a estas empresas que utilizan esas tácticas de camuflaxe lotes por encima do que a lei permite.

Polo tanto, non queda outra que volver reafirmar que a Xunta de Galiza promove, permite o monopolio das empresas amigas do Partido Popular. Vémolo na eólica e vémolo hoxe tamén no sistema de transporte público. Non é a primeira vez que que llelo digo, non fai falta que se sorprendan, porque saben perfectamente cal vai ser o noso discurso, ao igual que tamén eu sei cal vai ser o seu, señora conselleira.

Porque dicía vostede á prensa que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, remarcou que a Xunta fará como sempre fixo; como sempre fixo, loxicamente, beneficiando as súas empresas amigas. E di que cumpren escrupulosamente a Lei de contratos. Ben, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ten outra opinión, señora conselleira, do que están facendo vostedes.

E non é só o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di que, ademais, destas tácticas de camuflaxe xa debiera considerar que hai indicios claros de que é a mesma licitadora e xa tiña que ser advertido pola súa consellería, pola propia mesa de contratación e polo tribunal, tal e como fixo, como vostede tamén ben sabe —e me sacaba na última interpelación que tivemos, e tiven a oportunidade de contestarlle, non a vostede, senón ao voceiro do Grupo Popular na moción—, o Goberno de Aragón, que na súa mesa de contratación xa alertaba da fraude de lei que estaba supoñendo este *modus operandi* do grupo Monbus ao presentarse a licitacións públicas de transporte. O que pasa é que ao mellor no Goberno de Aragón non teñen tantos amigos e amigas, señora conselleira, como na Xunta de Galiza, porque o que a Xunta de Galiza permite outros gobernos non o están permitindo (*Aplausos.*) e non lle permiten á empresa Monbus facer o que quere cos contratos públicos, cos cartos públicos, mentres que a Xunta de Galiza lle pon a alfombra vermella.

Señora conselleira, só quero facer unha pregunta: ¿quen presiona para que isto sexa así? Que de entrada xa o sabemos, pero ¿quen presiona? Eu creo que iso sería unha resposta, se a dá vostede, bastante clarificadora do que está acontecendo.



E non é só que estea pasando tamén na Xunta de Galiza, senón que lle acaban de tombar ao grupo Monbus tamén na Comunidade Valenciana varias adxudicacións de transporte escolar, unha vez máis, por facer o que fai aquí, por poñer matrículas nos pregos, nos contratos, nas ofertas, por poñer matrículas e vehículos, que neste caso están operando aquí, que están operando en Galicia e que están operando en Cataluña para unha concesión da Comunidade Valenciana; un auténtico disparate que vostedes permiten aquí e que os outros gobernos non llelo están a permitir.

Polo tanto, señora conselleira, eu creo que só falta dicir dúas palabras máis: ¡basta xa! Basta xa de permitir que este grupo, co beneplácito do Goberno, estea pasando por enriba do dereito de usuarios e usuarias, de traballadores e traballadoras e do propio sector de pequenas e medianas empresas, que están esmorecendo, están pechando por esta permisividade do Goberno da Xunta e tamén por esta facilidade do Goberno da Xunta para acadar un status de verdadeiro monopolio.

E, aínda por riba, négano. Estalles dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que esta empresa, que este grupo empresarial, no seu *modus operandi* de concorrer a estes concursos públicos, está claramente demostrado, segundo di o Tribunal Superior, que son a mesma licitadora, e que polo tanto non pode ter máis lotes adxudicados que os que marca o prego reitor e a Lei de contratos. A vostedes iso parécelles que para os seus amigos non vale, e din que cumpren escrupulosamente a lei, cando o único que fan é pois, no mellor dos casos, reitorcer a lei o máximo que poden e dar instrucións claras e detalladas do que ten que pasar, que este grupo empresarial —por supoño que as presións que espero que algún día nos conte— ten que levar a maior porcentaxe dos lotes neste país.

Señora conselleira, eu creo que son bastante claro, e espero que o sexa tamén vostede. Non lle teña medo a esas presións que lle fan e que lle levan facendo á Xunta de Galiza neste país, igual que fan coa eólica, no sistema de transporte público. Falemos todos e todas claro, porque eu creo que é un deber que temos ante a cidadanía galega saber por que a Xunta de Galiza está blindando os privilexios dun grupo empresarial con cartos públicos. (*Aplausos.*) Eu creo que iso é algo que deben explicar hoxe aquí.

En todo caso, as sentenzas son claras, vostede coñéceas, supoño que lles dará absolutamente igual, porque confían en que o Supremo diga outra cousa, pero a día de hoxe as sentenzas están enriba da mesa, falan alto e claro: prevaricación administrativa ao seu director xeral, repartición do mercado entre Monbus e Alsa; é un total monopolio e unha permisión do Goberno galego para que este monopolio vaia adiante, en contra dos dereitos do resto dos galegos e as galegas.

Máis nada.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois o BNG coa teima de sempre, cunha teima recorrente, criticando, dicindo cualificacións dende logo que non proceden en materia de transporte público de competencia autonómica, porque cando é de competencia dos concellos, iso si, nin mu, e non din nada. Porque o certo é que, para saber o que se fai, hai que comparar; eu creo que comparar dende logo é importante para valorar o que un ten.

Sempre botando man de atacar. Ese é o detonante sistemático, porque lle gusta a confrontación, dicir cualificacións que non proceden en absoluto e que dende logo tamén demostran que non ten coñecemento ningún dos procedementos das administracións públicas, dende logo en materia de transportes non ten coñecemento ningún. E o BNG non é exemplo de nada en materia de mobilidade, non son exemplo de nada, e non son exemplo de nada e pretenden vir aquí dar exemplo.

Voullo dicir: ¿quen está a realizar o transporte en Pontevedra, e cualificado pola alcalde de Pontevedra diría que de sobresaínte, perfectamente? ¿Quen está? Porque non son capaces no Concello de Pontevedra, xa non lle digo de máis de 180, que son os que temos na Xunta de Galicia, nin un só contrato de transporte urbano de xestionar nin contratar nin implantar; faino a Xunta de Galicia.

En Lugo cogobernan e en Lugo o transporte urbano é fonte inesgotable de queixas e perda de usuarios constante, constante e constante. ¿E a quen está adxudicado? A un amigo seu, ¿non? ¿De quen é o amigo? ¿Do concello? ¿A quen está adxudicado? Supoño eu que a semana que vén xa llo quitarán e poñerán a outro; xa tarda, tiña que ser hoxe.

E, polo tanto, pregúntome tamén: sabe vostede que o Concello de Santiago, cun único contrato, sabe que o Tribunal de Contratos o tirou abaixo. Si, supoño que tamén sabe quen está realizando o transporte urbano de Santiago de Compostela, supoño que xa tamén hoxe llo quitarán e poñerán un novo, supoño que xa estarán tamén os pregos modificados, e xa quitan hoxe a empresa, que supoño que sabe cal é a empresa maioritaria no transporte urbano de Santiago; a min dende logo xa me tarda que mude o concesionario do bus urbano de Santiago, e tamén do bus urbano, por suposto, de Lugo.

E, polo tanto, expectantes do que pase no Concello de Santiago, porque, como veñen aquí dar exemplo, dicir de todo, entendo que sabe vostede moitísimo de transportes sen xestionar nunca o transporte. Pero, en calquera caso, voulle dar as grazas por darme a oportunidade de vir aquí falar de transporte público, porque hai iniciativas que promovemos e servizos que promovemos dende logo positivos.

Vimos falar de transporte, por suposto que falamos de transporte, esas bonificacións que se suman ás bonificacións xa existentes, bonificacións do 50 por cento a maiores das xa existentes; as melloras de seguridade de cada unha das paradas, mil paradas imos acometer para a seguridade e a modernización do transporte público e favorecer o transporte público; e tamén avances na dixitalización do transporte público, poñendo en marcha a plataforma de mobilidade 4.0.



Esas bonificacións, empezando por este primeiro punto da ampliación das bonificacións, esténdense por suposto ao concello de Pontevedra, porque estamos nós, porque quere o alcalde de Pontevedra que esteamos nós realizando o transporte interurbano. Vostede rise, pero creo que dende esta reflexión hai que comparar para saber como son as cousas. Unha bonificación na que temos que adiantar todos os cartos, e facémolo porque apostamos polo transporte público, porque cremos que podemos contribuír a recuperar usuarios, a incentivar o transporte público, que vén dun desplome de usuarios como consecuencia da pandemia, e grazas a estas bonificacións, a estas iniciativas, incrementouse un 28 por cento o número de viaxeiros.

Tamén favoreceu a utilización da tarxeta TMG, autorizar a tarxeta TMG, que tamén ten bonificacións, co que se incrementou o uso moitísimo, un 80 por cento, antes era o 55 por cento, e súmanse as bonificacións, acumúlanse, e polo tanto incentivase a utilización desta tarxeta TMG.

Ademais desa tarxeta TMG, que ten bonificacións importantes do 10 por cento na primeira viaxe, incluso outras bonificacións por recorrencia, tamén temos tarifas sociais. Temos esa Tarxeta Xente Nova, importante, para os menores de 21 anos, unha medida pioneira, 142.000 tarxetas de xente nova, emitíronse 7.000 no que vai de ano, e dende logo esta bonificación é unha medida realmente importante.

No Plan de mellora de paradas de autobús interurbano, 35 millóns de euros son os que estimamos investir, e o desenvolvemento dun modelo de transporte público dixital e sostible acaba de adxudicarse con 4,3 millóns de euros, e polo tanto unha modernización importante esta plataforma de mobilidade 4.0.

Vostedes veñen aquí coa súa visión apocalíptica. Dende logo a súa vocación de activistas da canción da protesta é a súa vocación, activistas da canción da protesta, é como veñen aquí constantemente, sen argumentos técnicos, sen argumentos concretos e veñen aquí coa canción da protesta, porque son activistas da canción da protesta.

Porque o certo é que hai que comparar para saber o que un ten, e en Galicia o transporte que asumimos dende a Xunta de Galicia é un referente. É un referente polo firme compromiso que temos para modernizalo e para que sexa de calidade. Son 90 millóns de euros na nosa consellería; se sumamos o de Educación, son 120 millóns de euros, con resultados realmente importantes. En maio os autobuses interurbanos xa realizaron máis de 57 millóns de quilómetros de servizos, viaxes que se incrementan porque ofrecemos cada vez máis e mellores servizos.

Tamén garantimos a supervivencia do sector, a supervivencia do servizo público, e tamén as condicións do emprego, con axudas importantes ao sector, unha axuda extraordinaria de 65 millóns de euros para asegurar non soamente a súa viabilidade senón o emprego no sector, e o incremento de salarios no sector foi grazas ao esforzo feito pola Xunta de Galicia, e o feito dá os seus froitos co incremento constante e paulatino de número de viaxeiros.

E teño que dicirlle que as enquisas nos dan un grao de satisfacción moi alto, un 8 sobre 10; iso é un notable alto. Polo tanto, son as enquisas que están na memoria anual, porque face-



mos un exercicio de transparencia, e dende logo esa memoria anual que imos presentar polo noso compromiso que nos autoimpuxemos de memoria anual e que publicamos, imos presentar a de xuño de 2021-xuño de 2022, agardo que a estude con detalle para ver as valoracións e como funciona o transporte público, que supón dende logo unha utilidade social importante con eses incrementos de servizos e de usuarios que estamos acadando.

E asumimos un desafío enorme: 90.000 escolares que desprazamos de cada un dos 30.000 núcleos de poboación, para que cada día vaian á escola; o transporte máis complexo, máis difícil e onde incluímos máis investimento de toda España.

Dende logo é un auténtico desafío, e polo tanto contradí todo o que di a súa visión apocalíptica con situacións puntuais e cualificacións que dende logo non proceden. Son 127 contratos na consellería, cun proceso escrupuloso, transparente, dende logo limpo. No Tribunal de Contratos desestimáronse practicamente todos os recursos, gañou case todos os recursos a Xunta de Galicia, os contenciosos o cen por cen nesta consellería foron resoltos a favor dela.

E mestura pois moitas cousas. Dos contratos de educación, faloume aquí de 3 contratos, son 3 de 184 contratos que vimos de adxudicar na Xunta de Galicia, entre a Consellería de Educación e a Consellería de Infraestruturas, é un 2 por cento. Polo tanto, vén aquí sacar peito dun 2 por cento, cando, señor Ríos, dende logo o BNG caladiño cando o Goberno de España elimina paradas de autobuses e trens, deixando sen paradas, sen servizos interiores, obrigando a facer transbordos, caladiño co Goberno de Pedro Sánchez. Apoian unha Lei de mobilidade que condena o noso rural co Goberno de España, apoian a Pedro Sánchez, vostedes que dan leccións de transporte e veñen aquí... ¿Quéreme explicar que van facer co bus urbano? Eu entendo que xa hoxe quitarán o contrato á empresa da que tanto lle gusta a vostede vir aquí falar, e como son os novos pregos. E, polo tanto, critica tamén ese 2 por cento, cando o cen por cento dos contratos onde gobernan, en Santiago, están anulados polo Tacgal.

Polo tanto, señorías, basta xa de moi mansos con Pedro Sánchez e moi bravos coa Xunta de Galicia, e basta xa de ver a palla no ollo alleo e non o toco no propio.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Antes de empezar, quixera, señor presidente, comentarlle que creo que hai un erro na orde do día desta sesión do Parlamento, porque a señora conselleira veu interpelar ao BNG, non o BNG á señora conselleira. *(Aplausos.)* Aínda non gobernamos, señora conselleira, pero non se preocupe, que dentro de pouco poderá interpelar a un goberno que vai rematar co *chirin-*



quiteo e co amiguismo no servizo do transporte público deste país; non se preocupe, dentro de pouco ten posibilidade de facelo.

Véxoa moi nerviosa, señora conselleira, atacando o BNG, atacando o BNG ademais cuns argumentos que serían tristes para un deputado raso como son eu, señora conselleira, pero para unha conselleira, ¡vamos!, eu pensaba que había un pouquiño máis de nivel na argumentación, señora conselleira. Iso é que non teñen absolutamente nada que dicir sobre o que lles trouxen aquí.

Porque, señora conselleira, o que me gusta de apocalíptica é o grupo que leva ese nome; do resto, pouquiño máis, porque a situación que lle veño de relatar son as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Non teño mans para collelas todas, para ensinarllas (*O señor Ríos Santomé mostra uns documentos.*). Son estas, son todas estas, señora conselleira. Iso é o que lles traio hoxe aquí, señora conselleira.

E vostede vénme con que se Santiago... Unha semana de goberno e non se preocupe, que tardaremos menos que o que tardan vostedes en poñer en orde o servizo público de transporte; non hai ningún tipo de problema, teña vostede confianza con iso.

E vén aquí despois dun aluvión de sentenzas xudiciais contra o seu modelo, a súa xestión, o seu amiguismo. Porque, ademais, coa súa intervención, volvemos saber quen traga; non sabemos quen presiona pero si que volvemos saber quen traga despois da súa intervención; por iso non hai ningún tipo de dúbida.

E veñen falar do Goberno do Estado, facer campaña aquí para sabe Deus quen, para o señor Feixóo —o meu veciño, por outra parte, benquerido veciño de Moaña—. ¿A dicir que? O BNG, para que vostede o saiba, porque vostede ao mellor non o sabe, e, concretamente, este deputado rexistrou iniciativas en contra da Lei de mobilidade que discrimina o noso país e que é un agravio a este país antes de que o fixera ao Partido Popular; antes de que o fixera o Partido Popular, o BNG xa tiña unhas iniciativas rexistradas neste parlamento a este respecto.

¿Que me vén contar, se nin sequera sabe nesa teima —o de vostedes si que son teimas— de que nós apoiamos o Goberno de Pedro Sánchez, que somos isto e que somos aquilo? Ben, eu só quero trasladar hoxe, que está tan de voga que o Partido Popular ademais axuda moito a levar a mensaxe do noso deputado Néstor Rego no Congreso dos Deputados, e ánimoos a que fagan o mesmo con isto, porque así dannos máis cancha; primeiro, interpélanos a nós e, despois, publicitan a nosa mensaxe. Eu creo que xa están tan ata arriba, tan ata arriba —ía dicir unha palabra que non debiera dicir—, de problemas con estas sentenzas xudiciais que ata queren que governe o BNG; eu iso enténdoo, señora conselleira, non se preocupe, que o BNG vai ser máis responsable.

Pero co que dicía do Goberno de Pedro Sánchez, eu creo que isto é algo fundamental, que para nós ningún goberno español vai ser o noso goberno nunca, fagan o que fagan; teremos que apoiar ou non segundo as circunstancias. Vostedes, unha vez máis —como dicía antes—, tragan, e desta vez sabemos quen presiona: presiona o Ibex 35, presiona Génova, presiona Desokupa, presiona Vox, e vostedes tragan, señora conselleira. E iso é o que está acontecendo na política deste país.



E, despois, argumentos atacando a nivel persoal de que non teño nin idea de transporte, que veño aquí dicir non sei que. Señora conselleira, o que lle trouxen aquí é o que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza; se vostede quere estar máis centrada nas tonterías de Pontevedra e de Lugo... Por certo, en Pontevedra, na última vez que mo dixo, xa llo dixen: seguen esperando unha chamada para ver cando van ter a avaliación e cando van poder renovar o contrato da área de transporte de Galiza, porque vai anos que non recibe nin unha chamada de vostede, e vostede tampouco lle está devolvendo as chamadas; así que eu creo que menos leccións ante isto.

E despois —xa llo dixen noutra interpelación— hai un problema, unha diferenza fundamental entre vostedes e nós, señora conselleira: o que non sexa de vostedes ou dos seus amigos é todo non; sempre son inimigo a bater, custe o que custe, para poñer diante a quen benefician —tanto pois a Monbus como a Naturgy, a Endesa e demais— que pensan que nós facemos o mesmo. Se no concello de Lugo, por exemplo —porque o dixo vostede—, a empresa cumpre o contrato, cumpre os pregos e cumpre as licitacións, ¿cal é o problema, señora conselleira?, ¿cal é o problema? ¿Por que lle vou ter eu —ben, eu, o BNG— ao goberno de Lugo que quitar un contrato a unha empresa que cumpre o contrato? O problema, señora conselleira, é que vostedes non llo quitan cando incumpren. (*Aplausos.*) Están incumprindo todos os días e vostedes miran para outro lado. Señora conselleira, pensan vostedes, pensa o ladrón que todos son da súa condición. E tómeno de forma retórica, como o refrán que é; non a estou insultando, porque non sería propio desta tribuna.

Polo tanto, señora conselleira, eu creo que se debería tranquilizar. Sei que o problema que ten enriba é moi grande, estas sentenzas, e non só son estas —e vostede sábeo ben— senón que son as que van vir en breves. Non se poña nerviosa, señora conselleira. Se prefire atacar o BNG, non se preocupe, terá a oportunidade; se non é vostede, será outra compañeira ou compañeiro de interpelar o próximo Goberno do BNG. Pero, cando menos, señora conselleira, non mintan; non mintan e non intenten converter este país no parque de atracción do *chiriquiteo* e do amiguismo.

Máis nada.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Peché da interpelación, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, vexo que non lle gustou o que lle dixen. Pero, en calquera caso, gustaríame concretar que é un experto en reciclar o traballo; dende logo, non se esforzan moito cando a iniciativa é do 19 de novembro de 2020. O certo é que xa estamos no ano 2023 e vén como consecuencia desta iniciativa e parece que non se esforza moito cando xa ademais di que son tonterías o transporte urbano de Pontevedra, por exemplo; dende logo, non se esforza moito por facer realmente un bo transporte en Galicia.



E vexo que non lle gusta o que lle dixen. Eu alégrome de que agora veña comunicándonos e informando aquí nesta cámara de que non lle gustan as leis de mobilidade que promove o Goberno de España, pero vostedes fixérono presidente. E, polo tanto, vostedes, que son os socios, dende logo, de Pedro Sánchez pois volvo dicir que moi mansos con Pedro Sánchez pero moi bravos coa Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) E agardo que cambien e muden o seu posicionamento.

Na súa intervención non tivo aspectos tan importantes e tan fundamentais —voulle dicir tres— sobre o transporte público.

O primeiro é que a Xunta é a máis interesada en que se realice un transporte público que funcione ben; e non dubide diso; traballamos para que o transporte público funcione ben, se cumpran as medidas, se cumpran os servizos. E temos 3.555 liñas de transporte —se me permite, gustaríame que anotara ao mellor os datos, para que vexa os datos—, e o urbano de Pontevedra son moitísimos menos e en Santiago moitísimos menos, pero son 3.555 liñas de transporte, 3.694 rutas, máis de 56.000 paradas —xa non digo, cos horarios, o número e o sudoku que é isto— e 2,3 millóns de servizo ao ano que facemos en materia de transporte público.

Supoño que o transporte público lles interesa, e, dende logo, aos usuarios interésalles, e por iso nas enquisas que facemos de valoración a nota que nos dan é de preto dun 8, polo tanto un notable alto. E o que nos importa é o que din os usuarios, por suposto.

Ademais, teño que dicirlle —que é unha cuestión importante— que garantimos a supervivencia do sector, a supervivencia dos empregos, con esas axudas extraordinarias outorgadas, que nada lle escoitei; dende logo, son esenciais para contar cun servizo de transporte público bo, e moi bo, ao que aspiramos e polo que traballamos.

O segundo, que é un plan de transporte que é vivo e estamos á disposición das melloras que se necesiten. Por suposto, as necesidades mudan e adaptámonos ás necesidades e a todas as cuestións que nos queiran trasladar; alí onde hai marxe de mellora melloramos o transporte público.

Tamén damos cumprimento aquí, como consecuencia disto, a unha petición do Parlamento e tamén melloramos a accesibilidade do buzón de suxestións bus.gal, que o certo é que o pasado maio contabilizou 116.000 consultas; en setembro de 2022 foi o récord, con 215.888. Polo tanto, atendemos e escoitamos a xente e esta información é importante. E, polo tanto, sempre máis e sempre mellores servizos en materia de transporte público.

E, terceiro, facemos un seguimento exhaustivo desas 3.555 liñas actuais que temos, todas as paradas, todos os horarios, por suposto un seguimento exhaustivo. E temos dúas ferramentas administrativas distintas para controlar e sancionar: inspeccións de transporte regular de viaxeiros; só durante o ano pasado controlamos máis de 1.173 expedicións. E alí onde hai infraccións sanciónase. E é a modalidade de penalidades contractuais, que tamén se incoan; incoamos 380 expedientes deste tipo. É un labor de seguimento o que facemos co SAE, co Servizo de Axuda á Explotación, co posicionamento dos autobuses, controlámolo; polo tanto, o certo é que o 96 por cento das expedicións están dentro deste sistema.



E poñer en valor con todo isto que estamos a falar dun sistema de calidade, de utilidade e de eficiencia; un transporte público, polo tanto, que poñemos á disposición dos galegos de calidade, de utilidade e de eficiencia.

E non veña mentir. A Xunta, para nada trato de favor a ninguén, a ningunha empresa; non veña mentir. E nada de caos xudiciais. Eu, dende logo, se tanto cre en 3 sentenzas de 184, cónteme o cen por cento do Concello de Santiago e eu estarei vixiante a ver se xa a semana que vén cambian de empresa para dende logo contar cun mellor transporte público; a ver se é certo.

E tampouco é certo o das pequenas e medianas empresas. Dividimos en máis de 100 lotes os contratos. Voullo explicar, porque así llo actualizo ao ano 2020. Chama a atención sobre o feito de que en 70 dese centenar de lotes só se ía dispoñer de 10 ou menos vehículos. Polo tanto, eu lamento todo o lodo que enfanga aquí, nós seguiremos traballando por un mellor transporte público.

Polo tanto, moi mansos con Pedro Sánchez e moi bravos coa Xunta de Galicia. Ven a palla en ollo alleo e non o tronco no propio. Nós seguiremos traballando por un bo transporte público.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D^a María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro.

É incuestionable que o noso país está plenamente inmerso no proceso de cambio climático que sofre o planeta. O feito de estar no noroeste peninsular non preserva o noso territorio destes cambios. O Observatorio de Sostibilidade, nun estudo de 2019, que recompila a evolución das temperaturas en cincuenta e dúas cidades españolas, ditamina que o proceso no noroeste peninsular será tan drástico que a súa vexetación e agricultura poden rematar parecéndose ao sueste peninsular e non á imaxe clásica do país, con bosques caducifolios e prados. Este informe avalía o que subiron as temperaturas no último século: 0,78 graos en Lugo, 0,80 na Coruña, 1,33 en Vigo e 2,07 en Ourense.

Organismos como a NASA indican que a temperatura subiu a nivel mundial nos últimos sesenta anos 0,8 graos. Vemos que a media galega supera esta cifra e Ourense dúplícaa. De



cara ao futuro, só a provincia da Coruña e as Illas experimentarán unha alza inferior a 2 graos. Pero a cousa non remata aquí.

En canto ás choivas, veremos como onde máis chove é onde menos choverá: as provincias de Lugo e Ourense reducirán á metade as súas precipitacións ata o 2050, de 1.100 litros/metro cadrado a uns 570. Non pretendo ser catastrofista, pero Lugo, Ourense e Pontevedra veñen recollidas como as tres primeiras provincias do Estado español nas que a variación de precipitacións será maior, quedando A Coruña no sétimo lugar. O que, efectivamente, corrobora que o noso país non ten unha seca moderada, ten unha seca en toda regra ou vaina ter en breve, para efectos das axudas do mapa tamén —e aí doulle a razón—.

Non descubrimos nada novo se dicimos que o cambio climático acompaña temperaturas elevadas ou baixas nas máximas e nas mínimas, moitas veces extemporáneas, que frecuentemente forman ondas de calor, que poden ser concatenadas, xunto con épocas de choivas que se convarten en treboadas, que provocan pedrazos e choivas torrenciais. Todas estas circunstancias causan importantes afectacións sobre os solos e, á súa vez, provocan a súa perda de produtividade por deterioración e por arrastre.

Parece pois que se precisan medidas para facerlles fronte ás consecuencias do cambio climático, que xa chegaron e viñeron para quedar, por moitas cuestións: cuestións medioambientais, de biodiversidade, incendios e de produción alimentaria. Hoxe poñiamos nesta iniciativa as producións hortícolas para consumo humano, pero no futuro próximo teremos que falar da afectación da produción de forraxes, da transmisión de enfermidades favorecidas pola seca, que conformarán novas pandemias humanas ou o seu equivalente nos animais.

Sabemos da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, na que a estrutura de coordinación e xestión institucional recae exclusivamente na Consellería de Medio Ambiente; ou do Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023 para o desenvolvemento e a implantación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050; un nome que loce estupendo e rimbombante, pero que non é outra cousa que un documento en que se recollen as medidas —agora intervencións— do Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 para realizar no ano 2023 e a distribución deste orzamento nas distintas consellerías: Medio Ambiente, Economía e Medio Rural —por certo, a capacidade de xestión que ten a Consellería do Medio Rural sobre os fondos para o desenvolvemento rural é menor; para dicilo con carño—.

En todo caso, estas intervencións parecen fiadas por requirimentos externos impostos dende Europa e dende o ministerio e fiadas tamén aos fondos do segundo pilar da PAC; obxectivos e exixencias que, por encorsetados e lonxanos, non abordan profundamente as múltiples situacións do noso agro, como dixo vostede en máis dunha ocasión nesta Cámara. Son fondos de desenvolvemento rural cofinanciados pola Xunta de Galiza co mínimo exixido por Europa —dito sexa de paso—; e, a maiores, o Grupo Popular votou en contra na Comisión 7ª de que se incrementase esta participación da Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento rural galego. Dá a impresión de que hai, así, un pouquiño de trampa en todas estas cousas.



Este país, ademais, adoece de falta de superficie agraria útil, e, agora mesmo, a forraxe producida non é suficiente para alimentar o noso gando e tampouco a produción hortícola e cerealeira é suficiente para o abastecemento alimentario da nosa poboación. Os cambios normativos, que podían marcar un fito para a recuperación de terra agraria, poden converterse ou xa se están convertendo, de feito, en instrumentos que permiten a acaparáción de terras; aínda que no seu texto se diga o contrario, na práctica posibilitano, o que conducirá desgraciadamente a que se instalen proxectos agrogandeiros industriais, claramente contrarios á loita contra o cambio climático, cando temos un país cuns modelos produtivos primarios tradicionais, que conviviron en harmonía co territorio dende tempo inmemorial, por ser proxectos extensivos e de produción mixta, que, por certo, son tamén os que máis dificultades teñen para achegarse ás axudas e precisamente para sobrevivir, e que, dende logo, nin foron nin van ser os causantes do cambio climático.

Contextualizamos, ata este momento, esta situación de cambio climático, e chegou a hora de falar da seca e do noso contexto máis achegado. Aínda que loamos que accedesen a crear unha Mesa da seca xunto co sector agrario, promoveremos que acabe converténdose nunha mesa sobre o cambio climático que conte co sector, por suposto; pensamos tamén que non hai que esperar máis e que hai que establecer varias liñas de actuación paralelas a esta mesa dende este mesmo momento, porque implantar todo isto leva o seu tempo.

Non sei se, desta volta, na súa intervención nos vai agasallar cun sen número de axudas e de millóns que o Goberno da Xunta está dando ao noso agro, por certo, moitos deles de procedencia externa ao noso país. Neste caso, isto xa non vai, nin sequera, de compensar perdas, xa que vostede sabe perfectamente que compensan, cando queren, e con criterios de maior protección, as industrias, e de menor, ás producións tradicionais, tal e como lles fixo ver o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza nalgunha ocasión e que demostrou co asunto das producións ecolóxicas e con outras que estivemos escoitando estes días durante os dous últimos plenos; isto vai de que o que ata agora foron perdas ocasionais por fenómenos meteorolóxicos adversos, agora están sendo cada vez máis frecuentes e serano máis no futuro, ocasionando perdas de colleitas que non só van afectar á economía dos e das produtoras, senón que van desabastecer os mercados de alimentos vexetais. O ano pasado as producións hortícolas para consumo humano —para as que, por certo, este grupo pediu axudas e na Comisión 7ª o seu grupo volveu votar en conta— enfrontáronse a unha concatenación de olas de calor que poden repetirse este ano. Moitos expertos garanten que estes veráns son os máis frescos que imos sufrir nas nosas vidas, co cal as situacións pasadas poden ir —e irán— perfectamente empeorando no futuro.

As condicións edafolóxicas do noso territorio veñen de séculos de choivas abundantes, e, por tanto, os solos e as especies vexetais precisan adaptarse para seguir producindo en condicións radicalmente diferentes. Este ano choveu máis, e a produción forraxeira estará salvada probablemente, pero ás producións para consumo humano aínda lles queda un verán por pasar, do cal non nos dan dito moi ben como vai ser; polo de agora estamos salvando parcialmente.

Sabe que os vexetais en situacións de estrés hídrico se deterioran por pragas e por outras cousas, que precisan máis fitosanitarios e que necesitamos un territorio resiliente ante o



cambio climático que poida garantir que estas producións se dean cun mínimo uso da auga e de produtos químicos; por iso no Goberno da Xunta procede que haxa unha planificación xa para actuar de xeito inmediato a curto, a medio e a longo prazo. Entre as cuestións que recollemos, desta volta, están: primeiro, fomentar prácticas protectoras para o noso territorio, apostando polos modelos de produción tradicionais, máis sostibles; é dicir, adaptar as estratexias que marca Europa co pacto Verde e a Estratexia «Da granxa á mesa», pois as nosas granxas pequenas e medianas e estas granxas non poden quedar fóra das axudas, nin de ecolóxico nin de convencional, por unha cuestión de tamaño ou porque a consellería non teña recursos económicos suficientes para darlles axudas. Para iso, sería oportuno que o seu Goberno incrementase o orzamento para o cofinanciamento, máxime, en todo aquilo que conduza á sostibilidade. Segundo, establecer mecanismos para optimizar a xestión de auga; isto inclúe, por suposto, traballar en dúas vías: a primeira, para a captación e o aproveitamento de augas para rego; a segunda, aplicar técnicas de aforro de auga que poidan garantir as producións hortícolas e frutícolas. En realidade, non só estas, senón que valería para garantir todas as producións, igual que as medidas do primeiro punto. Non estaría de máis que a próxima reforma da formación profesional fose en positivo, para introducir ciclos sobre xestión de auga e rego sostible, xa que, no que eu vin non hai. E, por último, cómpre abrir liñas de investigación para atopar variedades resilientes á seca; o noso sistema investigador agrario leva feito un inxente traballo para a recuperación de variedades autóctonas que cumprirían perfectamente coas condicións edafolóxicas do territorio, pero agora estas condicións están modificándose a pasos axigantados, e parece que ser autosuficientes para facer fronte a esta situación é o único que nos queda por facer. Por todo isto, dende o BNG pedimos que, como responsable da Consellería do Medio Rural, tome parte polo noso agro, que, ao fin, é o que pode garantir a soberanía alimentaria do noso país, ou, se quere, da nosa poboación, para no mesturar soberanía con país.

Ten as preguntas formuladas por escrito. Agradecería que as respondese e que, ademais, nos explicase como vai facer efectiva a transferencia de coñecemento para que poida ser útil para as nosas produtoras e produtores, neste caso, e en todos aqueles que fose preciso. Desta volta, van todas as preguntas a que me referín rexistradas por escrito, así que, espero que mas responda todas, e que non me volva dicir —como a última vez— que, se quero respostas, faga outras preguntas. *(A señora Aira Díaz ri.)* Agradeceríalle que aproveitase para responderme ao que lle pregunto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas e máis nada polo de agora.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.



Estaba aquí repasando as preguntas da interpelación nos papeis que preparei e que traio e —penso— están todas, señora Aira, para contestar; pero tratareino facer co detalle suficiente.

En todo caso, déixeme que lle diga que estivo ben que aclarase o de «mensaxe catastrofista» cando empezou a súa intervención; foi moito mellor a segunda parte, porque hai varias cousas en que nos podemos poñer de acordo —seguro— cando saia a moción despois desta interpelación. ¡Home!, non o dubide. Déixeme, polo menos, que lle argumente; seguro que nalgunha nos podemos poñer de acordo.

Eu querría dar un dato —tampouco foi que vostedes falasen moito del—. Hai aproximadamente tres semanas presentouse o Inventario forestal continuo de Galicia, e quero dicirlles —para a súa tranquilidade— aos deputados e deputadas do Bloque e da oposición que a superficie que máis se incrementa en Galicia, cos datos do Inventario forestal continuo —non o di a Xunta de Galicia, senón que o din as universidades galegas—, é precisamente de frondosas caducifolias: seiscentas dezanove mil hectáreas.

Podemos falar, longo e tendido, ao respecto, pero eses son datos, señoría —e digo que non me van coller noutro escenario; isto é, efectivamente, hai cambio climático—; dende logo, no que se refire ás frondosas, os datos son os que son.

Miren, a Xunta de Galicia —e sabémolo tanto eu como os meus compañeiros e compañeiras do Goberno— ten unha máxima que é xestionar hoxe para mañá, isto é, pensar precisamente no medio e no longo prazo, e, dende logo, as consecuencias do cambio climático —e aí está unha das primeiras cousas, señora Aira, en que estamos de acordo— teñen que ser tratadas con perspectiva de futuro; teñen evidentemente un horizonte temporal longo.

E, dende logo, vostede advertiu algunha da normativa que ten aprobada a Xunta de Galicia. Estamos a falar dun Goberno comprometido coa adecuación dos obxectivos de desenvolvemento sostible ás nosas políticas autonómicas —algunhas das estratexias e algunhas máis que eu mencionarei—.

Voume centrar, efectivamente, nas cuestións que vostede dixo; e dixo: «Non se tomaron medidas a prol da adaptación do noso agro a esta nova circunstancia». ¡Home!, déixeme que lle diga que entre o Goberno galego e o Bloque hai bastantes diferenzas —seguro que vostede está tamén de acordo con esta aseveración—; déixeme que lle diga tamén que vostedes queren solucións, moitas veces, sen saber ou ter suficientemente analizado cal é o problema. E nós —e esa é a nosa forma de traballar— precisamente estudamos o problema, entendemos o problema, e, na medida do posible, buscamos unha solución. Vostede tamén o mencionou, efectivamente. Entendemos que, xunto con outros departamentos da Xunta de Galicia, había que facer un traballo específico do posible efecto da seca na nosa agricultura e gandaría, e, o que fixemos foi falar co sector e constituír —vostede o dixo así tamén— un grupo de traballo que contase cos principais representantes do sector primario galego, de todas as organizacións agrarias, para avaliar os efectos da seca, non só os directos —e logo falaremos disto—, senón tamén os indirectos.



Eu quero dicirlle que ese grupo de traballo xa está conformado, xa se reuniu e contou coa presenza de Unións Agrarias, da Asociación Agraria de Galicia, do Sindicato Labrego Galego e da Asociación Galega de Cooperativas. Aquí, o que pretendemos é traballar co sector falando con eles, con cada un dos diferentes ámbitos do noso sector primario, para ver precisamente cales son eses efectos da seca, tanto os directos como os indirectos, porque eu dixen —cando se falaba da discriminación territorial do vinte e cinco por cento das axudas— que había un efecto indirecto derivado do incremento do custo dos insumos que, moitos deles, veñen doutras partes do territorio nacional, sinaladamente a palla, que —como saben— máis que duplicou o seu valor, o seu custo.

Polo tanto, hai que buscar medidas adaptadas á realidade, sendo conscientes do que está pasando en Galicia. Déixeme tamén que lle diga que o certo é que nestes momentos —e, volvo repetir, sen negar para nada o cambio climático; non me van evidentemente coller noutra posición porque é a que eu teño— na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, que é na cal ten competencias a Xunta de Galicia, a situación é de normalidade. É certo que, ademais, en previsión, dende o ano 2022 cóntase cun Plan especial da seca e, con base no mesmo, temos un seguimento constante da situación. Queríalle dar estes datos. No día de hoxe e polos datos que teño actualizados, a reserva actual dos encoros da demarcación de competencia autonómica é case un quince por cento maior incluso que a do ano pasado, acaando un oitenta e sete por cento do seu volume. Non estou mencionando nada máis que o que son os datos, señora Aira, precisamente desa ocupación.

No que se refire aos encoros de abastecemento, estamos nestes momentos nun oitenta e seis por cento, e todos eses valores nos permiten dicir que estamos nunha situación de normalidade en canto aos caudais circulantes nos ríos da demarcación Galicia-Costa —para poñer a cuestión en situación—.

No que se refire —como lle dixen— aos efectos indirectos, temos que entender e temos que traballar nun escenario a medio e a longo prazo e nalgúñas das cuestións que vostede dixo. A min gustaríame, en primeiro lugar e falando da investigación que forma parte das súas preguntas, referirlle tamén, dentro da documentación que seguro manexan vostedes, o contrato de xestión 2021-2024 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, no cal non só hai un ambicioso Plan de investigación agraria nas tres áreas fundamentais de que nos dedicamos á investigación —agropecuaria, forestal e vitícola—, senón que tamén hai unha serie de propostas que se fan a partir precisamente do que se recolle por parte dos investigadores, dos especialistas en cada un dos diferentes centros.

Gustaríame tamén facer referencia, dentro das variedades autóctonas —e vostede falou sobre iso e a min é un tema que me interesa moitísimo—, ao esforzo que se está facendo —é certo que cando non se fai ou din vostedes que non se fai nada, críticasenos, pero, cando se está facendo un traballo que podería ser recoñecido, tampouco se fala para nada del— nas novas instalacións, señora Aira, do banco de xermoplasma, que vai supoñer precisamente un pulo, un esforzo moi importante para poder traballar con esas variedades autóctonas; probablemente moitas delas sexan moi resilientes á seca, aos efectos do cambio climático porque levan moitos anos no territorio, e, probablemente tamén nos axuden a diminuír o uso de fitosanitarios no contexto que estamos vendo nestes momentos, xa que Europa está camiñando por esa dirección.



Tamén teño que dicirlle que estamos reforzando todo o traballo do persoal investigador para os efectos ou pola vía precisamente de promover un decreto de persoal investigador centrado nese aspecto de promover esas liñas de I+D.

No que se refire á horta, estamos nestes momentos —e falouse aquí, varias veces, no Parlamento de Galicia— finalizando a Estratexia da horta galega. Parécenos un sector importante. Fixemos a Estratexia do sector lácteo, a Estratexia de dinamización das comarcas vinícolas, o Plan forestal 2021-2040 —nos cales, ademais, están con diferentes mecanismos de seguimento para comprobar que se están cumprindo todas as súas medidas—, pero parecíanos tamén importante afrontar todo o que ten que ver co ámbito da Estratexia do sector hortícola, porque Galicia é rica no ámbito hortícola e pensamos que se ten que desenvolver precisamente cara a esa soberanía alimentaria que vostede tamén precisaba moi ben.

Apostamos pola agricultura de precisión e pola economía circular, e eu pediríalle —seguro que o fai— que, se le o *DOG*, verá que na semana pasada se publicaron precisamente 8,77 millóns de euros para fomentar a agricultura de precisión e a economía circular. Están aí para os nosos agricultores e gandeiros, que, por certo, non é unha multinacional que poida pedir eses cartos, senón que son eses agricultores, eses pequenos agricultores e gandeiros que requiren destas axudas que van moi dirixidas, como digo, a un uso moito máis eficiente da auga.

Señora Aira, máis alá deste debate que teñen os grupos da oposición de se os cartos son dun lado ou doutro, eu diríalle —e seguro que non pasará, pero se algún día lle correspondese ter responsabilidades de goberno o entendería perfectamente— que os orzamentos da Xunta de Galicia, con independencia de onde proceden os fondos, os decide a Xunta de Galicia. É a Xunta de Galicia a que decide que facer cos cartos, calquera que sexa a súa procedencia. E eu quero facer mención a un proxecto que aposta claramente pola eficiencia no uso da auga, que é o Plan de modernización dos regadíos da Limia, e hai pouco tivemos ocasión, precisamente, de estar reunidos coa entidade pública SEIASA. Pero falando de fondos e falando da procedencia dos fondos, quero poñer en valor que o que leva feito a Xunta de Galicia é apostar por ese uso eficiente da auga nunha comarca agraria tan importante, como é a da Limia, cun primeiro orzamento de 4 millóns de euros para facer os 40 pozos que eran necesarios para despois modernizar e un orzamento que se levou ao Consello hai pouco máis de quince días de dous millóns e medio de euros para agora ter as instalacións de bombeo necesarias para ese regadío.

Nós, señora Aira, recollendo o que vostede dixo —e agardo que sexamos capaces nese sentido de poñernos de acordo—, apostamos por ese uso eficiente da auga nunha comarca tan necesitada de que se faga así, pero, ademais, apostamos con cartos; como digo, máis de seis millóns de euros.

É certo que temos que seguir traballando, que temos que seguir paliando os efectos da seca e que temos que, na medida do posible —tamén cos efectos do cambio climático—, ir adecuando a nosa agricultura e gandería a esas necesidades.

Pero déixeme que remate dicíndolle, señora Aira, que o fundamental é a sostibilidade da actividade agrícola e gandeira. E a sostibilidade, que, por suposto, é medioambiental, tamén é



económica e social, e temos que loitar entre todos para que un sector tan importante como é o primario en Galicia siga permitindo que eses agricultores e gandeiros sigan desenvolvendo, como fan de xeito extraordinario, a súa actividade, e iso require tamén sostibilidade social e sostibilidade económica.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, relatoume vostede un escenario idílico, parece o de Shangri-la. Iso está ben, está ben... ¡Ogallá o alcancemos, efectivamente! Eu vexo que ten moitas propostas, pero son todas deslavazadas. O plan da Limia era unha emerxencia mundial. Pero eu creo que hai que facer cousas coordinadas para todo o país, porque temos un país inmenso e diverso e, como inmenso e diverso, a afectación será distinta na Mariña lucense que no sur de Ourense, e para iso igual hai que facer estudos e logo, con base neses estudos, facer as propostas, as investigacións e cousiñas que non dá a impresión de que se estean a facer, polo menos non dun xeito coordinado.

Despois de escoitalos, señor conselleiro, quero subliñar, primeiro de nada, a capacidade que ten vostede e o Grupo Popular en xeral de concordar coas posturas do BNG no relativo á xestión que vén de Madrid e o pouco que concordan —en realidade, non de palabra— con nós cando son vostedes os que teñen que actuar e levar adiante as políticas que defendemos nós para Galiza.

Vostede agora acábase de declarar crente no cambio climático, pero non sei como pensará o señor Feijóo se goberna con Vox en Madrid, porque a min me dá a impresión de que a estas alturas xa é bastante negacionista. Acabará sendo bastante máis. Vostede tamén o é, aínda que diga que non. Demostrouno o seu director xeral cando foi dando charlas por todo o país botándolle a culpa a Europa de que se preocupase polos «animalitos» e pola «biodiversidade». Vostede fixo esas declaracións tan desafortunadas tamén. Sería un lapsus, pero aílle deu, e dixo que detrás había pensamentos que igual non eran os correctos.

Vostede, ao mellor, pensa que temos moito tempo, porque aínda pasamos un ano bo, un ano malo, un ano bo, e, entón, non estamos tan mal. Espero que non teñamos que esperar a ver-nos como en Castela, que están protestando ás portas do Ministerio, ou como en Doñana, sobrevivindo de pozos ilegais.

Non se trata tanto de dicir como, realmente, de facer, e eu creo que as políticas que levaron vostedes até o de agora non foron de apoio á investigación agraria no noso país, posto que todos eses millóns que ten vostede nesa consellería e que inexplicablemente non gasta ao cen por cento todos os anos —coa necesidade que hai— ben nolos merecería o noso sistema investigador agrario, que está ao bordo da desmantelación —sábeo ben o compañeiro Mini,



que me está mirando—, tanto por falta de persoal como por falta de medios. Andan con tractores sen pasar a ITV e cousiñas dese tipo. ¡Estámosche ben para andar investigando a fondo no tema do cambio climático! (*Aplausos.*)

É importantísimo atender os ciclos da auga e a súa xestión. Aquí poderíamos experimentar en técnicas de produción en situación de climas extremos, pero non somos especialistas niso; outros países, si. Somos máis especialistas en gardar nun caixón as investigacións feitas sobre o castiñeiro en Lourizán, por exemplo. Tamén hai que abordar melloras na xestión da auga. Habitualmente os encoros de abastecemento son de auga potable. Ao mellor, hai que buscar outros recursos, como o aproveitamento das augas residuais urbanas ou incluso a auga da choiva, porque a poboación vai necesitar alimentarse, e entendo que non é unha existencia impensable poder comer verdura criada no noso país, é unha cousa bastante tal...

Hai outra cuestión que é moi importante que é o sistema de transferencia de coñecementos, porque podemos investigar moito, pero se o coñecemento non chega aos produtores e produtoras, pasando polos sistemas asesores, polas oficinas rurais, polas industrias, para que poidan producir, esa comunicación está interrompida desde hai moitos anos, porque dende o Goberno da Xunta, antes de que viñese vostede —e vostede non sei o que está facendo ao respecto, igual peor do que debería—, estiveron traballando para que as oficinas de extensión agraria, aquelas famosas e romanticamente recordadas por todos, que funcionaban, se acabasen desmantelando, e acabaron dándolle unha cantidade de competencias a esta xente que non as pode defender porque non ten o persoal suficiente.

E tamén é moi importante cara a onde conduce a Consellería o noso agro, porque aquí estivo dando mostras a Consellería todo este tempo, deixando as producións ecolóxicas fóra porque simplemente non había diñeiro e *pelillos a la mar*. Deixáronas fóra tamén das axudas dos danos polo lobo, restrinxiron as axudas para zonas de limitacións naturais aos concellos de montaña, e así sucesivamente. Un dos criterios era o tamaño, e non serán industriais, pero si discriminaron por tamaño, e as pequenas e medianas quedan sistematicamente fóra, cando —repito— non son as que causaron o cambio climático. E, ao final, na Consellería, non sei se é polo vento —eu supoño que Europa non terá estes ventos—, pero hai unha especie de megalomanía.

Mencionou vostede o Plan forestal e os castiñeiros. Nas axudas para os soutos tradicionais, o requisito práctico é ter dúas hectáreas de castiñeiro. Iso serán soutos, e serán soutos do país, pero non é a maneira tradicional de xestionar os soutos, porque dá a impresión de que quere facer produción intensiva de castaña; co cal, non sei.

Eu o que lle digo é que non se poden deixar os pequenos produtores fóra e que hai que xestionar ben o diñeiro.

E xa lle digo, para rematar —que me está avisando o *relojillo*—, que teñen que apostar polo país e facelo xa, e tamén se pode facer dende o pequeno e dende o concreto; dende aí tamén se avanza cara ao futuro, e creo que Galicia merece o respecto de poder avanzar cara ao futuro dende aí, por respecto histórico e por usar modelos que non castiguen o territorio, como se demostra na Limia, que vostede acaba de mencionar.



Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Para o peche da interpelación, o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quería trasladar —déixeme que lle diga— a contradición de pedirme que responda con toda concreción as preguntas, como así fixen, e despois, na súa segunda quenda, xa non me daba o papel para anotar todo o que falou do desastre que facemos en todas as medidas que tomamos. Entón, eu pediríalle que, ¡joia!, se imos á precisión, pois precisión polas dúas bandas. Se cadra, ten que pedirlle ao señor Rivas que lle deixe intervir máis, señora Aira, para poder ter un pouquiño máis centrada toda esta cuestión. (*A señora Aira Díaz pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois iso, discutan entre vostedes se é boa idea ou non, porque eu me dou con calquera dos dous —no bo sentido da palabra—, non teño problema ningún.

Pero, claro, é que empezan —faino moitas veces tamén a súa portavoz— aquí a disparar cunha serie de cousas que eu... Dentro do que saben perfectamente, señora Aira, que é o respecto persoal e institucional, como eu o teño con vostedes —sábeno perfectamente—, eu pediríalle por favor que non poña en dúbida o meu compromiso no que se refire ao cambio climático e ás súas consecuencias. Eu o único que digo e repito —e estou seguro de que todos concordamos— é que hai que combinar e que hai que compatibilizar os requirimentos medioambientais co desenvolvemento da actividade agrícola e gandeira sostible. E cando falo de actividade gandeira sostible, refírome especificamente á gandería en extensivo como un mecanismo fundamental de loita contra os incendios forestais en Galicia.

Poderíamos estar aquí longo e tendido dicindo que nós só traballamos para multinacionais ou que non facemos nada diso, pero poderíalle referir eu o Plan de pastos de Galicia, que supoño que sabe que se corresponde con gandeiros en extensivo. Non hai ningunha grande empresa que teña acollidos 34 ou 35 pastizais que levamos feito, practicamente dúas mil hectáreas por todo o territorio de Galicia. ¿Hai algunha grande empresa que colllese eses pastizais, ou pequenos gandeiros que requiren de base territorial? Calquera dos polígonos da Lei de recuperación —xa non imos falar das aldeas modelo, que aí tampouco son moi grandes os porquiños e todo isto que din vostedes, porque, se son pequenos, porque son pequenos, e se son grandes, porque apoiamos as multinacionais; descúlpenme, que me custa entendelo—, calquera dos 21 polígonos que nestes momentos se están desenvolvendo, van ser para viticultores das diferentes comarcas vitivinícolas, van ser para gandeiros... Bueno, señora Aira, pregúntelle ao gandeiro ou aos gandeiros que van optar ao polígono de Cualedro, 64 hectáreas, a ver de onde son, se non da zona, ou pregúntelles a aqueles que van desenvolver a actividade do pemento de Oímbra no polígono de Oímbra a ver de onde son tamén. ¿Ou será unha multinacional que vén facer pemento de Oímbra alí ao lado —está falando o seu compañeiro? Se temos que facer algún en Verín, xa o temos comprometido tamén, e farémolo en Verín. E, por certo, o Concello de Verín é un



dos maiores peticionarios de polígonos agrogandeiros; co cal, fale co seu compañeiro, porque igual aí hai un certo desacordo.

Falaban das oficinas rurais. Pero, vamos ver, eu asumo que as oficinas rurais tiñan que ser arranxadas, e dende o ano 2021 arranxamos, señor Rivas, máis de corenta oficinas rurais; é dicir, practicamente dous terzos das oficinas rurais están arranxadas, nas que fixemos un traballo. (*Murmurios.*) Señorías, vaian aos orzamentos, eses que din que non se executan. Que, por certo, aquí, señor presidente, señores deputados do Partido Popular, eu non sei se foi unha interpelación sobre a seca ou sobre a execución orzamentaria, porque aquí, dentro de pouco, imos ter que vir dar explicacións case de calquera cousa. Pero tamén lle digo que están a punto de inaugurarse diferentes... Por certo, tamén alí en Verín saben perfectamente que inauguramos unha oficina agraria comarcal penso que en moi boas condicións. Estase preparando tamén a Oficina Agraria Comarcal de Ordes. E, como lle digo, máis das sesenta e moitas oficinas que temos —sesenta e nove— foron arranxadas durante estes últimos anos porque entendemos que era necesario poder prestar ese servizo.

Falou tamén das axudas de recuperación de soutos, e digo eu, pregunto: ¿é bo ou é malo que se fagan axudas de recuperación de soutos? (*A señora Aira Díaz pronuncia palabras que non se perciben.*) É bo, jé bo!, bueno, aí estamos todos de acordo. E agora di: é que máis de dúas hectáreas... Pero, entón vamos ver, vostedes ¿que queren? Nós fomentamos —tamén sacamos axudas de viñado a partir de 1.000 metros cadrados; non pense que todos son dúas hectáreas— precisamente un mecanismo para que a xente poida ter unha unidade produtiva e suficiente rendibilidade, que é algo máis, no caso do castiñeiro, que dúas hectáreas, que son as agrupacións de xestión conxunta.

Pero, señora Aira, ¿sabe con quen se falou das axudas de recuperación dos soutos? (*A señora Aira Díaz: Co alcalde de Pontevedra.*) (*Risos.*) Pero, vamos ver, ¿de onde sacou o do alcalde de Pontevedra, señora Aira? ¡Vamos ver! (*Risos do orador.*) Creo que conseguiu unha cousa, e é que en cinco anos que non rin aquí, vou acabar..., porque co do alcalde de Pontevedra... (*O señor conselleiro do Medio Rural, González Vázquez, ri.*) Eu quería —vou tratar de dicilo con seriedade— dicir que se falou coa Mesa da Castaña, na que están representantes de todo o sector, e todos concordamos en que había que ir a dúas hectáreas mínimo. Pediríalle, a través dos contactos que teñen, sindicatos e todo esa historia, que preguntasen, porque estaban eles tamén.

E o que temos que procurar é, na medida do posible, facer unidades produtivas un pouco máis grandes. Eu respecto moitísimo o minifundismo, son dunha zona, ademais, moi minifundista, pero hai que combinar o necesario tamaño para que poida haber... O contrario, señora Aira, é cargarse o rural. ¡É que non o acaban de entender! Ese discurso pasou. Nós non queremos facer nada no rural que non sexa recuperar a actividade agraria rendible, pero iso ten que facerse cun certo tamaño. E isto non é falar de multinacionais no rural, é facer as cousas como fai calquera país europeo civilizado. Non se pode pensar que temos que ir co cabalo, tirando cun arado, que temos que ter mecanización e que temos que ter un pouco de tamaño, e isto non significa falar de multinacionais nin de empresas grandísimas, senón de atender a realidade do que é o noso rural.



Eu remato xa dicíndolle, por suposto —permitinme esta licenza porque foi ela a primeira que me fixo ir polas ramas—, que lle contestei na primeira quenda suficientemente as súas interpelacións, dicíndolle que o tema da seca é un tema preocupante, que nos ten ocupados a todos, e que estamos facendo un esforzo, no medio e longo prazo, pola vía de facer un uso máis eficiente da auga, e sobre todo, a través da investigación e da transferencia, para ser capaces de prepararnos para o futuro.

Pero, dentro desas dificultades, quero romper unha lanza polo futuro do noso sector primario, porque, evidentemente, nunha situación e nun contexto de cambio climático, Galicia non está tan mal como outras zonas do territorio español e europeo, e eu penso que iso coloca a Galicia, precisamente nesa esperanza de futuro que temos todos polo noso rural, nunha situación, comparativamente falando, moi vantaxosa fronte a outros territorios que van estar moito máis afectados, por esas dificultades derivadas —e que eu non vou negar nunca— do cambio climático evidente, que xa hai.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todas e todos.

Bo día, señor conselleiro.

«As enfermeiras conmemoran o seu día con denuncias de precariedade». (*O señor Torrado Quintela le un titular e mostra un documento, e o mesmo vai facer a seguir despois da lectura de cada titular.*) «Os médicos do HULA maniféstanse contra a precariedade laboral». «Acusan o Sergas de discriminar as enfermeiras galegas en comparación coas das outras rexións». «Enfermeiras do complexo hospitalario da Coruña denuncian contratacións abusivas do Sergas». «Celadores do hospital denuncian a precariedade laboral no seu traballo diario» —no Hospital do Salnés—. «Especialistas en Medicina Interna do CHUS elaboran un plan contra a precariedade» —os profesionais elaborando plans contra a precariedade, non a dirección do Sergas—. «Berro desesperado do persoal de enfermería no Hospital de Ourense: “non hai ninguén ao mando”» «A nova diáspora galega foxe da precariedade laboral» —o exemplo, a sanidade—. «A precariedade do persoal de enfermaría: “Levo 413 contratos en doce anos, 300 deles dun só día”». «Enfermeiras e outros profesionais do Sergas protestan ante os hospitais da Coruña, Vigo e Ourense». «A sanidade galega en precario, tardará anos en recuperarse». «As oposicións de enfermaría en Galicia tíñense de negro contra a precariedade laboral». «Os sanitarios galegos maniféstanse contra a precariedade laboral e a privatización de servizos» —en Pontevedra—. «Máis de trescentos contratos temporais



para unha mesma enfermeira do Sergas». «Médicos interinos eventuais de Ferrol exigen unha oposición extraordinaria para acabar coa precariedade». «Pediatras alertan do impacto nos hospitais da precariedade da atención primaria». «Precariedade no Sergas: “O meu mellor contrato foi dun mes; o máis curto, de sete horas». Ten máis sorte que a seguinte «Precariedade na sanidade pública galega, xornadas de dúas horas e contratos mes a mes». «Profesionais do Hospital da Barbanza plántanse ante a sobrecarga de traballo». «Enfermeiros eventuais protestan en Vigo contra a precariedade e a contratación de xubilados». «Golpe aos traballadores precarios da sanidade galega: “O Sergas négase a pagarnos o que di a xustiza”». «Sindicatos e colexios médicos sinalan a Xunta pola falta de sanitarios: “Non hai máis porque as condicións son precarias”».

Teño dez minutos, podería tirar aquí seis horas citando noticias, e aínda quedarían algunhas fóra. O sistema galego ten un gravísimo problema de precariedade, moi por riba de calquera tipo de problema que poidan vostedes intentar analizar; un gravísimo problema de precariedade. E é que non estamos dando aos profesións sanitarios as condicións laborais que merecen, e que merecemos os demais como cidadáns de Galicia. Isto é un problema da súa consellería. E isto é o máis grave que ocorre no Sergas, con moitísima diferenza respecto de calquera outra campaña política que vostedes queiran facer. Temos un problema de precariedade laboral no sistema sanitario público galego, ¡gravísimo!

É certo que vostedes tratan de escudarse en que o fan todo moi ben, pero o problema da precariedade vén dado por unhas contratacións cicateiras, porque estamos pagando hoxe os recortes de hai unha década e porque, ademais, este sistema que vostedes promoven que sexa así vive nunha incerteza, e isto vostedes prefíreno, por algunha razón que é difícil de entender ás veces.

¿Que consecuencias ten a precariedade no sistema do Sergas? O sistema é máis ineficiente, porque os profesionais acaban pasando duns lugares a outros sen especializarse, sen dotar de consistencia e sen crear equipos permanentes. Son moi bos profesionais, pero o que non son é superheroes, e non poden facelo ben sempre, en todos os lugares e a todas as horas, se están cambiando cada minuto de servizo. Temos a imposibilidade dos profesionais de facer unha vida. A estabilidade laboral é o que permite aos profesionais establecerse nalgún lugar. E, polo tanto, a súa estabilidade vital dá tamén estabilidade ao seu ámbito laboral. Se conseguimos que as súas condicións de vida sexan mellores, isto permitirá que teñamos mellores capacidades para ter o servizo mellor dotado. Isto, indirectamente —ou non tan indirectamente—, inflúe nalgunha perda de profesionais. Non estaba vostede aquí hai un rato, pero eu explicaba que hai profesionais da Coruña que, en vez de ir a Valdeorras a unha praza de primaria, preferirían ir a Londres. Eu sei que isto ao Partido Popular ás veces lle produce... Se en vez de dicir Londres, digo Singapur, pois igual é moito máis fácil entendelo. Pero tampouco quero ser tan directo, porque os nosos profesionais —xa non tan novos—, a xente que se titula, que ten unha formación espectacular, hoxe pode traballar en calquera punto do mundo, e hoxe non é hai trinta anos. Poden moverse, queren moverse, desfrutan movéndose, e se as condicións son claramente mellores, van escoller outros lugares. Non querría ter que poñer casos, pero poderíamos, e non nos iríamos a moi lonxe. Por tanto, creo que é importante que sexamos conscientes de que isto repercute no noso sistema. O demais é facer palabras por facer.



Os profesionais do sistema apuntan a isto. Na Comisión de Reconstrución Poscovid que tivemos neste Parlamento pasaron algúns profesionais; de feito, compartimos o deseño das comisións —o Partido Popular sempre limitou moito máis as posibilidades que tiñamos nós para convocar algunha xente, e convocou máis dos que debera proporcionalmente, pero ese é outro debate—. Pero profesionais que viñeron aquí convocados e que propuxo o Partido Popular, profesionais que viñeron aquí convocados e que propuxo o Partido Socialista e incluso algúns profesionais que propuxemos en conxunto tamén co BNG viñeron a este Parlamento e, en termos de estabilidade laboral, dixeron o mesmo. Non fai falta lembrar que todos apuntaron a un programa de estabilidade; todos, pode vostede recuperar aqueles debates.

Pero é que os colexios médicos apuntan ao mesmo, é que as asociacións de profesionais apuntan ao mesmo e que os sindicatos apuntan ao mesmo, é que os profesionais, os xefes de servizo, en moitos lugares, apuntan ao mesmo: á precariedade, á falta de profesionais para non poder asistir á cidadanía como queren. E este é o problema que está ocorrendo moitas veces: ocorreu nas urxencias recentemente, ocorreu en medicina interna e ocorre en moitos servizos que vostede coñece.

Pero vostedes, antes de mellorar as condicións dos profesionais, calquera outra cousa. Soben a calquera slogan con tal de non afrontar a realidade do problema. Temos un problema de calidade á hora de ofrecer condicións laborais aos profesionais, e isto é o que fai que teñamos un sistema máis debilitado do que debera, que sobrevive grazas aos profesionais e a pesar dos seus dirixentes.

Póñolle como exemplo a última OPE de enfermería. Vostede estivo por alí aquel domingo en Silleda, e eu estiven por alí. Non coincidimos —tampouco tiñamos por que—, pero puidemos falar con moita xente. Seguramente vostede ten unha lectura moi positiva da OPE. Eu estiven cun inmenso número de profesionais que estiveron alí que protestaban por un problema de precariedade, que detectaban un problema de precariedade. Protestaban, fixeron unha protesta, ademais, e acompañámolas e reunímonos con ela, e defendían basicamente algo tan sinxelo como: 1.600 prazas convocadas, 10.000 persoas presentadas —bueno, matriculadas— e 8.700 presentadas. É dicir, para calcular polo baixo: cinco persoas presentadas por cada praza. Hai profesionais sanitarias, ¡hai profesionais! ¿Cal é o problema, entón, para que teñamos en moitos hospitais de Galicia unha enfermeira por vinte e dous pacientes pola noite?, ¿para que teñamos servizos onde hai profesionais que teñen 300 contratos en poucos anos?, ¿para que a xente teña centenaes de contratos dun día? ¿Por que vivimos así no sistema, tendo profesionais para contratar? Isto é o que non entende ninguén.

A enfermería ten basicamente —máis ou menos, por redondear— un 35 por cento de postos nalgún formato de eventualidade, que non teñen praza en propiedade no sistema, e, con todo, estamos utilizando profesionais constantemente para os novos postos. De feito, sentenzas laborais —sentenzas, ¡eh!, non é que o diga o Partido Socialista— condenan o Sergas por contratación fraudulenta, por «contratación torticeira» —palabras dunha sentenza xudicial—, por contratar persoal que vostedes non quixerían. Hai aquí —paseille algunha— algunhas noticias de xente que reclamou que vostedes estaban regateándolles salarios que merecían, e tivo que ir ao xulgado, e cando gañaron no xulgado, vostedes negáronse a pagarlles, porque din agora que non teñen para nóminas.



Este é o sistema no que viven os profesionais de enfermmería, pero é que, se imos á concepción xeral do sistema, vemos que o que é imposible de entender é como é posible que siga funcionando tan ben, porque os profesionais están aguantando demasiado. Hai que, como din elas —e súmanse a esta idea moitos profesionais doutras categorías—, «coidar a quen nos coida», que é unha idea que nos parece moi agarimosa, pero moi real sobre a situación.

Existiu unha iniciativa das administracións para reformular esta situación: 67.000 profesionais estabilizados grazas ao real decreto do Estado que impulsou unha estabilización no sistema sanitario, contra o que vostedes saíron furibundamente. Fixeron unha campaña que parecía que ían á selva cos machetes porque lles obrigaban a estabilizar sanitarios, o cal demostrou, evidentemente, cal era a súa posición.

E vostedes, con este tipo de respostas e coa negativa a escoitar todos estes profesionais, o que fan é perpetuar un problema. Este sistema ten un grave problema de precariedade, e vostedes, en vez de mellorar as condicións dos profesionais, buscan escusas para botar balóns fóra —sempre, balóns fóra— e para dicir que o fan todo moi ben, pero os profesionais estanlles dicindo o contrario.

Polo tanto, nós plantexámoslle esta interpelación para que nos diga se de verdade van intentar reformular a súa política de recursos humanos ou se imos seguir con ese sistema que está vivindo da voluntariedade extrema dos profesionais. Pero non podemos vivir, nin pode depender a calidade do noso sistema sanitario, de que os profesionais estean dando moito máis nivel ético que o que están dando os recursos humanos desta consellería cando non é quen de ofrecer condicións laborais dignas, que as merecen, e merecémoslas todas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Torrado, a verdade é que, cada vez que escoito unha intervención súa sobre a situación da sanidade en Galicia, a realidade é que debuxa un panorama sempre desolador. Dá igual o que fagamos, as medidas que tomemos, o persoal que se contrate, as oposicións que se convoquen, o orzamento que se dedique e as medidas que se consigan; vostede sempre fala de crítica, crítica e máis crítica.

Digo eu que aínda que sexa por probabilidade, en algo de todo o que fixemos nestes últimos anos poderíamos estar de acordo, pero vexo, por desgraza, que non, je mire que non levamos tomado medidas en materia de recursos humanos nesta lexislatura! É que moito do traballo realizado e das melloras que se adoptaron viñeron, precisamente, das mans dos profesionais do Servizo Galego de Saúde. O seu bo facer no desenvolvemento do seu labor diario é a mellor



tarxeta de presentación da sanidade pública galega. Por iso aproveito esta interpelación —como sempre— para agradecer unha vez máis a todo o persoal do Servizo Galego de Saúde a súa profesionalidade no seu labor diario, atendendo todos os galegos e as galegas. E ademais dígoos sempre nun contexto de falta de —especialmente— médicos de familia, que todo o mundo coñece en Galicia e noutras unidades autónomas, e tamén, por exemplo, en Ceuta e Melilla ou na sanidade penitenciaria.

A verdade, señor Torrado, é que, escoitando o que di, parece que Galicia é o peor lugar posible para traballar na sanidade pública. ¡Menos mal que os profesionais doutros lugares que veñen traballar a Galicia, e mesmo os profesionais do Servizo Galego de Saúde, desmontan este discurso. Igual é porque durante anos e de maneira continuada fomos aumentando o orzamento no ámbito sanitario, sendo quen de manter intacto o nivel de compromiso coa sanidade pública galega. Para ser máis concreto —e vostede sábeo moi ben—, neste ano 2023, o capítulo I, adicado a gasto de persoal, incorporou 112 millóns de euros máis, un 5,7 por cento máis que no ano pasado, superando por primeira vez os 2.000 mil millóns de euros.

Eu sempre utilizo esta idea gráfica. Hoxe o Sergas inviste en recursos humanos 5,5 millóns de euros, mañá, outros 5,5, pasado, outros 5,5, e así cada día; 5,5 millóns de euros en recursos humanos. Nesta media horiña que imos estar aquí discutindo vostede e mais eu, o Sergas vai investir en recursos humanos 114.000 euros, que, pasado a pesetas —que vostede creo que é da mesma xeración ca min—, son 19 millóns de pesetas, nesta media hora en recursos humanos. Iso permitiu que o Sergas sexa no día de hoxe o maior empregador en toda Galicia, sendo a media de profesionais no ano 2022, 43.000 traballadores que traballan para o Servizo Galego de Saúde. Isto, facendo un símil, é coma se abrísemos nestes últimos anos 20 centros comarcais en Galicia con 7.000 profesionais, a unha media de 360 profesionais por centro comarcal.

Isto é —para que tamén centremos o dato— un 19 por cento máis do persoal que había no 2008. A consecución desta cifra non foi por outra cousa que polo traballo continuo na organización e na planificación, por exemplo, de sucesivas ofertas públicas de emprego ao longo destes anos.

Para ser máis concreto, nos últimos dez anos o Servizo Galego de Saúde convocou máis de 12.000 prazas, concretamente 12.488. Isto, se facemos conta sobre os 43.000 traballadores que ten o Sergas, vén supoñer o 30 por cento da plantilla. É dicir, en dez anos, sacamos prazas en propiedade para o 30 por cento da plantilla. Se pensamos que a vida media laboral dun traballador está nos 30-35 anos, se en cada 10, sacamos 30, nos 30 cubririamos un cen por cento.

Polo tanto, tan mal non o debemos de estar facendo sacando convocatorias de OPE, cando, insisto, en dez anos, sacamos o 30 por cento das prazas. Por certo, todo isto facémolo esgotando a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado; por certo, taxa máxima que pedimos en reiteradas ocasións que se retirase, xa que nos gustaría poder convocar todas as prazas que temos dispoñibles. Pero lonxe de eliminar esa taxa de reposición, o Goberno actual advirte de que vai sancionar a temporalidade —¡novidade!—, sendo bastante ilóxico non permitir convocar prazas —e máis neste caso— e á vez sancionar a contratación temporal.



Por outra banda, tamén continuamos o desenvolvemento do Plan de saúde mental, incorporando 2,6 millóns de euros en orzamento para 61 novas prazas en propiedade previstas para o ano 2023; por certo, co voto en contra do Partido Socialista.

E do mesmo xeito creamos novas prazas no Sergas, concretamente este ano 3,5 millóns de euros, 134 novas prazas no Sergas, máis da metade delas enfermeiras, das que vostede falaba agora, e o resto fisioterapeutas, para traballo social... De novo, estas prazas co voto en contra do Partido Socialista.

Como ve, señoría, en todo momento traballamos para aumentar a capacidade no que a recursos humanos se refire, dentro da marxe que permiten sobre todo os ámbitos asistenciais, e os que máis necesitaron estes últimos anos. Así mesmo, e non menos importante, é que seguimos traballando na carreira profesional, no ano 2021 e 2022, con 10 millóns de euros para reforzala. E no ano 2023, coa incorporación de máis de 7.700 traballadores temporais, froito dun acordo por unanimidade na Mesa sectorial, como digo, imos chegar aos 19 millóns de euros, e moitos destes traballadores no 2024 van optar xa ao grao II e, polo tanto, a melloras retributivas.

Fala vostede de precariedade. Bueno, vou darlle un dato, a vostede que lle gusta tanto falar de atención primaria: ¿sabe cal é a porcentaxe de persoas con praza en propiedade en atención primaria, así, aproximadamente? Segundo vostede, sería o 5 ou o 10 por cento, ¿non? Bueno, en Galicia, nun centro de saúde pequeno, de 10 profesionais, 8 teñen praza en propiedade nese centro de saúde; é dicir, o 80 por cento da plantilla de atención primaria ten praza en propiedade. ¿De que precariedade me fala, señor Torrado, en atención primaria? ¿Un 80 por cento de persoal con praza en propiedade é ser precario en atención primaria? Son datos obxectivos, que lle podo trasladar. E hai pequenas variacións entre médico de familia, enfermeira, PSX e o resto de categorías.

Estamos falando dun servizo de saúde que ten o 80 por cento do persoal con praza en propiedade, e ademais non só con praza en propiedade nese centro, senón coa posibilidade de ir, cada dous anos, cun concurso aberto e permanente, a onde queiran ir. ¿De que precariedade me fala vostede? ¿Ao mellor me fala vostede da precariedade das enfermeiras nos hospitais? Totalmente de acordo, porque resulta que temos, señor Torrado, 12.000 enfermeiras, cun promedio cada unha delas de 12 días libres ao ano. Faga a conta: 12.000 enfermeiras por 12 días libres ao ano. Dígame vostede a canta xente hai que substituír cada ano. E, ademais, como ben sabe, as enfermeiras do hospital cóbrense ao cen por cento.

E voulle dar outro dato: de 43.000 traballadores, no período xaneiro-maio deste ano, temos unha IT media de 8,8. Isto significa que hoxe hai 3.700 persoas de baixa. ¿Como cre vostede que as temos que cubrir?, ¿con contratos fixos?, ¿ou con contratos eventuais de substitución dunha IT? É que, claro, eu non sei que idea ten o Partido Socialista para que aos traballadores non teñamos que substituílos; ao mellor, é quitar os días libres. Se non houberse días libres no Sergas, non habería substitutos. Pero non, nós, de momento, non estamos nesa liña. Nós queremos que os profesionais teñan permisos de LD, que teñan ata 18 tipos de contratos diferentes para favorecer a conciliación, no caso da muller; temos, por exemplo, 2.500 enfermeiras con redución de xornada. Segundo vostede, cando unha persoa ten unha redución de



xornada de dúas horas, non hai que substituíla, ¿ou teremos que facer un contrato de dúas horas para substituíla? É que eu non sei en que mundo cre vostede que traballamos na sanidade.

Insisto, un 80 por cento de persoas con praza en propiedade en atención primaria, e substitucións en enfermería do hospital. Pois si, cubrimos todas as ausencias; efectivamente, cubrímolos con contratos, non temos outra alternativa.

Ademais, temos que dicir que todos eses permisos —insisto— no ámbito da enfermería, se cobren todos. Como digo, esta é unha situación complexa. Puxemos solucións para isto tamén, claro que si. Creamos, por certo, con bastante crítica pola súa parte, o contrato eventual de continuidade; un contrato, precisamente, que permite outorgar maior estabilidade laboral a eses profesionais, fidelizar os recursos dispoñibles, centralos, ademais, nunha área concreta de traballo e, por suposto, con coñecemento do seu calendario. Bueno, pois iso está aí tamén dispoñible.

En definitiva, o que digo é que nós temos unha porcentaxe moi alta de persoas con praza en propiedade, sen dúbida, e temos, no ámbito hospitalario fundamentalmente, a necesidade de cubrir as ausencias cando por permisos, polas IT ou por outras cuestións os traballadores precisan deles.

Nesta liña, como dicía, agora mesmo estamos secundando moitos procesos de estabilización, esas 6.700 prazas que están agora mesmo en proceso de OPE, e imos traballar para conseguir que a taxa de temporalidade estea por debaixo do 8 por cento, como, por outra banda, é recomendable.

Nós non nos opuxemos a ese proceso de estabilización, señor Torrado, nin saímos en desbandada, como dixo vostede. O que nos pareceu o colmo é que fose o señor Pedro Sánchez o que dixese que el estabilizaba. Non, el o que fixo foi unha normativa, que todos cumprimos. E, por certo, Galicia foi a primeira comunidade autónoma que rematou o proceso de estabilización, por exemplo, na enfermería. Nesa oposición —que me alegro de que vostede estivese alí tamén— as 450 primeiras prazas por concurso de méritos que se acadaron nese marco en España foron en Galicia.

Pero, mire, se me fala dese proceso, Galicia convocou, a través deste procedemento, 2.500 prazas. ¿Sabe cantas convocou Asturias no mesmo período? 4.800. É dicir, metade de poboación, o dobre de prazas. Será que Asturias non facía convocatorias de prazas en propiedade. Ou Valencia 9.000, ou Canarias, 12.000. Exemplos de convocatorias de prazas, de funcionamento, por certo, do propio exame, ou de estabilidade, señor Torrado a nós, pouquiños, moi pouquiños.

Máis nada. Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Torrado.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, ¡home!, eu encantado, pero da mesma xeración tampouco somos jeh! ¡A ver...!, non hai moita distancia tampouco, non hai moita distancia, pero, bueno. A ver..., eu estou fondón, vostede consérvase ben, pero tampouco... *(Risos.)* A ver, está vostede ben, jeh!, mantén unha forma impecable e tal.

Da mesma, eu, en pesetas... *(Murmurios.)* *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, estamos os tres igual, señor Balseiro; si, non se preocupe. Si, si, estamos os tres igual. O máis novo é o conselleiro, si; a verdade é que ás veces a memoria tamén lle vai máis curta.

Pero, en todo caso, eses cartos que vostede di como se fora... A min iso recórdame a cando un amigo meu fai a conta de canto cobra por minuto Cristiano Ronaldo. A pregunta é a mesma que cos médicos, médicas ou enfermeiros: ¿meréceno? Eu o que digo, e din eles tamén, é que merecen mellores salarios e, sobre todo, máis profesionais e máis estabilidade. Máis estabilidade tamén, iso é o que din. ¡Se non o digo eu, eh!

Vostede di que non se lle dean leccións e que está todo ben xestionado. Voullo repetir porque, como lin tantas: 403 contratos en doce anos; 300 deles dun só día. ¿Como é posible contratar —vostede di que si, e non, non, se posible, é *(O señor Torrado Quintela mostra un documento.)*— 300 contratos dun só día? O que implica que, ao acabar ese día, xa ten prorrateadas as vacacións, os días libres... E ao día seguinte ela ten que estar dispoñible no teléfono, aínda que non traballe. Non pode prever unha viaxe, bueno, e xa non lle digo prever mercar unha vivenda, ter fillos ou estabilizarse nalgún lugar. Non, non, estoulle falando de previsión de vida a tres días vista. Non poden, e iso é estabilidade. Non se trata só de vir aquí a dicir canto pagamos; a cuestión está en que claro que o sistema paga profesionais, pero igual é que debía pagarlles máis a máis profesionais. ¡Se ese é o problema!, pero por se acaso vostede tampouco me escoitou. E dino colexios médicos, ¡colexios médicos, eh!, que, bueno, eu diría que algo das condicións nas que traballan os médicos saberán, e sinalan á Xunta. Din que non hai máis sanitarios porque as condicións son precarias.

Voulle ler, ademais, o seguinte, *(O señor Torrado Quintela mostra un documento con fotografías.)* —ademais, pónenlle a foto a vostede aquí; non me puxeron a min, que non tiñan por que—: «O Consello de Colexios Médicos de Galicia acusa ao Goberno galego de ocultar as condicións dos contratos, que son por períodos breves e cunha carga de traballo tremenda.»

Tamén se equivocan eles, tamén. Cando vostede se reúne con eles, ¿tamén lles di: non me dean leccións? Porque é o que din os profesionais. ¡Sentenzas xudiciais, eh!, ¡sentenzas xudiciais!

Mire, os médicos do HULA, cando se manifestan, din —e eu leo aquí unha pancarta— *(O señor Torrado Quintela mostra un documento.)*: «Oito anos de contratos eventuais». É que ningún lle discute que hai que cubrir as vacacións con contratos eventuais. Claro que non. Non imos facer estatutario un persoal porque o necesitamos dous meses, ou un mes, ou dúas semanas, pero ¡a un profesional que leva oito anos e que ás veces ocupa, ata que as sentenzas



xudiciais o reverteron, a mesma praza...! Ou o mesmo a profesionais de enfermería, que non ocupan a mesma praza, porque, entón, agora poderían reclamar e quedarían en propiedade coa praza. Entón, móvenas de servizo en servizo, contratando as mesmas constantemente para que non poidan reclamar.

Ese é o problema da eventualidade, pero é que vostede sabe disto tanto ou máis ca min. Vostede quere esconder, pero esta realidade é así, e vostede sabe que é así. Xa me gustaría a min que non fose así, porque vostede di: vén aquí dicir que Galicia é o peor sitio. Non me escoitará dicir iso. Vostede pode intentar argumentalo para discutirme a min, pero eu xa lle expliquei varias veces que non se trata de discutirme a min. E, ademais, non ten por que mentir para discutirme a min. Non me escoitará dicir iso porque non é certo e non o penso, o que digo é que temos espazos de gran mellora.

Non me diga despois que non sumamos, que non sumamos... Mire, eu estou farto aquí de votar iniciativas a favor das que presenta o Partido Popular. Á inversa, cos dedos da man jeh!, ¡cos dedos da man! Voulle dar a volta á pregunta: ¿Ou será que soamente vostedes teñen ideas boas neste mundo e os demais somos uns deslavazados e, cando falamos cos profesionais, falamos cos profesionais que non son? ¿Será que propoñemos cousas que non valen para nada? Porque vostedes teñen o botón vermello de votar que non gastado, xa o dixo o señor Álvarez esta mañá. No último pleno votamos a favor dunha iniciativa; é máis, sumámonos a unha proposta de iniciativa conxunta. Dúas veces votamos a favor de algo que o PP estaba presentando; pero se estabamos de acordo, estabamos de acordo. Ás nosas, non, jeh!; ás nosas, non. Por tanto, non me veña a min dar leccións diso; diso si que non.

Orzamento para persoal. Voulle dar un dato —a vostede gústanlle os datos anecdóticos, voulle dar un dato—: este ano incorpóranse ao Sergas, de todos os espazos que ten o Sergas e de todas as especialidades de médicos, menos médicos que sacerdotes ten o Sergas. Eu creo que nos fan falta máis, ¡eu creo que nos fan falta máis!

Da taxa de reposición, non lle digo nada, porque, en fin... ¿Dígolle? Pois dígolle dúas cousas: 120 por cento agora; 10 por cento co Goberno Rajoy, e vostedes aplaudindo. Doce veces máis; por certo, que non as agotan.

Pero eu voulle dicir outra cousa, no Congreso dos Deputados, Comisión de Reconstrución Post-covid: proposta de acordo para eliminar a taxa de reposición. Dos grupos que estamos aquí, o único que votou a favor foi o Partido Socialista. Vénme pedir algo ao que vostedes alí despois votan en contra, señor conselleiro. ¡Señor conselleiro, por favor!

Así que eu o que lle propoño é que vostede recoñeza a realidade. Non é culpa integramente súa, dende logo que non, pero recoñeza a realidade. Non é fácil resolvela, pero o grave problema do sistema é a precariedade dos profesionais. E, por tanto, necesitamos afrontar algunhas realidades e afrontar algunhas cuestións que non son fáciles, que son custosas e que suporán ter que replantexar incluso cuestións sobre o financiamento do sistema. Pero é aí onde temos que ir se queremos mellorar o problema asistencial. Dicir outra cousa é regatear e regatear; pero, como o de Cristiano Ronaldo xa dende hai moitos anos, que regatea, pero xa non hai gol...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Gana moitos cartos, pero hai que regatear para meter gol, e vostedes están regateando moito pero non firman profesionais —o que tiñan que facer—. Menos flores e máis capítulo I, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Bueno, señor Torrado, vou empezar por onde vostede remataba: menos flores e máis capítulo I. Volvo dicirle que este ano, 118 millóns máis de capítulo I. Flores, ningunha.

Eu dicíalle que non nos dea leccións, pero, ao mellor, non me entendeu ben. Faláballe dos procesos das OPE e de estabilización. Galicia é un referente en toda España polo número de OPE que fai e que ten feito en todo momento. Nin sequera nos peores anos Galicia deixou de facer ofertas públicas de emprego. E o dato que o contrasta é o que dicía, con ese marabilloso proceso de estabilización, o señor Iceta. Cando se poñen encima da mesa as prazas que teñen que estabilizar as distintas comunidades autónomas, Galicia é a comunidade autónoma que menos prazas ten que estabilizar nese proceso; ja que menos, señor Torrado! —non faga así—. Doulle o exemplo: Asturias, 4.900 prazas; Galicia, 2.500. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Como que non é certo? É un... (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Claro, pode vostede comprobalo e pode comprobalo calquera. Canarias, 12.000 prazas. ¿Isto por que é? Non é por nada especial máis que porque Galicia, nestes últimos anos, mantivo a tendencia de convocar ofertas extraordinarias de emprego sempre que puido. E fíxoo co 10 por cento de taxa de reposición e faino agora co 110. O que nos gustaría é que xa que neses anos non se puido facer máis que o 10 por cento, que agora se libere co 110; o 120 agora é absurdo. Déixenme sacar todas as vacantes que teño, que ese é o problema, que non me deixa sacar todas as vacantes que teño. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, aquí, non. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Aquí nós dixemos o que estamos dicindo sempre, que nós queremos poder convocar todas as prazas que temos pendentes; pero non é porque sexa unha flor ou un postureo, é o que levamos facendo todo o tempo. Nós caracterizámonos por convocar prazas.

Por certo, falando de prazas, falaba vostede da oposición do outro día —que, insisto, alégrome de que estivese alí—. Mire, a esas oposicións presentáronse 8.700 persoas. Apuntadas había 11.000, máis do 30 por cento de fóra de Galicia. Será que tan mal non está a enfermería en Galicia. ¡O 30 por cento de fóra de Galicia! (*O señor Torrado Quintela: Galegas que están fóra.*) Bueno, si, si, seguro, seguro, galegas que están fóra. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non é certo, señor Torrado. É unha porcentaxe moi alta de persoas que non están traballando no Sergas e que se presentaron. Tamén igual é porque era unha oferta de emprego especial, con garantías especiais, que permitía un maior acceso dentro desa procesualidade que estabamos a dicir.



Bueno, claro, jé que escoitalo a vostede dicir que nós non facemos procesos para ter a xente estabilizada...! Mire, voullo dicir —que ao mellor non o sabe—, Galicia é a única comunidade autónoma de España que convocou prazas en propiedade en atención primaria. ¿Onde estaba vostede, señor Torrado, cando fixemos iso? Estaba aquí. ¿E que votou?, ¿a favor ou en contra? Non recordo ben. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Precarias! Prazas en propiedade precarias. ¡Isto xa é o máximo! Prazas en propiedade por concurso de méritos que obtiveron —a pesar de vostede— 106 médicos hai menos dun ano, e 71 prazas máis en propiedade que esta comunidade autónoma vai volver sacar —a pesar de vostede— para que outros 76 médicos de atención primaria teñan praza en propiedade. (*Aplausos.*) ¡Prazas en propiedade! (*Aplausos.*) ¿Pero vostede de que me fala? ¿De que me fala? (*Aplausos.*) Cando me interesa, falo de precariedade, e se lle digo prazas en propiedade, é que se moven. Claro, xa llo dixen antes, en Galicia a xente ten a vantaxe e a sorte de poder traballar onde quere, porque hai un concurso aberto e permanente. E estas prazas que estamos a sacar agora... Claro que permitimos que unha persoa que estea traballando noutro sitio, sen praza en propiedade, se presente, pero preséntase a unha praza en propiedade. ¿Vostede, de que me fala?, ¿de precariedade? ¿Como podemos loitar máis que sacando prazas en propiedade, señor Torrado? E, ademais, agora non as sacamos só para atención primaria, sacámolas para pediatría de atención primaria, sacámolas para saúde mental: psiquiatras, psicólogos e enfermería de saúde mental. ¡É que, claro, vir aquí dicir que o principal problema de Galicia é a precariedade...! A min gustárame que fosen menos precarias. Pero —insisto—, ¿como resolve vostede os días de permiso das enfermeiras de planta?

E logo fárame dos contratos de curta duración. Mire, señor Torrado, hai unha lista especial de contratos de curta duración onde as enfermeiras se presentan voluntariamente. ¿E por que se presentan voluntariamente? Porque ten beneficios estar nesa lista; conseguen a praza en propiedade antes. É voluntario, señor Torrado. Hai enfermeiras en Galicia que voluntariamente están nunha lista de contratación curta. Chámase así, non se oculta nada. (*Murmurios.*) Non, hai... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, home non!, hai listas de longa duración nas que poden estar apuntadas, e hai xente que se apunta nas curtas, hai xente que se apunta nos *pool*. (*Murmurios.*)

Mire, eu supoño que é difícil de entender isto, pero a cobertura das prazas de enfermería é especialmente complicada —xa lle dei antes o dato—, e os días libres que teñen. Ou dígame vostede como resolve que 2.500 enfermeiras teñan redución de xornada. ¿Como se resolve iso?, ¿con prazas en propiedade de tres horas ao día? Pois, non, con contratos eventuais, señor Torrado. ¿Como resolvemos as IT de todo o persoal? Con contratos eventuais. ¿Ou vostede coñece algunha comunidade autónoma onde se substitúa unha IT por un contrato ou unha praza en propiedade? Non sei de que sistema sanitario me fala vostede. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois dependerá... ¿Foi a unha oposición e aprobou esa persoa que vostede me di? Logo dáme o nome e direille a cantas oposicións se presentou e se sacou a praza ou non. (*Murmurios.*) Hai xente que vai ás oposicións, que saca a praza e que ten a praza en propiedade; e hai outra que non a saca, por desgraza. (*Murmurios.*) Bueno, ao mellor, agora, con estas características especiais que puxemos, a consegue.

En definitiva, ¿precariedade? Non, señor Torrado, temos a mesma precariedade que ten calquera sistema sanitario con esta eventualidade que hai derivada dos permisos, das IT e de



todo o demais. Polo tanto, non é un problema de precariedade; en Galicia, non, como digo. Póñolle o exemplo das prazas de medicina de atención primaria e póñolle o dato que comentaba antes: o 80 por cento do persoal de atención primaria ten a praza en propiedade. ¡Se iso é precariedade...!

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Aplausos prolongados.*)

Suspendemos ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto 7º da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación administrativa dos axentes ambientais pertencentes ás consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Boas tardes.

Palabras dun membro do Goberno galego: «Como fago sempre que falo de incendios, en primeiro lugar, quero trasladar o meu agradecemento ao labor do noso Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, un dispositivo de referencia en que cada unha das persoas que o conforman suma profesionalidade, solidariedade e dedicación».

Unha e outra vez o Goberno galego enxalza o labor dos traballadores do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, pero o que non fai o Goberno galego é recoñecer o seu bo facer con feitos; pola contra, a Xunta de Galicia —en particular, a Dirección de Función Pública— incumpe os acordos acadados con este colectivo cunha clara discriminación.

Como non podemos abarcar toda a problemática existente, centrémonos hoxe na situación que soportan os axentes forestais e medioambientais, que abrangue todos os ámbitos da loita contra o lume. Estamos a falar de 387 axentes na Consellería de Medio Rural e de 165 axentes na Consellería de Medio Ambiente, un total de 552 traballadores e traballadoras. Na actualidade supéranse as cen vacantes na escala e durante o presente ano poderían ser máis de cento cincuenta. A escala de axentes técnicos e xestión ambiental encóntrase baleira, señor conselleiro, sen dotar, pola súa inacción. O colectivo, tanto os que tiñan a titulación requirida como os que a adquiriron mediante un proceso que habilitaron as dúas consellerías en colaboración con Educación, seguen a esperar o paso a esta escala. O Goberno galego comprometeuse a iniciar o proceso cando se acadase o 40 por cento de titulados na escala. Hoxe esa cifra su-



perouse e a situación non mudou. A escala de axentes facultativos ambientais carece de regulamento; a escala de axentes forestais —a extinguir— está a sufrir unha discriminación, pois non se lles permite optar ao proceso de estabilización do emprego. Tampouco convocan concurso de traslados; o último concurso foi convocado en novembro do ano 2012, e a toma de posesión dos postos adxudicados foi no ano 2014, hai case dez anos. Por non falar das convocatorias da oposición de acceso libre, que a última foi no 2015. Unha inoperante xestión da Xunta de Galicia. Este grupo parlamentario foi informado de que se están a producir irregularidades na concesión de comisións de servizo en ambas as consellerías, Medio Rural e Medio Ambiente, utilizando un sistema de comisións de servizo rotativas; de feito, nalgún caso ao rematar o tempo máximo dunha comisión e a súa prorroga cambian o axente de posto, pero indícanlle que continúe desenvolvendo o seu traballo de forma idéntica.

A situación é insostible, denota unha tremenda ineficacia na xestión do persoal por parte do Goberno galego, e preguntámoslle: ¿que valoracións fai da situación administrativa que están a sufrir os axentes ambientais pertencentes á Consellería do Medio Rural e á de Medio Ambiente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López Prado.

Déanlle voz ao escano do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Ola, boa tarde, grazas pola súa pregunta, señoría.

Pregúntame vostede sobre a situación administrativa dos traballadores que desempeñan a súa labouira no Servizo de Axentes Ambientais nas consellerías de Medio Ambiente e do Medio Rural.

En primeiro lugar, o que quereda salientar é o pleno compromiso do Goberno da Xunta de Galicia con estes traballadores para satisfacer as súas necesidades retributivas e mellorar as súas condicións de traballo; pleno compromiso que se concretou en feitos, pois no ano 2018 asinouse un acordo cos representantes dos traballadores que melloraba tanto as súas condicións salariais como as súas condicións de desempeño do posto de traballo. Así, incrementouse o complemento de destino entre os anos 2019 e 2021, incrementouse o complemento específico en 240 euros por ano entre os anos 2019 e 2021 ata 720 euros máis e incrementáronse as retribucións por produtividade para os traballadores que o facían en quendas de 12 horas ou 10 horas á noite, incrementando ata 150 euros anuais, 30 quendas como máximo; produtividade que afecta en especial os traballadores que están prestando os seus servizos no Servizo de Incendios.

En canto ás melloras no posto de traballo das condicións laborais, fixouse un máximo de 1.665 horas anuais de traballo, horas que serían modulables en función da negociación cos representantes dos traballadores e da penosidade de cada posto de traballo; fixouse un máximo de 15 quendas de traballo en festivos, tanto en períodos ordinarios como en períodos



extraordinarios; fixouse un día de descanso anterior e outro posterior para o desempeño de quendas de 12 horas ou de quendas de máis de 2 horas en festivos á noite; e fixouse tamén un día adicional para quendas de 12 horas ou quendas nocturnas de fin de semana.

No que se refire ás ofertas públicas de emprego, despois da negociación cos representantes dos traballadores, tamén se vai falar cos directivos das correspondentes consellerías e vanse aprobando as correspondentes ofertas públicas de emprego, que, como sabe, están suxeitas á normativa aplicable en materia de función pública —en particular, a taxa de reposición—, e así, efectivamente, tanto no ano 2020 como no ano 2022 aprobáronse senllas ofertas públicas de emprego por un total de 56 prazas.

No que atinxe ao desenvolvemento regulamentario, ao que tamén facía referencia, bueno, estas ofertas públicas de emprego están en desenvolvemento, están pendentes de convocar no día de hoxe, pero é que estiveron afectadas tamén por certos acontecementos que a todos nos son evidentes e que ocorreron nos anos 2020 e 2021.

E no que se refire ao desenvolvemento regulamentario, tamén, xunto cos representantes dos traballadores, se comezou na Comisión de Seguimento das Condicións Laborais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...deste tipo de persoal o regulamento, pero viuse afectada tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois, ten outro turno.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...—xa remato— pola Lei básica...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...de axentes...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...do Servizo de Medio Ambiente Forestal. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Conselleiro, ten outro turno despois.

Para a réplica, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Mire, antes de replicar, quero aproveitar para saudar os axentes forestais e medioambientais que nos acompañan na tribuna e as centrais sindicais, tamén presentes.



Señor conselleiro, mire, o acordo que está a incumprir vostede non é de onte, é do ano 2016, de case hai sete anos; nin OPE de promoción interna, nin regulamento de funcións, nin proceso selectivo, nin concurso. E dígolle unha cousa: aumentáronlle o complemento porque lles aumentaron as funcións. Iso non era o que lle preguntaba.

Dígolle tamén que só se reuniu unha vez a Comisión de Seguimento, na súa constitución, no ano 2019. E que sexa a raíz desta pregunta, señor conselleiro, cando vostedes se ven obrigados a convocar a comisión... Convocárona o mércores día 28 de xuño —xustamente antonte— para ter algo que dicir hoxe neste plenario. (*Aplausos.*)

A actuación do director xeral, don José María Barreiro, é inxustificable, conselleiro. ¿Vai tomar algún tipo de medidas? ¿Vai depurar responsabilidades políticas por esta negligente actuación? ¿Vai cesar o director xeral? O Grupo Parlamentario Socialista entende que o debe cesar por este caos, con prazas sen cubrir dende hai dez anos, por oposicións sen celebrar dende o ano 2013, polas 129 vacantes que ten a Consellería do Medio Rural e a de Medio Ambiente en axentes medioambientais e forestais. ¿Sabe cantos axentes se xubilan en catro anos? Cincuenta e dous. ¿Que van facer, señor conselleiro? Catro anos de espera para falar de toda esta temática.

Cumpran coa convocatoria de oposicións, cumpran co concurso de traslados, regulen —valla a redundancia— o regulamento de función para a escala de axentes técnicos. E así será a forma en que terminen coas comisións de servizos que están facendo *ad hoc*, porque non as queren regular tampouco, queren darllas de forma dixital, como fan vostedes todo neste Parlamento de Galicia e neste goberno.

Toda esta situación redunda, por suposto, na prestación dun servizo tan importante para a poboación galega e para o seu territorio. ¿Saben quen dirixiu o ano pasado o incendio de Boiro? Un interino sen plan de formación adecuado para iso. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Pois o que dicía, reitero o noso compromiso con feitos. A min non me consta que non se estean a cumprir os acordos do ano 2018 e do 2016 con este colectivo. Si que aconteceron dous feitos extraordinarios, que penso que todos os que estamos aquí podemos colexir que son extraordinarios, como é o acontecemento dunha pandemia e a aprobación dunha lei extraordinaria de consolidación, a lei do 2020 e 2021, que obrigou a, cuns procedementos expresos con data expresa, adiantar determinados procedementos de consideración sobre o calendario de probas que estaba plantexado con anterioridade, e por iso atrasaron esa OPE. O que temos que facer é sacar adiante esas convocatorias. Non o faremos agora, en período estival, por motivos obvios, pero si que en outono estamos en condicións de realizar esas convocatorias das OPE pendentes.



Tampouco me consta —penso que non se axusta a súa afirmación— que non se reunise ningunha vez a Comisión de Seguimento, agás a comezos deste mes, posto que, segundo a miña información, o ano pasado se reuniu catro veces —¡catro veces!—. Señoría, infórmese ben.

Polo tanto, non é certo que non se reúna a Comisión de Seguimento para verificar o cumprimento do acordo E, de feito, como ben dixo vostede... ¡Home!, eu atendo ao que me din, á información que me dan os meus representantes de función pública, como comprenderá, non a vostede.

O que me di é que a comezos deste mes se reuniu de novo esta comisión, efectivamente, e que acordaron comezar cos datos dos procesos selectivos —como dicía— o antes posible, e avanzar na concreción do decreto de segunda actividade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi boa tarde.

A veciñanza do concello de Brión e da súa contorna está a vivir con importante preocupación o anuncio da construción dunha central hidroeléctrica reversible no río Tambre. As veciñas das aldeas de Busto de Frades, de Cornanda, da Graña e de Vilariño veríanse irremediabilmente afectadas por esta infraestrutura. Pero esta preocupación non se limita ao concello de Brión, senón que se estende a outros concellos da contorna, e tamén concellos río abaixo, ata a ría de Muros-Noia. Unha preocupación acrecentada, sobre todo, polo que é algo habitual na Xunta de Galiza: a política de falta de información. Vemos o que sucede de xeito análogo ao que acontece cun eólico, no que hai proxectos aprobados con información escasa, ata o punto de que fose motivo suficiente para que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza paralizase varios proxectos por non respectar os reducidos tempos de exposición pública.

A veciñanza de Brión presentou varios centos de alegacións para evitar a construción desta presa polo impacto que se xerará tras a súa construción; impacto evidente polo asolagamento de terras forestais, pero tamén de cultivo e pastoreo nunha área eminentemente agrogandeira, o que vai supor unha deterioración do medio económico e produtivo das parroquias afectadas; e asolagamento que suporía a perda do patrimonio etnográfico e cultural, patrimonio tanto material como inmaterial. Pero non se limita a isto, senón que tamén existe risco de afectación sobre un espazo natural protexido, como é a zona de especial conservación do Tambre, unha área de necesaria ampliación da Rede Natura.

Un río, o Tambre, que xa sufriu un importante impacto após a construción do encoro Barrié de la Maza, complementaria a esta balsa que está proxectada, e que supuxo a desaparición



de múltiples especies de peixes e doutros vertebrados, pero tamén coa afectación da flora e de animais de menor tamaño. Temos hábitats de interese comunitario, como son as uceiras secas europeas e os afloramentos rochosos con vexetación pioneira, que corren o risco de desaparecer ante este proxecto.

Diciálle que esta preocupación chega ata a ría, porque o bombeo duns tres millóns de metros cúbicos de auga e a súa devolución ao encoro en moi pouco tempo, nunhas sete horas, provocará o movemento dos sedimentos depositados no leito do encoro, o que pode supor un incremento da turbidez da auga que podería afectar os bancos marisqueiros pola liberación de substancias tóxicas, ou incluso por producírense reducións nas concentracións de osíxeno. Todo isto, no contexto de que a construción desta balsa precisa, necesariamente, da permanencia do encoro Barrié de la Maza para a súa operatividade, deixando nun limbo o escenario posterior ao remate da concesión deste encoro, hipotecando o futuro do Tambre.

Por iso lle formulamos hoxe esta pregunta, señora conselleira, trasladando a preocupación da veciñanza: ¿ten algunha previsión o Goberno galego para evitar a construción dunha nova central hidroeléctrica en Brión?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, dende logo, non teña dúbida de que nós como Goberno, e Goberno da Xunta de Galicia, apostamos de xeito rigoroso polas enerxías renovables para substituír as vinculadas cos fósiles e cos hidrocarburos, pero, dende logo, de xeito rigoroso, respectando o medio ambiente, respectando os nosos recursos naturais e respectando toda a normativa.

Como sabe, hai un regulamento específico para este tipo de cuestións, e dende a Xunta de Galicia temos a obriga de cumprir con ese regulamento, con ese procedemento, e de tramitar todas as solicitudes que se presenten. Outra cousa é o que resulta ao final dese expediente, pero tramitalas hai que tramitalas, porque é unha obriga legal da tramitación do procedemento correspondente. Polo tanto, estamos ante un procedemento administrativo regrado que temos que cumprir e que está sometido a moitísimos informes sectoriais e a diferentes tramitacións e informacións públicas.

Preguntaba vostede —eu téño aquí anotado, creo que tamén o escoitei— que vai facer o Goberno galego para evitar a construción dunha nova central hidroeléctrica. Como Goberno galego, non imos nin evitar nin promover. Nós imos cumprir un procedemento establecido e a seguir ese procedemento coa lexislación vixente, nin máis nin menos; nin evitamos nin promovemos. Hai unha solicitude que temos que tramitar coa lexislación vixente na man, que é o que temos que facer.



É un procedemento —o deste tipo de aproveitamentos reversibles— que é, dende logo, longo, que é complexo, pero en todo momento imos ser transparentes e garantistas con este tipo de procedementos, como estamos a facer sempre en Galicia. E, polo tanto, aínda que vostedes teñan posturas cambiantes coas enerxías renovables —e isto é cíclico, o de que pola mañá digo unha cousa, pola tarde digo outra e pola noite outra, e volvemos empezar ciclicamente—, nós, dende logo, imos proceder co trámite regulamentario. Recibimos unha solicitude, e como recibimos esa solicitude, hai que dar trámite e, por iso, abrimos o 13 de setembro a competencia de proxectos, porque é o que indica a normativa. Ao abrir competencia de proxectos, presentouse outra empresa que tiña interese, e as ofertas presentadas son similares no emprazamento e son diferentes en cuestión de investimento de caudal e de tempo de execución. Estudaremos as alegacións presentadas, e a aceptación ou negación deste aproveitamento dependerá de todos eses trámites e deses informes.

¿E contravén o Plan hidrológico? Por suposto, será negativo, pero axustarémonos sempre escrupulosamente á normativa vixente, garantindo a transparencia. Dende logo, non dubide de que, se vulnera o Plan hidrológico, non o tramitaremos.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Señora conselleira, non sei se ten coñecemento. Hai unhas semanas constituíuse, na escola unitaria de Cornanda precisamente, unha plataforma veciñal que xurdiu como oposición a estes proxectos. Xuntáronse alí varias dúcias de persoas, moitas delas das aldeas afectadas de Brión, algunhas tamén de Negreira e tamén unha pequena representación das confrarías de Muros e de Noia. ¿Sabe cal era unha das queixas máis unánimes de toda esta xente? A falta de información, a dificultade para poder acceder á información completa destes proxectos para poder analizar o conxunto do impacto que terán. Porque, non mo poderá negar, señora conselleira, é como lles gusta moverse: no escurantismo, na nocturnidade, na política de que, canto menos se saiba, mellor, porque o que lles gusta é coller o silencio como beneplácito.

Hoxe o que facemos é trasladarlle a preocupación das veciñas de Brión, parte das cales nos acompañan, precisamente, desde a tribuna de convidados; preocupación pola afectación que lles vai xerar a balsa, que lles vai xerar a propia construción desa balsa —non esquezamos que terían camións pasando polas súas aldeas durante meses mentres dura a obra—; preocupación pola afectación que se vai dar nos montes, nas leiras que van quedar debaixo da auga, nas fontes das que moitas delas beben; preocupación polo patrimonio que desaparecerá; preocupación pola paisaxe; preocupación pola afectación que se vai dar na economía sobre o sector agrario, gandeiro e forestal, sobre o turismo, incluso polo impacto que dicía que terá na paisaxe. Afectación Tambre abaixo na ría de Muros e Noia; afectacións todas estas que van ter para que unha empresa privada poida aproveitar un recurso natural comunitario para xerar un ben básico polo cal terán que pagar e incrementar así os lucros duns cantos accionistas. Porque non esquezamos tampouco cal é o panorama de fondo: enerxías



renovables, si, pero non son inocuas, e con beneficios e riscos dependendo de para quen. Por iso lle trasladamos hoxe todas estas preocupacións, para saber se van atender as preocupacións de toda esa veciñanza...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: ...ou se van poñer os intereses dunha empresa privada por diante. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

E o certo, señoría, é que non entendo moi ben a súa crítica. Estamos nun procedemento dun trámite moi inicial. Como digo, foi no *Boletín Oficial da Provincia*, e, polo tanto, de forma transparente, cando se abriu o proceso de competencia de proxectos. Polo tanto, transparencia absoluta, e temos mostras inequívocas deses procedementos, de que apostamos polas enerxías renovables, de que o tramitamos escrupulosamente cumprindo a normativa e garantindo, por suposto, a normativa sectorial e garantindo a compatibilidade co medio, e temos exemplos claros. Rexeitamos a instalación dunha central hidroeléctrica no río Ouro, no Valadouro, porque incumpria a planificación hidrolóxica.

Polo tanto, somos escrupulosos os que tramitamos conforme o regulamento. Estamos nese trámite moi inicial de apertura de competencia de proxectos, e tramitamos as solicitudes de dominio público hidráulico con base na normativa de dominio público hidráulico.

Realizarase a análise dende o punto de vista multidisciplinar, como sempre facemos. E, como digo, está a tramitarse esta solicitude de concesión, nun episodio, nunha fase moi inicial. Establece diferentes informacións públicas e diferentes trámites de audiencia. E, polo tanto, as persoas, os afectados e os interesados por suposto que poderán formular, alegar e facer observacións, e nós tamén analizaremos cada unha das alegacións nas fases de apertura de competencia de proxectos e nas diferentes informacións públicas, no caso de seguir avanzando neste expediente. Se cumpre, pois seguiremos dando pasos e avanzando no expediente. Se non se cumpren as condicións e os requisitos, como no río Ouro, dende logo, conte comigo. Se incumpre os preceptos do Plan hidrolóxico, isto non sairá adiante. Se cumpre, deberemos seguir tramitando, resolvendo e avanzando no expediente, cando ademais vai haber trámite medioambiental, no que, ademais, tanto o Ministerio de Industria como o Ministerio de Medio Ambiente terán que informar.

Pero non chegamos a esa fase, estamos nunha fase moi inicial e, polo tanto, nós non temos unha opción prefixada escrupulosamente tramitando algo. E por abrir unha competencia de proxectos, non estamos facendo unha cousa mal nin estamos prevaricando. Non me pida que prevarique, porque abrir a competencia de proxectos é algo obrigatorio. Xa digo, non mo está a pedir, pero dígolle que ninguén mo pida porque a apertura da competencia de proxectos, señoría, é algo obrigatorio polo procedemento legal establecido.



Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Xosé Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopan os servizos e as infraestruturas ferroviarias en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Xosé Manuel Balseiro Orol, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, no Grupo Popular estamos moi preocupados pola situación das infraestruturas de titularidade estatal na nosa comunidade autónoma. Son moitas as necesidades e as carencias que presentan as estradas do Ministerio, por non falar da pésima situación que ofrece o transporte ferroviario en Galicia, que está sendo obxecto de queixas recorrentes por parte dos usuarios nos últimos meses.

Señora conselleira, eu veño dunha provincia, a provincia de Lugo, na que por unha decisión política do Goberno de Pedro Sánchez os lucenses directamente perdemos o tren. Foi unha lexislatura perdida neste ámbito: no norte, na Mariña, co tren Fefe literalmente desmantelado e na zona sur e na zona centro co tren convencional en retroceso, coas obras a paso de tartaruga e coa provincia excluída da chegada do AVE.

Perdemos o tren, señora conselleira, porque unha das primeiras decisións do Partido Socialista foi suprimir as variantes ferroviarias dos Peares-Canabal e de Rubián, que permitirían a modernización da rede e a chegada da alta velocidade tamén á nosa provincia, á provincia de Lugo. E o que pasa en Lugo non é moi diferente do que acontece no conxunto de Galicia. O Partido Socialista está desmantelando o servizo ferroviario. O Partido Socialista, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, que fixo a Sánchez presidente, abandonou infraestruturas claves. E preguntámonos: ¿que pasa co trens AVRIL?, ¿que pasa coa saída sur de Vigo? Porque hai un desinterese do Goberno de España por repoñer todos os servizos suprimidos pola pandemia. Comprenderá que Sánchez desconecta Galicia, e se o transporte ferroviario de viaxeiros en Galicia presenta grandes deficiencias no tren convencional, no de vía estreita ou no AVE, non corre mellor sorte co transporte ferroviario de mercadorías.

Hai poucas semanas sabíamos que Sánchez perdeu a oportunidade de conseguir fondos europeos para financiar as obras do Corredor Atlántico de Mercadorías no seu trazado noroeste. Preocúpanos que Galicia perda esta oportunidade, a de formar parte dunha rede ferroviaria europea estratéxica para a nosa comunidade autónoma. Galicia perde o tren, e Sánchez merece perder a Presidencia do Goberno. Non poderán negar que Sánchez foi un presidente nefasto para as infraestruturas galegas, e de seguro, señora conselleira, que vostede coincide con estas valoracións. (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, o certo é que a xestión do Goberno de Pedro Sánchez en materia de estradas, en materia de ferrocarrís, eu creo que se pode resumir nunha palabra, e esa palabra pode ser «parálise», tamén pode ser «involución» e tamén pode ser «retroceso». Constatamos na Xunta de Galicia, dende logo, unha falta de impulso absoluto nas infraestruturas estatais en Galicia. Hai un abandono en infraestruturas que consideramos clave, e aí están os datos concretos e salientables que podemos contrastar e aí está a hemeroteca.

O certo é que os galegos seguimos esperando no andén a que chegue o AVE ao resto das cidades galegas. O AVE chegou á cidade de Ourense, despois de moitísimos anos, e para A Coruña, Vigo, Santiago e Pontevedra pois nada sabemos de cando van chegar eses trens AVRIL; nin cando nin cantos trens, que tamén saber cantos é importante. Houbo moitas promesas, si, pero todas incumpridas. Ían chegar no verán de 2022, despois ao final do 2022, logo a principios de 2023, etc., etc.

O certo e verdade é que os galegos seguimos esperando que a alta velocidade chegue ao resto das cidades, e xa non digamos os veciños de Lugo e Ferrol, que terán que agardar moito máis para a chegada da alta velocidade, porque non se moveu un papel. Non está na planificación do actual Goberno de España que chegue a alta velocidade nin a Ferrol nin a Lugo, porque non está contemplada a modernización completa da liña Ourense-Lugo para que chegue a alta velocidade. Están pendentes esas grandes obras de modernización, tamén A Coruña-Lugo, Ferrol-Ribadeo, tamén a de Vigo polo Miño e, por suposto, a de Portugal, a conexión do sur de Galicia con Portugal.

Estamos sen cronograma da planificación do AVE por Cerdedo. Levamos tres anos para facer un estudo hidroxeolóxico, pero seguimos sen planificación. Polo tanto, durante cinco anos preguntámonos que se fixo, porque o certo é que nin planificación por AVE por Cerdedo nin tampouco o calendario para o AVE a Vigo. Aí están os orzamentos xerais do Estado: 30.000 euros unicamente para a saída sur de Vigo. Polo tanto, dende logo, cinco meses tamén do Comisionado para facer balance e cinco meses dende o nomeamento do Comisionado. ¡Que non teña nin un minuto para reunirse co Goberno de España unha persoa á que se lle presupón que está nun cargo para abordar única e exclusivamente o Corredor Atlántico de Mercadorías...! O certo é que esa figura foi creada para cobrar cartos públicos por ese labor. Preguntámonos a que anda o Comisionado porque do Corredor Atlántico non quere falar.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora conselleira.



Coincidirá comigo en que esta lexislatura, en temas de infraestruturas en Galicia, foi unha lexislatura perdida, porque non se fixeron grandes obras; non se fixo ningunha. Pero é que tampouco se fixo nin sequera o mantemento do que o Partido Popular, nos gobernos do Partido Popular, deixou feito na nosa comunidade autónoma en competencias estatais.

Hoxe viamos unha noticia pola mañá. Saía un senador, unha persoa que eu coñezo porque nacemos no mesmo concello, do Partido Socialista, César Mogo, e viña vendendo 53 millóns de euros para o mantemento da 640, da 642 e da 634, que as tres discorren pola provincia de Lugo. Bueno, é de agradecer, ¡é de agradecer! Tiveron tempo, ¡tiveron tempo, a verdade! Acórdanse un pouco tarde.

Digo que é de agradecer porque, sen lugar a dúbidas, estas obras de mantemento, dado que o Partido Socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, non as fixo durante os últimos cinco anos, vainas facer un goberno presidido por unha persoa que botou anos nesta Cámara, que é Alberto Núñez Feijóo. Faremos as obras e faremos o mantemento. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Como comprenderán, vostedes teñen un pé fóra da Moncloa, teñen un pé fóra da Moncloa, e a vostedes (*O señor Balseiro Orol sinala os escanos do Bloque Nacionalista Galego.*) non lles vai ir moi ben, porque vostedes son cómplices do que fixo o Partido Socialista, xa que vostedes o apoiaron no seu momento. Polo cal, o Bloque Nacionalista Galego, tamén ten que dar...

Pola mañá falaba a señora Pontón de que se rebaixaran as peaxes. Vostedes ían suprimir as peaxes da autopista da AP-9. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Íanas suprimir, esa era a condición; a condición era esa. O resultado xa sabemos —os galegos e as galegas e quen discorre pola AP-9— cal é. Polo cal, papel mollado do que vostedes negocian. Son os socios máis fiables...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Baleiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...e máis dóciles do Partido Socialista, e polo cal...

O señor PRESIDENTE: Xa estivo ben, xa estivo ben.

O señor BALSEIRO OROL: ...os galegos vanos mandar ao mesmo lugar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois seguindo a falar de infraestruturas estatais, o certo é que dende que o Goberno de España nomeou o Comisionado do Corredor Atlántico o 27 de xaneiro deste ano, coincidindo con ese cumio de tres presidentes de diferentes partidos políticos, a onde acudían mil representantes da vida económica e social en Galicia, esa persoa ten un labor concreto para



abordar o Corredor Atlántico de Mercadorías. Pasaron cinco meses, e o certo é que cinco meses son 158 días, son 3.800 horas, e todo ese tempo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Todo calculado; calculado, porque non ten nin un minuto para falar e abordar o Corredor Atlántico noroeste de Mercadorías para o que está nomeado. Eu preguntome o que está a facer, porque está cobrando por ese cargo con cartos públicos e non pode falar do Corredor Atlántico Noroeste cunha comunidade autónoma porque está asignado... Pero é que o seu labor é o Corredor Atlántico Noroeste, e non podemos falar nin un minuto destes cinco meses, destes 58 días, nin pode atender o Goberno galego. Dende logo, é sorprendente e significativo que en cinco meses non teña poucos minutos nin para contestar as solicitudes de entrevista, porque non contesta; pedimos entrevista, pero non contesta. Non ten tempo nin para contestar, aínda indicando un motivo.

Tamén sorprende —é significativo— que cancelase a xuntanza cos empresarios esta mesma semana. Cancela o luns unha xuntanza que había para o mércores, e sorprende e é significativo, dende logo. O certo é que desoe as peticións da Xunta de Galicia e desoe a Galicia en materia do Corredor Atlántico de Mercadorías. Fai oídos xordos.

Dende logo, ese nomeamento —se me permiten— é unha distracción política, ou tamén podemos dicir que é puro teatro; puro teatro, porque non hai unha interlocución. Tampouco temos un plan director. Está asinado para ese Corredor Atlántico Noroeste, pero non temos un plan director do Corredor Atlántico Noroeste; non temos fondos europeos para o Corredor Atlántico Noroeste tampouco, nin presenta proxectos a Europa tampouco. Polo tanto, preguntámonos a que anda nestes cinco meses con todas estas cuestións, que unicamente é asignado o seu labor para o Corredor Atlántico e tamén, por suposto, para o Corredor Atlántico do noroeste.

Nós, ante a falta dun plan director, presentamos un documento que identifica 8.000 millóns de euros. O Power Point —que era igual ao que o ministro Ábalos nos presentou no ano 2019, que nos presentou en Xixón ese ano— pois son mil millóns —mil cento e algo—. Polo tanto, presenta a oitava parte do que se precisa, e necesitamos avanzar, dende logo, no Corredor Atlántico de Mercadorías. Pedimos compromiso, pedimos responsabilidade, e lamentamos que non teña ningún proceso presentado aos fondos europeos.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a adxudicación de transporte escolar a Monbus

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora conselleira, voulle sintetizar a nosa pregunta: ¿que está pasando coas adxudicacións de contratos de transporte público en Galicia? Se non ofrecen vostedes —para variar— algún tipo de resposta coherente e respectuosa coa evi-



dencia, teremos que concluír que algo cheira a podrido, e non en Dinamarca, senón en Galicia, porque a evidencia é que temos un director xeral de Mobilidade investigado penalmente —o que antes se chamaba imputado— por presunta prevaricación, a evidencia é que hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que di que a Comisión Galega da Competencia non investiga as denuncias sobre transporte terrestre, sobre concesións de transporte terrestre, cando debe investigalas, e a pesar de existir indicios sobrados de infracción da normativa de competencia por parte de Monbus e Alsa, e a evidencia é que hai outras tres sentenzas recentes que anulan adxudicacións de contratos de transporte escolar por abuso de posición dominante da empresa Monbus. E, ademais, esas tres sentenzas din que a Xunta debería ter evitado ese abuso de posición dominante e non o fixo.

Ante esas evidencias, vostedes non poden limitarse a dicir que todo é normal e está ben, porque non é normal nin está ben que se abran dilixencias penais contra o responsable do transporte público na Xunta, nin é normal que o máximo órgano xudicial de Galicia —non, por certo, integrado por comunistas— anule adxudicacións da Xunta da forma en que o está a facer, nin é normal que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deixe en evidencia a inacción completa da Comisión Galega da Competencia, a pesar das denuncias que tiña enriba da súa mesa.

Así que non lle estamos preguntando gratuitamente, estámoslle preguntando porque hai indicios de delito en forma de cinco resolucións xudiciais que apuntan a que están sendo adxudicados contratos públicos premeditadamente en favor dunha determinada empresa e en detrimento do resto do sector, da lexislación, da normativa e da legalidade. E isto, obviamente, é un problema porque falamos de contratos públicos e dun servizo público de transportes que non funciona ben en Galiza e dun mercado público de transporte de viaxeiros por carretera que move centos de millóns de euros na nosa comunidade. E no transporte escolar falamos tamén de centos de millóns de euros. Resulta que en 2015 o propietario de Monbus —unha empresa con fama de facer uns regalos estupendos a políticos, a pesar de que nela non traballa Papá Noel— foi detido con 60.000 euros no maleteiro do seu coche na chamada «operación Cóndor»; ¡60.000 euriños!, que non é algo que se manexe habitualmente no maleteiro dun coche, como vostede comprenderá. E permitir e amparar o abuso da posición dominante por parte dunha empresa dirixida por alguén que leva 60.000 euros no seu maleteiro non soamente pode ser indicio dun delito, senón que prexudica a cidadanía con prezos máis altos e un peor servizo.

Así que a ver se, para variar, ofrecen vostedes algún tipo de explicación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bueno, moitas grazas, señor presidente.

Eu agradezo bastante esta pregunta, porque creo que nos dá a oportunidade de clarificar unha serie de cuestións que, de xeito premeditado e cunha intencionalidade política creada,



se están mesturando, e estase intentando, sen dúbida ningunha, xerar un relato inexistente e confundir a poboación.

Pero creo que aquí hai dous debates —ou tres incluso— absolutamente diferentes. Hai un debate político. Hai unha serie de cuestións políticas que se plantexaron aquí, que se acaban de repetir, hai unhas cuestións de técnica xurídica, de todo o que ten que ver cunha tramitación administrativa dunha serie de expedientes, e hai unha cuestión que se plantexa respecto da prestación dos servizos.

Desde a perspectiva puramente política, dá a sensación —estivémolo vendo nos medios de comunicación, e vímolos tamén nesta Cámara por parte dos diferentes grupos políticos— de que se está intentando trasladar a imaxe de que hai empresas amigas —vostede dixo agora mesmo que «cheira a podrido»—, de que hai compadreo, de que hai convivencia, de que hai intereses compartidos, de que hai trato de favor... En ningún caso, porque, á parte, esa explicación primeiro é absurda, porque as empresas que vostedes aquí fixan como empresas amigas do Partido Popular, en moitos concellos e noutras institucións que gobernan vostedes, estas empresas tamén teñen contratos con vostedes. Co cal, esta empresa é amiga ou cheira a podrido cando contrata co Partido Popular e é unha boa empresa cando contrata co PSOE ou co Bloque, con administracións dirixidas por vostedes. Ese razoamento é absurdo.

E, segundo, o propio TSJ creo que na sentenza desmente claramente as afirmacións que se están escoitando estes días. Di literalmente: «O tribunal rexeita de plano un dos motivos alegados polos recorrentes. Di expresamente que non existen indicios fundados de prácticas colusorias no procedemento de contratación, indicios que tampouco observaron antes nin na Mesa de Contratación formada por funcionarios públicos e polos propios membros do Tacgal, nin no órgano de contratación. Rexéitase» —dío a sentenza— «a afirmación dos recorrentes da existencia de posibles pactos e acordos camuflados entre dous dos principais operadores do sector económico» —que vostede citou— «que poñen de manifesto a comisión de condutas colusorias». É dicir, segundo o propio TSJ, non existe ningún tipo de actitude ou de conduta colusoria, que vostedes aquí intentan trasladar, intentando politicamente plantexar que exista un trato de favor, que exista un compadreo ou que exista unha convivencia entre a Administración autonómica e, neste caso, as empresas que, nun concurso público, deron conta dun prego que, por certo, non foi recorrido.

Tecnicamente hai un procedemento administrativo aberto, no que, se vemos a escala, estamos falando de 184 lotes; dos cales só 3 foron recorridos e gañados polo recorrente. Pode haber máis, ao mellor, no futuro, pero tamén é certo que houbo 8 que non tiveron este problema, que hai unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...diferenza de interpretación...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois, señor conselleiro.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bueno, seguirei explicándoo máis tarde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Pois, señor conselleiro, segue sen aclarar as dúbidas que eu plantexei na miña primeira intervención. Por tanto, teremos que concluír que aquí hai gato encerrado. Cando digo «gato encerrado» refírome outra vez a feitos de aparencia delituosa, porque os indicios parecen claros, e vostedes non os desmenten por moito que trate aquí de xustificar o inxustificable.

Hai un mercado de moitos centos de millóns de euros, como é o do transporte público en Galicia, e hai unha empresa que fai un abuso de posición dominante —e iso non o digo eu, dío o Tribunal Superior de Xustiza—, que recibe ata o 75 por cento das adxudicacións da Xunta, segundo sindicatos, e que está metida nese mercado. E o máximo órgano xudicial de Galicia di que, inexplicablemente, permiten vostedes ese abuso de posición dominante, que, segundo a lei, non deberían permitir. Non o digo eu, iso dío o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por moito que cite aquí algún parágrafo non sei exactamente de que sentenza, pero, bueno, eu lin as sentenzas. E tamén di que a Comisión Galega de Defensa da Competencia —que está integrada na súa maioría por exdeputados e exdeputadas, por certo, do Partido Popular— omite inexplicablemente investigar esa empresa, cando ten a obriga de facelo.

E ante tanta falla de explicación, preguntámonos e preguntámoslles a vostedes, e vostedes pois non parece que respondan. Esta non é a primeira vez que preguntamos por este tema ou por temas asociados a este. Non poden limitarse a dicir que a mesma empresa da que falamos tamén é contratada por outras administracións, porque quen está imputado por un presunto delito de prevaricación é o seu director xeral de Mobilidade. E, polo tanto, temos que concluír que promoven e facilitan en Galicia un capitalismo de amiguetes, permitindo que eses amiguetes seus acaparen concursos públicos, sen vixiar nin sancionar, e situando os seus exdeputados nun órgano de control da competencia que non controla absolutamente nada. E isto non é gratis para a cidadanía, porque recibe servizos públicos peores e máis caros cando non hai competencia, entre outras cousas. Infrinxir as leis de competencia é corrupción, chámase corrupción, e non podemos permitir que Galicia se converta no paraíso de amaño de concursos públicos. Non podemos permitilo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Con toda a sinceridade, señor deputado, creo que está sobredimensionando o tema, está utilizando unha artillería dialéctica demasiado grosa.



Obviamente, non llo puiden explicar, porque non tiveron tempo, pero dicir que hai «gato encerrado» ou dicir que hai amaños de contratos é unha valentía, é unha ousadía. E dicir que o que lle acabo de ler literalmente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vostede non o leu na sentenza..., pois non sei que sentenza leu vostede. Sinceramente, non sei que sentenza leu vostede, porque creo que o texto da sentenza é clarísimo respecto a que non existiron nin indicios fundados de prácticas colusorias no procedemento de contratación, nin tampouco se observaron no órgano de contratación, nin tampouco o observou a sala. Iso díxo literalmente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Creo que hai unha sobreactuación neste ámbito.

Dicir claramente que hai un amaño de contratos está ben que quede recollido no *Diario de Sesións*. E, mire, pode estar absolutamente seguro de que a Xunta de Galicia, esta Administración, ten un cumprimento absolutamente estrito da legalidade vixente, sen ningún tipo de dúbida; de que os funcionarios que participaban na contratación fixeron unha interpretación dun prego que non foi recorrido, e esa interpretación non casa coa interpretación que fai o TSJ. Son cuestións de técnica administrativa ou de técnica xurídica. Pero hai un absoluto respecto polas sentenzas xudiciais e, por suposto, o que todos queremos —supoño que vostede tamén— é un servizo público de calidade.

Mire, falaba antes da escala: 184 contratos que ten a Xunta de Galicia entre a Consellería de Infraestruturas e a Consellería de Educación. Houbo 24 recursos, 11 xa foron fallados: 8 —a favor dos intereses da Consellería— fan referencia a que a contratación está ben feita, segundo o TSJ, e 3 están en contra por unha cuestión que intentarei explicar a continuación. É posible que haxa algún máis, non o sabemos, pero dalgún xeito só é unha cuestión de interpretación dunha cláusula do prego, en concreto da cláusula 8.3, e é unha interpretación que fai tanto a Mesa de Contratación, formada por funcionarios públicos, como tamén os técnicos do Tacgal, do Tribunal Administrativo de Contratación.

Obviamente, respectamos —non cabe a menor dúbida— as sentenzas, pero tamén é certo que non son sentenzas firmes. E tamén é certo que a Xunta, a través dos Servizos Xurídicos, xa ten formulada unha solicitude de complemento de sentenza; é dicir, un escrito de subsanación para clarificar a sentenza e os criterios que a motivaron, xa que entendemos —así o entenden os servizos técnicos e xurídicos da Xunta— que o que existe realmente é unha diferente interpretación do prego; en concreto, do 8.3, que —insisto— non foi recorrido en ningún momento.

Creo que cando teñamos esta subsanación, ou este complemento de sentenza, cando teñamos subsanada esta información —e, insisto, as sentenzas non son firmes—, espero que vostede, por decencia democrática, retire as grosas acusacións que acaba de facer nesta sede parlamentaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a xestión que o Goberno de España está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria



O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Cristina Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira de Economía, Industria e Innovación, señora Lorenzana.

A pesar dos múltiples acordos acadados no Parlamento galego en relación cos fondos europeos de recuperación —sen ir máis lonxe, no pasado pleno— e das peticións que, en coherencia, vén formulando a Xunta de Galicia, o Goberno que preside Pedro Sánchez segue facendo caso omiso a esta demanda e segue amosando improvisación absoluta e falta de planificación na xestión destes fondos. A maiores, o Executivo central prescindiu de establecer a tan necesaria cogobernanza coas comunidades autónomas para a xestión destes recursos; cogobernanza demandada de xeito clamoroso polo Partido Popular, pero tamén demandada firmemente por outras comunidades, polas empresas, polos axentes económicos e sociais e pola propia Unión Europea.

Os resultados deste errado sistema de asignación de recursos lamentablemente están aí. Traíamos ao pleno da pasada semana os datos recollidos no radar de fondos europeos elaborado por EY Insights, o Centro de Coñecemento de EY en España. Nese informe detallábase que o noso país, a pesar de ser o primeiro en volume de fondo recibidos, é o décimo segundo en executalos. E comparábo co caso italiano, que, cun volume de recursos recibidos similar, acadou o dobre de capacidade de absorción. Como consecuencia desta situación, unido á imposición polo Goberno central dun sistema centralizado na repartición de financiamento europeo vinculado aos proxectos industriais, Galicia e as súas empresas están correndo o risco de perder unha oportunidade histórica única para facer realidade a implantación de proxectos empresariais transformadores deste territorio. O tecido empresarial galego está preocupado, o tecido empresarial galego precisa das certezas que non ten; certezas que lle permitan levar a cabo os proxectos industriais transformadores.

Señora conselleira, necesitamos un punto de inflexión na xestión dos fondos para que a transformación industrial á que aspira Galicia sexa unha realidade a través de proxectos como Resonac, Altri, Sentury Tire, Forestal del Atlántico ou Stellantis.

Galicia fixo os deberes, preparou a carteira de proxectos máis grande da súa historia e creou o ecosistema legal para facer da nosa comunidade un foco de atracción de proxectos e para facer de Galicia un bo lugar para investir. (*Murmurios.*)

Neste contexto, pregaríalle que me respondese, señora conselleira: ¿que opinión lle merece ao Goberno galego a xestión que o Goberno de España está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria e, en particular, no que ten que ver cos proxectos tractores que aspiran a ser un pulo na transformación industrial de Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.



Resposta da conselleira de Economía, Industria e Innovación, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza):
Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Sanz, en primeiro lugar, efectivamente, quero concordar en que creo que temos en Galicia a maior carteira de proxectos que xamais vimos, coa oportunidade, ademais, que nos están brindando agora mesmo os fondos europeos Next Generation.

Conforme o que vostede dicía, hai moitísimas empresas —que xa se coñecen— que están detrás destes proxectos; empresas serias, moitas delas de fóra de Galicia. E proxectos, ademais, que a Xunta consideramos que son indispensables para desenvolver ese binomio entre a industria e a enerxía, polo que estamos apostando.

¿Que estamos intentando facer o Goberno galego? Creo que é claro: atraer estes proxectos no ámbito da economía verde e dixital; dende logo, ofertar ás empresas un marco xurídico estable, cunha simplificación e unha axilidade administrativa, porque é o que están pedindo as empresas; e medidas de apoio fundamentalmente no ámbito da innovación, no ámbito do talento e tamén no ámbito enerxético.

Creo que por esta política que fixemos —tamén están aí os datos— os datos de emprego industrial melloraron substancialmente dende o ano 2022 en adiante; de feito, a industria está liderando a baixada do paro interanual dende o ano 2022. E tamén polos datos que acabamos de coñecer, os datos do índice de produción industrial do ano 2022, somos a cuarta das nove comunidades autónomas que incrementan esa produción industrial.

Polo tanto, en Galicia temos iniciativas, temos visión de futuro, temos tamén traballo conxunto coas empresas, pero sería unha auténtica traxedia que estes fondos europeos non chegasen á comunidade autónoma.

¿Visión que ten o Goberno? En primeiro lugar, o Ministerio, ou o Goberno da nación, asumiu como propias e invadiu competencias que son das comunidades autónomas para xestionar eses máis de 42.000 millóns de euros. E fixérono sen unha cogobernanza efectiva coas comunidades autónomas, pero —o que é o peor— sen un auténtico diálogo co tecido produtivo. Isto o que fai é que moitas das convocatorias nin sequera puidesen ser convocadas como tales e que moitas quedasen vacantes en canto á xestión dos fondos, porque non se coñece a realidade do tecido produtivo nin as necesidades do tecido produtivo. Hai falta de coordinación entre os ministerios. Isto fai que os PERTE, en moitas ocasións, saian en trozos, e, polo tanto, as empresas se vexan obrigadas a pedir en distintas convocatorias sen sufragar os gastos do proxecto industrial na súa totalidade. E, por outra banda, preocupáanos a capacidade de xestión do Goberno da nación. Na última avaliación efectuada no semestre europeo, no Plan de estabilidade presentado polo Goberno de España, dise literalmente que o Goberno de España debe garantir que segue dispoñendo de capacidade administrativa suficiente.



Polo tanto, instamos unha vez máis a que se abandone ese centralismo, porque o Estado demostrou que non ten diálogo co sector produtivo e que, sobre todo, non ten capacidade de xestión, e a que ofrezca certezas para poder levar a cabo estes proxectos estratéxicos na Comunidade Autónoma.

Nada máis.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, conselleira.

Galicia non merece máis, pero tampouco merece menos. Quero agradecer neste punto o asesoramento e o acompañamento prestado desde a Xunta de Galicia a todos eses proxectos que conforman a candidatura galega aos fondos europeos. Temos proxectos solventes, ambiciosos e transformadores, o que falta é que o Goberno central lles outorgue o financiamento que obxectivamente merecen.

As dúas forzas políticas da oposición, que levan a letra «g» no seu nome, PSdeG e BNG, na práctica renuncian a dar a batalla precisa para que os fondos europeos de recuperación veñan a Galicia e permitan xerar riqueza e emprego no noso país. É máis, o comportamento do PSdeG lévaos incluso a negar o evidente. Temos un grao de execución decepcionante, e mentres noutras comunidades outorgan algunha axuda directa, en Galicia, non. E poño o exemplo do último pleno, cando os socialistas negaron que se dera unha axuda directa á empresa ArcelorMittal, ubicada en Asturias.

Señorías, a realidade é tan simple como comprobar o Real decreto 251/2023, publicado no BOE do 5 de abril, onde se recollen os 450 millóns de euros concedidos polo Ministerio de Industria como unha axuda directa a esta empresa. E isto cando o PERTE ao abeiro do que se lle outorga ese PERTE da descarbonización está aprobado, pero está aínda sen convocar. Polo contrario, temos declaracións da ministra Calviño sobre a imposibilidade de conceder axudas directas a outros proxectos, como, por exemplo, o proxecto de Altri. En Asturias, si; en Galicia, non.

Outro exemplo é a resolución da primeira convocatoria do PERTE do vehículo eléctrico e conectado. A Stellantis, a primeira empresa de automoción de España, concedéronselle uns quince millóns de euros; polo contrario, ao proxecto liderado por Seat concedéronselle 357 millóns de euros, na mesma convocatoria. ¡En fin...!

Ben, señorías, o único que estamos pedindo é que Galicia reciba un trato xusto, nas mesmas condicións que outras comunidades gobernadas polo PSOE. Non se defende Galicia vetando o seu futuro industrial, como está a facer o Goberno de Sánchez; pero as galegas e os galegos tomaremos nota.



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Economía Industria e Innovación.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza):
Grazas, presidente.

Señora Sanz, eu non podo estar máis de acordo. Realmente cremos que se esgota o tempo, e a Comisión Europea está xa advertindo de que teme que non teñamos no Goberno do Estado capacidade suficiente para executar eses fondos. Co cal, é o momento, e non temos —como digo— máis tempo de facer un cambio e realmente de acompañar os fondos europeos ás necesidades que ten o tecido produtivo.

Quero reivindicar que en Galicia fixemos os deberes, que presentamos proxectos conxuntamente co tecido empresarial, no eido da economía circular, da mobilidade sustentable, das enerxías renovables, da dixitalización e da biotecnoloxía. E mentres tanto, non temos ningún *feedback* do Goberno. No día de hoxe soamente están convocados o 35 por cento deses 42.000 millóns de euros anunciados en total co obxectivo de promover a reindustrialización e a competitividade industrial. Soamente están resoltos 9.500 millóns de euros; é dicir, un 25,5 por cento dos fondos. E de todo isto soamente chegou a Galicia un 4,5 por cento dos fondos. E hoxe en día proxectos como o que vostede dicía, Altri, ou, dende logo, Stellantis, non recibiron os fondos para os proxectos que solicitaban.

E, mentres tanto, sucede isto que tamén vostede reflectía: hai comunidades autónomas que para proxectos instalados no seu territorio si están recibindo axudas directas. Mencionaba vostede algúns, pero, entre outras, está Cataluña, está Valencia, está Asturias, está Extremadura...; sinceramente, nun intento —creo que fallido— de comprar vontades políticas. Nós non nos opoñemos a que estas comunidades reciban fondos, pero si cremos que teñen que deseñarse unhas convocatorias onde Galicia poida concorrer en igualdade de oportunidades e, sobre todo, unhas convocatorias —volvo dicir— que estean realmente adaptadas ao que precisa o tecido produtivo e que non sexan axudas directas a determinadas comunidades autónomas que decide o Estado central.

En consecuencia, a tarefa da Xunta creo que está clara, e estámola levando a cabo, que é defender os intereses de Galicia, e ímolo seguir facendo, sexa cal sexa o goberno que saia das urnas: que se repartan os fondos Next Generation e que se faga de maneira competitiva, en concorrencia competitiva, entre todos os proxectos de todas as comunidades autónomas. E, desde logo, hai que traballar da man das empresas, son o verdadeiro motor da economía e do emprego, para identificar realmente cales son os proxectos nese eido da economía dixital e verde que existen e, polo tanto, para que as convocatorias sexan adecuadas e sexan suficientes para os proxectos que se están poñendo enriba da mesa.

Máis nada.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da lexislación vixente no caso da mina de San Fins, en Lousame

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Rosana Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

¿Como non imos confiar nel, se levamos moitos anos confiando?!», dicía o agora candidato Feijóo o mesmo día que o seu exdirector xeral de Minas, Bernardo Tahoces, tiña que declarar no Xulgado de Noia. Un alto cargo da Xunta que a propia Fiscalía de Medio Ambiente sinalou por presunto delito de prevaricación ambiental, e agora, imputado, xunto con outros funcionarios do seu departamento, por presunta falsidade en documento público no longo e turbio procedemento da mina de San Fins, no concello de Lousame. Un señor que tamén fora investigado por outro delito de prevaricación ambiental no caso da autorización da reapertura da mina de Varilongo, caso no que algún deputado do Partido Popular desta Cámara tamén fora citado pola Fiscalía. «¿Como non imos confiar nel?», dicía o candidato Feijóo, cando falaba dun director xeral de Minas que deixou as presas de residuos mineiros de San Fins fóra do proxecto de restauración; unhas presas de residuos que se recollían nun informe, non como balsas de residuos industriais, senón como parte dunha central hidroeléctrica que non existía, e onde a máis grande ten 50 metros de longo e 14 de alto, que pecha un val fluvial cun dique de contención e que se quixo facer pasar por un pequeno muíño.

A Audiencia Provincial vén agora de reabrir as dilixencias penais contra o exdirector xeral de Minas e outros funcionarios, que negaron que fose necesario someter a explotación mineira a unha avaliación de impacto ambiental e que mentiron sobre a natureza e antecedentes das presas de residuos mineiros de San Fins e sobre a existencia de vertidos contaminantes. Exactamente as mesmas irregularidades que os colectivos veciñais e entidades sociais da zona levan anos e anos denunciando; as mesmas que o BNG leva anos denunciando nesta Cámara e as mesmas que o Partido Popular e a Xunta de Galiza levan anos non só desouvindo e desatendendo, senón que aínda hoxe continúan permitindo.

¿Por que, señora conselleira? ¿Por que seguen sen cumprir e sen facer cumprir a lei no caso do complexo mineiro de San Fins? ¿Van ter en conta a reapertura desas dilixencias penais para actuar de oficio e de urxencia dunha vez?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta da conselleira de Economía, Industria e Innovación.



A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza):
Grazas, presidente.

Señora Pérez, realmente resulta sorprendente a imprudencia que se pode chegar a ter, investida da condición de deputada, para poñerse aquí e erixirse en xuíz dunha cuestión que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, acaba de dicir —literalmente— que o director xeral e os funcionarios mentiron, nunha cuestión que se está tramitando en sede dun xulgado. E vostede vén aquí e di que mentiron. Se mentiron ou non verase unha vez que ese procedemento saia á luz, digo eu; ¡digo eu!

Ben, as persoas sobre as que vostede está falando son funcionarios públicos e empregados públicos. Eu creo sinceramente que merecen un respecto. E o tendencioso da súa intervención, dende logo, creo que si lles falta ao respecto. Vostede sabe perfectamente —pero perfectamente— que ese proceso xudicial, polo suposto delito ambiental, foi archivado; pero sábeo perfectamente. E vostede sabe tamén perfectamente que ese proceso por falsidade en documento público tamén foi archivado, como sabe perfectamente —porque por iso entendo que trae aquí a pregunta— que, agora mesmo, se reabriu por unha cuestión procesual relativa a que non estaban feitas as declaracións; non se tomaron as declaracións.

E sabendo todo isto, vén aquí dicir que estas persoas mentiron. Co cal, realmente lle digo que o exercicio de imprudencia que está levando aquí, e a falta de respecto cara a estas persoas, parécenme sinceramente pouco dignos dunha persoa que é deputada nesta Cámara. E non o entendo; non o entendo, porque vostede sabe perfectísimamente que están arquivados os dous procedementos. E sabéndoo, trae esta pregunta aquí.

Ben, «en canto á tramitación, xa imos actuar de oficio». ¿De oficio respecto de que? Agora mesmo hai unha autorización de vertido de Augas de Galicia; autorización de vertido que ten actualmente 18 condicionantes; condicionantes que ten que cumprir a empresa. Se non se cumpren, poderán iniciar todos os procedementos que teñan a ben. Esta autorización de vertido non se refire á actividade mineira. Vostede sabe que, despois, ten que haber un proxecto de explotación, e que ese proxecto de explotación terá a correspondente tramitación ambiental.

Co cal, non entendo moi ben que relación está poñendo vostede entre a autorización de vertido actual e o proxecto que aínda non foi presentado e toda esa cantidade de faltas de respecto e de falta á realidade xudicial que vostede acaba de manifestar aquí.

Rógolle, por favor, que agora mesmo, cando me conteste, me diga se sabía ou non que estes dous procedementos foron arquivados, os dous: o medioambiental e o de falsidade documental; se sabía ou non que, efectivamente, se abriu exclusivamente porque non estaban tomadas as declaracións; e se, aínda sabendo isto, vén aquí facer esas manifestacións sobre un director xeral e dous funcionarios públicos. Porque de verdade que teño auténtica curiosidade por sabelo.

Polo demais, continuamos, dende logo, co compromiso firme que temos, por manter a actividade mineira como actividade económica e, por suposto, polo respecto ao medio am-



biente. Non sei se vostede sabe que hai máis de 11.000 empregos vinculados á minería, que o 97 por cento dos titulares dos dereitos mineiros son pemes e que o 95 por cento das empresas vinculadas á minería...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): ...teñen sede en Galicia.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Imprudencia revestida de conselleira é a súa, por seguir defendendo aquí unha empresa que, informes oficiais deses funcionarios que vostede tanto di defender —non destes que están investigados, doutros— da Xunta de Galiza, de Augas de Galiza, din taxativamente o que se necesita para dar esa autorización de vertidos, e vostedes non o cumpren. (*Aplausos.*)

Imprudencia é a súa —já a súa!—, vestida de conselleira, cando acaba de dicir aínda agora mesmo que, efectivamente, existe unha autorización de vertidos con 18 condicionantes, cando xa se están incumprindo varios deses 18 condicionantes, entre eles, señora conselleira, o de remate das obras, que estaba previsto para o 1 de xullo, e non hai nada comezado, nada máis que unha explanada e uns tubos, e vostede vén aquí dicir que os demais lle faltamos ao respecto. Respecto, señora conselleira, é o que debería ter vostede, (*Aplausos.*) non por min mesma, señora conselleira, que tamén, senón polos miles de persoas que levan anos sufrindo a súa deixación de funcións, a deixación de funcións do Goberno galego neste tema, e que levan permitindo que miles de persoas, non só as que viven directamente da ría, senón as que viven indirectamente en toda a comarca —que esas si que son miles de persoas—... Igual que vostede fala dos once mil postos de traballo que proporciona a minería en Galiza, eu fálole de moitos máis miles de postos de traballo que proporciona a ría de Muros e Noia en só unha comarca galega. Porque non sei se sabe que a ría de Muros e Noia é, precisamente, unha das máis produtivas do país.

Pois, polo tanto, non poña vostede o carro diante dos bois, cingase ao que lle estamos preguntando, por favor, e non nos repregunte a nós, porque realmente vostede é a conselleira e é quen ten que responder.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Pече da pregunta, conselleira de Economía, Industria e Innovación.



A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza):
Grazas, presidente.

«Cíngase ao que lle estamos preguntando». (A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Claro que está a pregunta por escrito. Toda a súa primeira intervención —no 90 por cento— xirou en torno a uns procedementos xudiciais, ao director xeral e a funcionarios públicos. Eu estou tratando de dialogar con vostede en relación co que vostede está preguntando, pero agora iso xa non interesa; agora xa non falamos deles.

Vostede acaba de facer unhas afirmacións —que constarán no *Diario de Sesións*— onde di claramente —e agora non se acaba de retractar— que estas persoas mentiron. Eu preguntille se sabía que estaban arquivados os procedementos, e deduzo que o sabe, pero parece que aínda así lle interesa traer aquí este tema. (*Murmurios.*)

En calquera caso, coherencia do BNG: «é compatible a actividade mineira co respecto medioambiental, coa creación de postos de traballo e coa creación de riqueza.» ¿Sabe quen dixo isto? O conselleiro do BNG, Fernando Blanco, *Diario de Sesións* do 27 de novembro de 2007. ¿Sabe con base en que estamos nós autorizando e facendo os proxectos mineiros posibles? Grazas a unha Lei de ordenación mineira de Galicia que promoveron vostedes. (A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Si, señor; si, señor.

O señor PRESIDENTE: Señora Pérez Fernández, por favor, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza):
¿Fixeron vostedes algo en relación coa mina á que se refiren? Non, todo o contrario

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Pérez Fernández, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza):
¿Sabe o que fixeron vostedes durante o tempo do Bipartito? Autorizar a venda dos dereitos mineiros desa mina. ¿Sabe o que fixeron vostedes? Pagar 641.000 euros en axudas para desenvolver novas técnicas de explotación de minería subterránea, así como unha planta de tratamento; que eu non o critico, jeu non o critico! O único que lle digo é que vostedes facían e traballaban pola minería de Galicia exactamente igual que estamos facendo dende o Goberno da Xunta de Galicia actualmente. Quizais máis. ¿Por que?, ¿sabe por que? Porque durante ese tempo —catro anos— que vostedes estiveron gobernando deron 77 concesións de explotación de minerais da sección C: —sección á que pertence a minería de San Fins— 11 na Coruña, 23 en Lugo, 22 en Ourense e 21 en Pontevedra; este goberno, en catorce anos, levamos autorizadas 44.

Co cal, creo que con estes antecedentes non están vostedes en situación de vir aquí facer unha emenda á totalidade da actividade mineira, que é o que acaba de facer vostede, e a maiores facer eses xuízos de valor que está facendo vostede aquí, sen despeinarse, en relación cunha serie de persoas. Non teñen en conta a exixencia medioambiental que agora mesmo se exige para dar unha autorización mineira. Non están tendo en conta nin os informes técnicos, nin os traballos, nin os avances logrados para aplicar tecnoloxías máis sostibles e máis seguras.



Repítolle que agora mesmo hai esa autorización de vertidos. Se non se cumpren os condicionantes, non se poderá seguir para adiante. A que lle digo que non bote o carro diante dos bois son eu a vostede; estamos no momento no que estamos: autorización de vertido.

E de verdade que lle digo que revise esas posicións extremistas, que non están xustificadas, e que, dende logo, non me parece tampouco xustificable que para atacar un goberno —por certo, elixido pola maioría dos galegos— se dedique vostede a faltar ao respecto ao traballo de funcionarios públicos, sen sequera esperar o que di a Audiencia.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o novo modelo de competencias profesionais docentes

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Boas tardes, conselleiro.

Un ano máis, e despois duns días de rematar o curso escolar, quero empezar agradecendo o traballo dos docentes, piares fundamentais do sistema educativo galego, formando, ensinando e transmitindo coñecemento. Un ensino galego que conta cun modelo propio, cuns bos resultados, que se caracteriza pola calidade, pola equidade e pola inclusión, e onde os docentes, como actores principais educan, desenvolven habilidades e motivan para aprender.

O seu día a día nas aulas é importante, e para iso é responsabilidade da Administración educativa proporcionarlles as ferramentas necesarias. O seu día a día, o seu labor, está, ao mesmo tempo, en permanente cambio na medida en que a sociedade vai cambiando e evolucionando.

Nese camiño ten que estar a Xunta de Galicia, nese camiño ten que estar a Consellería, da que vostede, conselleiro, é titular. O Consello da Unión Europea refería a necesidade de proporcionar aos docentes as competencias clave que lles permitan ser excelentes na súa práctica, ao tempo que os motive a reforzalas e actualizalas ao longo das súas carreiras. E iso en Galicia sabémolo ben, conselleiro. Xa no ano 2015, e de maneira pioneira, o Goberno galego e a Consellería de Educación, deseñaron un modelo de competencias profesionais docentes como instrumento fundamental para garantir o nivel de excelencia que está a acadar o sistema educativo galego, fortalecendo coñecementos, capacidades e actitudes docentes.

Pero, en oito anos, xurdiron novos retos, e Galicia volve adiantarse; é unha das primeiras comunidades autónomas en revisar o modelo competencial de acordo coas novas necesidades. Cualidades, competencias, habilidades, destrezas que van mudando, cambiando, avanzando da man da transformación social, tecnolóxica e das demandas sociais de futuro. Para ter un bo sistema educativo é preciso uns bos profesionais preparados para afrontar novos retos como a dixitalización, o cambio climático ou cuestións relativas ao benestar emocional.



Nese labor de acompañamento aos docentes, para afrontar os novos retos que reforcen os resultados acadados, referencia non só para España, senón tamén para Europa, e adaptarse á nova realidade educativa social, dende a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades —da que vostede é titular— estanse a desenvolver novas propostas para mellorar a calidade da formación docente.

A Xunta de Galicia defende a calidade e a cultura do esforzo, apostando por procesos de renovación ordenada e consensuada. A Xunta de Galicia, conselleiro, busca garantir a competitividade dos profesionais, deixando atrás modelos tradicionais de ensinanza e desenvolvendo novas competencias docentes.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿como se vai abordar o novo modelo de competencias profesionais docentes? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que vimos de rematar hai moi poucos días o curso académico, e eu tamén quero aproveitar para darlles as grazas e para felicitar a gran comunidade educativa que temos en Galicia, onde a inmensísima maior parte dos profesores, dos docentes, fan un traballo espléndido para poder desenvolver o mellor posible o seu traballo e ser capaces de manter un modelo educativo, como é o modelo educativo galego, que nos últimos anos, afortunadamente, nos ten dado un balance e moitas satisfaccións. Creo que é un sistema educativo tremendamente positivo para o presente, pero sobre todo tremendamente positivo para o futuro.

Foi un curso difícil. Nos seus inicios houbo que implementar unha nova lei educativa, unha nova lei estatal educativa, coas complicitades organizativas que sempre supón. Houbo que facer fronte tamén a unha crise de prezos moi significativa na organización dos centros; e a verdade é que o resultado é positivo. Hai moi poucos días un informe estatal elaborado por dous sindicatos —UGT e Comisións Obreiras— tamén situaba en moi bo posto a Galicia: a terceira comunidade autónoma dende a perspectiva educativa de España; e creo que hai que celebrar este dato, e hai que celebrar tamén e reivindicar o traballo dos docentes, porque grazas ao seu traballo podemos ter unha situación positiva no sistema educativo.

É obvio que unha das claves de todo o proceso é a formación do profesorado; e a formación do profesorado ten que ver coas competencias profesionais docentes. Ser bo profesor hoxe, ser profesor hoxe, non é o mesmo que hai quince, vinte ou trinta anos. As competencias, as habilidades, as destrezas son diferentes porque a sociedade cambiou e cambiou o sistema de aprendizaxe, e, en definitiva, é necesario que haxa unha adecuación constante, unha dinámica constante de adecuación das competencias profesionais docentes, dos profesionais docentes, á realidade social, económica e educativa de cada momento.



Entendemos básico —absolutamente básico— o papel do docente, e debemos actualizar os retos, as competencias e tamén a formación aos retos sociais, aos retos emocionais e aos retos educativos que temos.

Dende marzo Galicia adiantouse, puxo en marcha —despois dun grupo de traballo formado por profesionais do ensino—, un marco competencial docente; é dicir, qué debe facer e qué debe saber un bo profesional docente hoxe. Este documento, elaborado por técnicos, foi tamén compartido, por suposto, cos decanos das facultades de Ciencias da Educación e tamén foi exposto nun congreso onde participaron máis dun milleiro de docentes. Basicamente, o que se busca é mellorar, dar un paso máis na avaliación continua, que supón a avaliación e a mellora do sistema educativo.

Apostamos pola formación permanente, apostamos por unha formación adaptada a cada centro e apostamos por un desenvolvemento da aprendizaxe competencial conforme os novos mandatos da lei. Centrémonos na competencia dixital, no coñecemento dixital...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...na igualdade, na inclusión da educación...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, conselleiro, ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...na educación emocional e nas competencias laborais, e todo isto sempre pensando...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...no beneficio dos estudantes, que é o máis importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, conselleiro, por eses apuntamentos e polo escaso tempo no que se está a impulsar ese novo modelo de competencias profesionais docentes da Xunta de Galicia. Estou segura de que dende a Xunta de Galicia se traballa día a día para que o profesorado de todas as etapas, tamén no seu día a día, estea mellor preparado, mellor formado, diante das demandas actuais e futuras, así como, sobre todo, para impulsar esa conexión e a adecuación entre o sistema educativo, a sociedade e o tecido produtivo. Os docentes deben adquirir e desenvolver ao longo da súa carreira as competencias marco necesarias para esa formación inicial, así como tamén para a formación continua.



É preciso que este modelo —que é hoxe obxecto desta pregunta— tamén vaia acompañado e da man desa oferta formativa acorde e adaptada ás novas necesidades, permitindo aos nosos educadores coñecer e incorporar novas formas de ensinar.

Neste contexto, onde a dixitalización, a innovación e a convivencia constitúen liñas prioritarias, véñse de presentar o novo Plan de formación do profesorado para o vindeiro curso 2023-2024; claro reflexo desa aposta pola continuidade do compromiso do Goberno galego cos retos de futuro, coa xestión tecnolóxica e con aspectos esenciais, como a atención á diversidade.

Estou segura, conselleiro, de que no breve tempo do que dispón profundará nesas liñas esenciais do novo Plan de formación, no reforzo da formación docente, no incremento de prazas, nesa oferta variada, na formación integral dos docentes, na convivencia positiva e no benestar emocional.

Este Grupo Parlamentario Popular non dubida do esforzo do Goberno galego na posta á disposición do persoal e dos recursos precisos para seguir facendo do sistema educativo galego un exemplo de calidade e equidade.

En definitiva, conselleiro, ¿cales son os eixos sobre os que asenta o novo Plan de formación do profesorado?, ¿que aspectos destacaría? e ¿cales son aquelas accións formativas nas que, de xeito especial, incide este plan?

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, como dicía ao remate apresurado da anterior intervención, o marco competencial dos profesionais docentes o que implica é que se traslada ao Plan de formación do profesorado, para dar resposta a unha serie de retos do día a día do sistema educativo, eu ata diría da sociedade; por unha parte, en todo o que ten que ver coa dixitalización, coa igualdade, coa inclusión, coa aposta —é moi importante— na educación emocional, e tamén, por suposto, coa adquisición de competencias laborais.

Todo isto vai ter un reflexo —non nos cabe dúbida— na mellora da calidade educativa, e o máis importante de todo é que as competencias profesionais e o Plan de formación teñen un destinatario, que é mellorar a formación educativa dos nosos alumnos. Ao final, o sistema educativo traballa para que os mozos e as mozas de hoxe, os homes e as mulleres de mañá, os galegos de mañá, teñan as mellores competencias posibles e as mellores oportunidades posibles. E todo isto implicou e implica un cambio; cambiouse con base neste marco competencial todo o Plan de formación do profesorado que todos os anos desenvolvemos en Galicia.



Hai unha actualización, unha renovación, e é que o Plan anual de formación do profesorado o que fixa é unha serie de itinerarios formativos que están enfocados ás melloras das competencias, e ten unha lectura cuantitativa e outra cualitativa. Na cuantitativa —vou poñer os datos que xa foron presentados hai moi pouco tempo— estamos a falar de practicamente 5.800 actividades formativas, un 5 por cento máis que no curso anterior; 120.000 horas de formación, un 7 por cento máis que no ano anterior; 130.000 prazas formativas ofertadas, un 4 por cento máis respecto do curso anterior; e un montante económico superior aos nove millóns de euros de investimento. E o máis importante da perspectiva cualitativa é que se fixan unha serie de liñas estratéxicas, unha oferta estratéxica, pero tamén diversificada e que quere ser equitativa. Apóstase pola visión didáctica, fundamentalmente para os profesionais do novo ingreso, polo mundo dixital —por suposto—, pola innovación, pola convivencia —tremendamente significativa e importante a convivencia—, pola inclusión, polo plurilingüismo e pola atención a colectivos específicos.

Tamén —e vencellado a isto— puxemos en marcha un plan de formación en competencias dixitais. Todo isto, ao final, materialízase nun incremento da formación do profesorado, que, guiado polas competencias clave e guiado polas competencias que se fixan no novo marco profesional docente, ao final trasládase ao alumnado, e é o que pode e posibilita que nos últimos anos os indicadores, tanto cualitativos coma cuantitativos do sistema educativo galego, sexan indicadores de éxito, dos cales temos que estar francamente orgullosos, e niso temos que agradecer o inmenso traballo realizado polos profesionais do sistema educativo que traballan hoxe pensando na Galicia de mañá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaseis deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura dunha vacante no cadro de facultativos do Centro de Saúde de Lousame

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Rosana Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Preguntáballe vostede pola mañá ao señor Torrado: ¿de que precariedade me fala na atención primaria? Eu, con ánimo de colaborar, voulle dar unha pista. O Centro de Saúde de Lousame contaba con tres profesionais de medicina familiar, un dos cales causou baixa por xubilación hai poucas semanas; creo que foi exactamente no mes de maio. Esta persoa foi substituída por outra persoa, pero non foi unha substitución de xeito permanente, senón de xeito —imos dicir— intermitente, porque estivo uns días en Lousame, mandárona a Portosín, logo volveu a Lousame...; ben, intermitente. Nesas días do mes de xuño nos que presentabamos a iniciativa, no centro xa non se estaba dando cita aos pacientes desa profesional porque xa deixara de atender alí. E a información que estaban a recibir os usuarios e usuarias nese momento é,



precisamente, que se ía levar a cabo a substitución do profesional xubilado no mes de xullo. Nós supoñemos que é polo incremento de poboación nestas datas estivais.

Ben, deste xeito, os arredor de mil catrocentos pacientes asignados a ese profesional, e logo á súa substituta intermitente, están repartidos entre os outros dous médicos do centro, que á súa vez teñen outros tantos cada un deles. E, segundo parece, aínda que as previsións e a información que se lles estaba dando aos usuarios e usuarias era que se ía cubrir no mes de xullo, pois, segundo parece, na actualidade, non vai ser cuberto durante o verán, igual que se vén facendo durante moitos anos nas substitucións de vacacións.

Esta é toda a información que tiñan os pacientes dese centro de Lousame, e os pacientes dese médico en concreto.

A falta dun médico de familia, dos tres que deberían prestar servizo no centro de saúde, está a provocar importantes atrasos nas citas e cambios constantes para os usuarios e usuarias; está a supoñer, ademais, un maior esforzo e sobrecarga para os dous profesionais restantes. A consecuencia é unha peor calidade asistencial e, en definitiva, unha deficiente atención sanitaria á poboación.

Por iso, preguntámoslle, señor conselleiro: ¿cando vai cubrir a Xunta de Galiza a praza do facultativo que se xubilou recentemente no centro de Lousame nas mesmas condicións nas que se mantiña até ese momento?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Pérez, ¡menuda pista me deu vostede! A xubilación dun profesional, ¿é precariedade? Moi ben.

Empezamos mal, ademais, a pregunta, cando no seu enunciado infla os datos, tanto da poboación de Lousame como dos cupos dos diferentes médicos. Mire, voulle dar o dato: non son 1.400; son 1.070 os pacientes que atende este profesional «precario» xubilado. Dende o 6 de xuño —data en que se xubilou este precario— o cupo dun dos médicos de familia —como dicía, e dicíao vostede tamén— está sendo atendido de maneira parcial por outra médica do Servizo de Atención Primaria de Noia, do que forma parte o Centro de Saúde de Lousame. A asunción deste cupo está facendo que no día de hoxe a asistencia sanitaria no Centro de Saúde de Noia funcione correctamente, estea tranquila. Noia funciona correctamente. Exemplo diso é que a demora dos tres médicos, dos tres cupos, é inferior a dous días, e nalgún caso a un día. Co cal, a nivel de demora, estea tranquila que os pacientes son atendidos en dous días ou nun, respectivamente.



Dito isto, somos conscientes de que aínda que a situación está controlada —e grazas, por suposto, aos outros dous médicos e á persoa que está indo de Noia a cubrir esa ausencia—, pois non é óptimo, evidentemente, e gustaríanos ter tres médicos, e non precarios, senón con praza en propiedade, pero, como acaba vostede de explicar, este médico xubilouse no mes de maio.

Ben, o problema é que existe na actualidade, na cobertura das prazas, algo que vostede saberá, que é que non hai médicos substitutos, que non hai médicos para contratar; polo tanto, é difícil cubrir as IT e é difícil cubrir, neste caso, unha xubilación de hai menos dun mes.

Esta escaseza converteu a cobertura de determinadas prazas nunha tarefa complexa; por iso, atopámonos na procura de médicos de familia, tanto para substituír —como dicía— os profesionais que están de IT como para cubrir estas situacións como a xubilación recente deste facultativo. Todo isto xa o expliquei en reiteradas ocasións en anteriores intervencións, onde me preguntaban polo mesmo feito; pero en diferentes centros de saúde de Galicia, cando un médico se xubila, non o substituímos de forma inmediata, porque non os hai.

Saben de boa man que o motivo de que non se cubran estas xubilacións é por este déficit de médicos de familia, igual que saben que cando atopamos un médico cubrimos as vacantes de maneira inmediata. Pódeo comprobar a uns quilómetros de Lousame, en Catoira, onde o médico se xubilou en maio e en xuño xa se estableceron diferentes mecanismos para cubrir o cupo vacante, primeiro días puntuais e logo todos os días da semana.

Polo tanto, señoría, imos continuar traballando na procura dun médico que cubra a praza do facultativo que se acaba de xubilar e para que o Centro de Saúde de Lousame cubra esa vacante. En todo caso, dígolle que agora mesmo estamos funcionando igual que o verán pasado, cando este médico collía vacacións. E sempre é bo agradecer o traballo dos outros dous médicos do Centro de Saúde de Lousame.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a xubilación non é precariedade, non; a xubilación, non. Pero non cubrir a xubilación é precariedade. (*Aplausos.*) É que, claro, vostede necesita a frase enteira. Non ten nada de intuición, ¡nada!

Ben, dime vostede que eu estea tranquila. Eu estou tranquilísima, señor conselleiro, se non fose porque hai, neste momento —imos poñer que os datos que vostede acaba de dar, que é o conselleiro, son os certos—, máis de mil persoas que non teñen médico asignado e que están distribuídos entre outros dous profesionais. Entón, se non fose por iso, eu estaría tranquila, pero eu non podo estar tranquila porque hai persoas —máis de mil; en todo caso, máis de mil— que non teñen médico asignado neste momento.



Fala vostede —e tampouco é correcto, imos ver se, en todo caso, utilizamos as frases e as palabras correctas— de que como moito hai unha demora de dous días. Señor conselleiro, non sei se sabe que hoxe se pediron citas no centro de Lousame —hoxe, día 5 de xullo— para ese médico que non existe, e porque existe precariedade non está cuberto cun substituto ou substituta, e déronlle para o día 13. ¿Cantos días hai de aquí ao día 13?, ¿dous? Hai dous, segundo o conselleiro de Sanidade. Ben, iso é precariedade, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

En todo caso, non me respondeu vostede á pregunta. Eu fíxenlle unha pregunta moi concreta; só se trata de responderme a cando —cando, adverbio de tempo— vai cubrir a Xunta de Galiza a praza do facultativo que se xubilou, que non foi cuberta nas mesmas condicións e que segue sen ser cuberta nas condicións nas que estaba o médico xubilado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Por parte da Consellería de Sanidade traballamos, como dicía, para dar unha atención sanitaria de calidade, cos recursos dispoñibles e sempre garantindo o mellor para os pacientes e para os profesionais. Somos conscientes da escaseza de médicos de familia —vese que só uns, outros non— e que iso provoca que a cobertura de determinadas prazas sexa unha tarefa complexa, o que fai que a Consellería de Sanidade estea sempre na procura de profesionais para substitucións.

O noso obxectivo é garantir en todo momento que os galegos reciban a mellor atención sanitaria posible, e considero que ata agora así o fixemos, polo que non se nos pode imputar un exercicio de inacción. Só no último ano acordamos de maneira unánime cos sindicatos unha serie de melloras retributivas en atención primaria, aprobamos unha lei que habilita convocar prazas por concurso de méritos, co seu voto en contra, e hai unha semana o Consello da Xunta aprobou unha serie de melloras retributivas para o traballo en todo o Sergas.

Trataremos de dar cobertura, por suposto, ás vacantes coa maior dilixencia posible, sen ningunha dúbida, pero ás veces prodúcense demoras polas circunstancias que lle comentei na miña primeira intervención, que parece que non escoitou. Ogallá fósemos tan rápidos coma vostedes, porque en canto o médico xubilado sae pola porta do centro de saúde xa están rexistrando unha iniciativa pedindo a cobertura da praza; que me parece ben: eficiencia, efectivamente.

Afortunadamente, a atención primaria, neste caso a atención sanitaria no Centro de Saúde de Lousame, realízase de maneira correcta. Volvo insistir, tivemos tres médicos cubrindo esa atención, os dous que están e unha persoa que ía cubrir esa ausencia, e volverá haber unha persoa que cubra esa ausencia mentres non topamos outro facultativo que poida cubrila.

Se nos deixan un pouco máis de tempo para organizar a atención, verán de primeira man como solucionamos o problema. Vai chegar un día en que acabarán vostedes pedindo que se



cubra a praza dun médico que se vai xubilar, cando, ao mellor, non se xubila. En todo caso, aproveitando, pena que vostede onte na PNL que presentou o Partido Popular pedindo mil prazas máis de médicos de familia votase en contra ou se abstivera de que se modificasen os criterios das unidades docentes para poder formar máis médicos de familia. É unha pena que vostedes, neste caso, non estean apoiando o Goberno para ter máis médicos de familia, feito que nos permitiría que esta situación se resolvese o máis axiña posible. En vez de esperar dende maio ata agora, poderíamos tela resolto no momento inmediato.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2001, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde, conselleira.

A definición das características que debe reunir unha unidade familiar para ser considerada monomarental ou monoparental correspóndelle —como ben sabe— a cada comunidade autónoma, que debe establecer os requisitos necesarios para obter esa condición. Este é o paso previo: definir que é unha familia monomarental. Pero, claro, para facer eficaces as políticas dirixidas a estas familias é esencial definir non só a súa tipoloxía, senón tamén coñecer cantas familias monoparentais existen no noso país e cal é a súa situación; e para iso sería magnífico poder contar cunha ferramenta como o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia, polo que este Grupo Parlamentario Socialista ten preguntado nesta lexislatura en innumerables ocasións.

¿E por que preguntamos tantas veces? Primeiro, pola preocupación que temos no Partido Socialista acerca dun modelo familiar cada vez máis numeroso, conformado, por certo, en máis dun oitenta por cento por mulleres e en boa parte nunha situación moi precaria e tamén de desigualdade con respecto a outros modelos de familias.

Por iso, dende o Grupo Socialista entendemos que para que non exista unha maior discriminación con outras familias e tamén esa revitimización ou esa rediscriminación ou segunda discriminación das mulleres, as políticas do Goberno galego deberán pór o foco noutros modelos familiares, estes que foxen dos tradicionais.

E a segunda razón de que preguntemos tanto é porque a creación deste rexistro está recollida na Lei galega de impulso demográfico, na súa lei, esa aprobada en febreiro do ano 2021 e que fixaba un prazo de seis meses dende a súa entrada en vigor —repito, febreiro— para elaborar ese rexistro; seis meses, e van xa vinte e nove, conselleira, ¡van xa vinte e nove! Dous anos dun novo incumprimento das súas leis. ¿As razóns, ou, mellor dito, as excusas? Incontables, tamén. No ano 2021 —nese ano— anunciaron tres veces que xa estaban traba-



llando no decreto, algo que non era certo; ademais, nun decreto que non só era para a creación do rexistro, senón tamén para regular de maneira completa a condición de familia monomarental. Xa no ano 2022, concretamente en agosto, contestaban a outra pregunta deste grupo parlamentario que o decreto xa estaba a piques de ser rematado logo de someter o borrador a consulta pública. Pero, catro meses despois, xa non podían aprobar este decreto. ¿Por que? Porque era necesario que o Goberno central avanzase na elaboración da Lei estatal da diversidade familiar e así evitar conflitos entre as dúas normativas.

Pero, claro, tal e como xa explicou, por exemplo, a Asociación Nais Solteiras por Elección, isto non foi un impedimento para modificar os criterios, por exemplo, de acceso ao certificado de familia monomarental.

Entenda, señora conselleira, que esta situación non é en absoluto seria, e nós hoxe aquí o que lle pedimos é que, por favor, nos explique se pode, dunha vez por todas, comprometer unha data de aprobación para ese necesario Rexistro de Familias Monomarentais.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Díaz, permítame que, cando menos, me chame a atención a súa présa agora polo cumprimento das medidas que recolle a Lei de impulso demográfico. Sorpréndeme, a verdade, pero, ademais, sorpréndeme moito, porque o Partido Socialista de Galicia votou en contra da aprobación da Lei de impulso demográfico, e fíxoo precisamente nesta mesma Cámara galega. E, ademais, se por vostedes fose, aínda no día de hoxe estaríamos agardando para materializar calquera das medidas que recolle esta Lei de impulso demográfico.

Pero, en calquera caso, e como vostede apunta na súa pregunta, o Goberno galego recoñeceu xa no ano 2011 todas as familias monomarentais como familias de especial consideración. Pero, posteriormente, e a través desa Lei de impulso demográfico, ampliamos o seu concepto a aquelas familias, a aquelas mulleres ou a aqueles homes con custodia compartida —con custodia exclusiva— que reciben ou non compensación económica para o sustento dos seus fillos; unha casuística que, ademais, afecta a gran maioría das familias monoparentais e que permitiu quintuplicar o número de certificados emitidos ata superar xa no día de hoxe os 2.800.

Precisamente, o compromiso que temos dende o Goberno galego con todas estas familias non se deixou de intensificar en todo momento, e foi durante os últimos meses cando máis estivemos traballando na elaboración dun decreto que lles ofrezca máis seguridade xurídica. Un documento que é necesario para detallar os requisitos e tamén os medios de acreditación



para o recoñecemento dunha familia monoparental. É un documento, ademais, imprescindible para establecer un único procedemento para o acceso a posibles beneficios de todas estas familias.

Pero foi durante o proceso de elaboración deste decreto cando nos atopamos coa noticia de que o Goberno central estaba a elaborar unha lei de familias; unha lei de familias que, segundo soubemos —polos medios de comunicación, iso si—, afectaba tamén as familias monoparentais; unha lei que, ao contrario da galega, non contempla esas nais nin eses pais que teñen custodia exclusiva e que reciben unha retribución económica para o sustento dos seus fillos, o que nos obrigaría a suprimirlles o certificado a máis de dúas mil familias galegas.

Pero dende o Goberno galego actuamos en todo momento con prudencia e agardamos a saber que acontecía finalmente con esta normativa; que non tiñamos razón, porque no día de hoxe, 5 de xullo do ano 2023, esa lei foi paralizada pola convocatoria de eleccións, e eu espero que xa nunca máis vexa a luz. Esa é, precisamente, a estabilidade que lles ofrece o Partido Socialista a todas esas familias monoparentais.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señora conselleira, vote o que vote este grupo parlamentario, vostedes teñen que cumprir a lei, iso espero que quedara claro; (*Aplausos.*) vote o que vote, vostedes teñen que cumprir a lei.

Pero xa o dixen na miña primeira quenda, señora conselleira, escusas e máis escusas, por non dicir mentiras e máis mentiras, comezando tamén por ese mantra seu de —e así nos contestan sempre que lle preguntamos por esta cuestión— que están en permanente contacto e colaboración con entidades representativas do colectivo de familias monoparentais para informalas da tramitación dese decreto. Sabe vostede ben que non é certo; sabe vostede ben que iso non é certo, moi ao contrario. Esas entidades que si participaron nesas alegacións a ese borrador de decreto queren ser tidas en conta, pero hoxe, e dende hai moito tempo, non saben absolutamente nada dese decreto, pero tampouco da súa conselleira. Por iso estamos nós hoxe aquí.

Porque, mire, é necesario que aproben dunha vez por todas o rexistro, e, por certo, tamén o plan de apoio, que están obrigados por lei tamén a aprobar ese plan de apoio. Levamos anos de atraso e estas familias non poden agardar máis.

É gracioso e, ao final, señora conselleira, xa sabía eu que lle ía contestar o mesmo. Mire, tira outra vez dese argumentario que teñen. Volve hoxe reforzar a idea desa lei estatal como impedimento que empregaron, como escusa, todo este ano, cando, fíxese que curioso é que os seus compañeiros de Murcia —imprudentes, non sei se sabe vostede quen goberna alí— si puideron facer unha lei sobre familias monomarentais en pleno proceso de tramitación da lei estatal; xustamente os seus compañeiros do Murcia.



Pero, mire, xa, se quere, tamén lle poño outro exemplo, como foi o Goberno socialista de Asturias, que tamén aprobou un decreto no mes de abril, precisamente, sobre a mesma cuestión. E, ademais, dígolle máis, o decreto de Asturias ten unha definición de familia monomarental moi semellante á galega, señora conselleira, por non dicir exactamente igual. Así que a ver que explicación nos pode dar vostede hoxe de por que non existe... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez):

Grazas, presidente.

Señora Díaz, a Xunta de Galicia vai seguir traballando da man de todas esas organizacións de familias monoparentais para elaborar un decreto e crear ese Rexistro de Familias Monoparentais, pero comprenderá vostede que o sensato e o prudente é facelo cando haxa unha mínima seguridade xurídica, que ata estes momentos non hai, e comprenderá tamén que a falta de seguridade xurídica non é culpa da Xunta, senón que é culpa dun Goberno central que, por todas as súas liortas internas, non foi capaz de aprobar esta lei a tempo.

Fálame vostede dos compañeiros de Murcia ou Asturias. Pois os compañeiros de Murcia de Asturias, cando haxa unha lei a nivel nacional, deberán outra vez volver tramitar unha normativa autonómica e terán que volver modificar os seus respectivos decretos. Pero dende a Xunta de Galicia o que imos facer é continuar escoitando todas as organizacións de familias monoparentais, e imos seguir recollendo as súas opinións e as súas suxestións.

Froito, precisamente, dese exercicio de escoita, vimos de ampliar a vixencia de todos os certificados de familia monoparental, que pasarán a ter dous anos de validez. Deste xeito, imos continuar poñendo á disposición de todas as familias monoparentais de Galicia máis facilidades para acceder aos centros educativos, ás escolas infantís e para que tamén teñan que pagar cada vez menos para ir aos distintos campamentos de verán.

Dende a Xunta de Galicia e dende o Goberno galego imos seguir estando sempre ao carón de todas as familias, sexan da tipoloxía que sexan, e, dende logo, na nosa comunidade, van seguir tendo sempre o mellor lugar para vivir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Remata aquí o pleno e tamén o período de sesións.

A min gustaríame dicirlles que oxalá poidan descansar, pero creo que vai ser moi difícil. *(Risos.)* Si, porque nos queda moito traballo, e tamén hai outro traballo que empeza mañá.

Entón, nada, sorte a todos e nada máis. Voltaremos vernos.


Remata a sesión ás cinco e corenta e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pardo López, Adrián	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Daniel	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pérez López, Noelia	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
9. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	47. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Porro Martínez, María Corina	(P)
11. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	49. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Prado del Río, Paula	(P)
13. Candia López, María Elena	(P)	51. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
14. Carballo Páez, Ramón	(P)	52. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
15. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro García, Daniel	(BNG)	54. Regueiro Fernández, José Luis	(P)
17. Castro Rey, Paloma	(S)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Conde, Ángel	(P)
22. Fernández Davila, María Cristina	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. Gómez Salgado, Carlos	(P)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Abella, María Susana	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. López Sánchez, Rosalía	(P)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Lourenzo Moura, Diego	(BNG)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Mouzo Mas, Paula	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Varela Fernández, Katherinie	(P)
36. Ojea Arias, Eduardo	(S)	74. Vereja Fraiz, Borja	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vilela Riveiro, Sandra	(P)
38. Otero Lago, Noelia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

